

Historia de

España



2º Bacharelato

IES FONTEXERÍA

CALENDARIO DE EXAMES

1^a AVALIACIÓN	1º PARCIAL	2º PARCIAL	RECUPERACIÓN
2º AVALIACIÓN	1º PARCIAL	2º PARCIAL	RECUPERACIÓN
3º AVALIACIÓN	1º PARCIAL	2º PARCIAL	
PROBA FINAL			

Nas 3 evaluacións realizaranse dous parciais, non se fai media con menos de 3 e respéctanse os exames aprobados sendo obxecto de recuperación só os suspensos no caso de que a nota media non sexa 4,5 ou superior, nese caso se consideraría superada a evaluación. A nota máxima que se pode acadar nos exames é de 9 puntos. O comportamento na aula, o traballo desenvolvido na mesma e a actitude cara aos compañeiros e profesor cualificaranse co máximo de 1 punto e complementan a nota final.

Na 3^a evaluación non hai recuperación pasando a cualificación das dúas probas a facer media coas do resto do curso para determinar a nota final

Procederase á realización de probas de recuperación dos parciais suspensos ó comezo da seguinte evaluación, dita proba cualificarse sobre 10 puntos (Cando se supere a proba de recuperación está computará a efectos da media final do curso como 4,5, independentemente da puntuación superior obtida). No caso de non superar os mínimos esixibles da materia procederíase á realización dunha proba final na evaluación extraordinaria con toda a materia, tamén cualificada sobre 10 puntos.

RELACIÓN DE CONTIDOS

1ª Avaliación		
	Preguntas a desenvolver nunha cara de folio.	Termos a definir (5 liñas máx.)
Bloque 1 <u>Prehistoria e Historia Antiga.</u> 1ª Av. 1º parcial	<p>1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).</p> <p>2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)</p> <p>3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).</p> <p>4. A monarquía visigoda (organización política).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aula Regia • Bárbaros • Castro • Conventus • Economía predadora • Guerras cántabras • Megalitismo
Bloque 2: <u>Historia Medieval</u> 1ª Av. 1º parcial	<p>5. Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).</p> <p>6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).</p> <p>7. O Réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Carta de poboamento • Manso • Marca Hispánica • Mesta • Mozárabe • Presura • Taifas
Bloque 3: <u>Séculos XVI-XVII</u> 1ª Av. 2º parcial	<p>9. A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).</p> <p>10. A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandres, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).</p> <p>11. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía).</p> <p>12. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Converso • Gran Armada • Mourisco • Terzos • Unión de Armas • Valido • Xuntas do Reino de Galicia

Bloque 4: <u>Século XVIII</u>	<p>13. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht)</p> <p>14. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.</p> <p>15. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>16. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Antigo Réxime • Catastro de Ensenada • Decretos de Nova Planta • Despotismo Ilustrado • Motín de Esquilache • Paz de Utrecht • Regalismo borbónico
---	---	--

2ª Avaliación

	Composición de texto histórico	Termos a definir (5 liñas máx.)
Bloques 5-8: <u>Século XIX</u>	<p>1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).</p> <p>2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p> <p>4. A construcción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas).</p> <p>5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</p> <p>6. A I República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p> <p>7. A Restauración (retorno da monarquía; constitución de 1876 e vida política).</p> <p>8. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.</p> <p>9. A reforma agraria liberal: as desamortizacións</p> <p>10. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.</p> <p>11. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Afrancesados • Abdicacións de Baiona • Caciquismo • Cantonalismo • Desamortización • Encasillado • Estatuto Real • Ludismo • Manifesto dos Persas • Manifesto de Sandhurst • Pragmática Sanción de 1830 • Pronunciamento • Pucheirazo • Rexeneracionismo • Sistema de quenda • Sufraxio censatario e universal • Tratado de Valençay • Unión Liberal

3ª Avaliación		
	Composición de texto histórico	Termos a definir (5 liñas máx.)
Bloques 9-12: <u>Século XX</u> <u>3º Av</u> <u>1º parcial 12/18</u> <u>2º parcial 19/22</u>	<p>12. A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista).</p> <p>13. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.</p> <p>14. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).</p> <p>15. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).</p> <p>16. As grandes reformas da República.</p> <p>17. A Guerra Civil (sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional).</p> <p>18. O franquismo: características e institucionalización.</p> <p>19. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.</p> <p>20..O franquismo: política económica.</p> <p>21. A Transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978.</p> <p>22. A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Agrarismo • Bienio Negro • Brigadas Internacionais • CEDA • Contubernio de Munich • Desastre de Annual • Directorio Militar • Expediente Picasso • FAI • FET das XONS • Frente Popular • Lei para a Reforma Política • Lexión Cóndor • Nacional-catolicismo • Pacto de San Sebastián • Pactos da Moncloa • Plan de Estabilización • Plataxunta • Sanjurjada • Sección Feminina • Semana Tráxica • Sindicato vertical • UCD • Unión Patriótica

CARÁCTERÍSTICAS DA PROBA DA ABAU DE H^a DE ESPAÑA

ESTRUTURA PROBA H^a DE ESPAÑA ABAU 2020/21.

Mantéñense as premisas de partida: o modelo de exame debe ser único (sen opcións A e B) e ningunha parte do exame pode ser obligatoria. En consecuencia, o exame da materia manterá a estrutura do ano pasado:

-4 preguntas, para elixir 2:

-1 pregunta teórica articulada en dúas partes (definición de termos + desenvolvemento dun tema)

-3 composicións de texto histórico.

Aínda que o modelo xeral do exame non experimenta cambios con respecto á ABAU 2019, as súas especificacións axústanse nalgúns casos, tal e como se indica a continuación.

Definición de termos: -Mantense a oferta de 8 termos para elixir 4 (cada un deles con valor de ata 0,5 puntos) -Modifícase o reparto entre bloques de contido, de maneira que se ofrecerán 4 termos de época precontemporánea e 4 termos de época contemporánea (2 do século XIX, 2 do século XX).

A extensión recomendada é dun máximo de 5 liñas. Para que a resposta se considere perfecta e merecedora dun 10 (0,5 puntos), deberá alcanzar o nivel máximo de cualificación nos parámetros de coñecementos e redacción e non superar as 5 liñas de extensión.

Tema a desenvolver: -Mantense a oferta de temas, que pasan de 3 a 4, para elixir 1 (cada un deles con valor de ata 3 puntos) -Mantéñense as especificacións dos tres primeiros (temas dos bloques 1 ao 4, de bloques distintos e cunha distribución aleatoria). O tema engadido a maiores será dun bloque repetido, é dicir, se temos 3 temas dos bloques 2, 3 e 4, o tema a maiores nunca vai a ser do bloque 1.

A extensión recomendada é dun máximo de 40 liñas. Para que a resposta se considere perfecta e merecedora dun 10 (3 puntos), deberá alcanzar o nivel máximo de cualificación nos parámetros de coñecementos e redacción e non superar 40 liñas de extensión.

O sistema de penalizacións por exceso de liñas substitúese polo criterio único de **NON VALORAR A PARTE DA RESPOSTA QUE EXCEDA DA EXTENSIÓN FIXADA.**

Composición de texto histórico: -Mantense a oferta de tres composicións, dado que non é posible poñer 2 (é necesario incrementar as opcións) nin poñer 4 (non hai espazo na maqueta do exame). No presente curso, a publicación das especificacións de exame no mes de outubro permite manter un reparto das composicións máis equilibrado e axustado ao modelo orixinal: -1 composición do século XIX -1 composición do século XX -1 composición de cronoloxía aleatoria (do século XIX ou do século XX).

A composición constará dun máximo de tres documentos, podendo tratarse só de textos ou de textos e unha pequena táboa. Algún deses documentos poderá referirse eventualmente á realidade galega.

Orientacións sobre a Interpretación da rúbrica da Composición de texto histórico.

As rúbricas inclúen tres parámetros de valoración: nivel de coñecementos (contidos), capacidade de análise (uso dos documentos) e capacidade de expresión (redacción).

O nivel de coñecementos valora a inclusión na redacción de contidos teóricos que teñan relación cos documentos e expliquen as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “cuestións a atender”. Para iso, a redacción deberá referirse aos seus antecedentes, o contexto político, económico ou social no que se inscriben, as súas características más salientables, os protagonistas más relevantes (de ser o caso), as súas consecuencias ou efectos futuros...

Para alcanzar o **aprobado** neste apartado o alumnado deberá:

- ofrecer unha explicación básica dos aspectos sinalados no encabezado da composición como “cuestións a atender”

Para alcanzar **o notable** neste apartado, ademais do anterior, o alumnado deberá:

- ofrecer unha explicación extensa das “cuestións a atender”

Para alcanzar **o sobresaliente** neste apartado, ademais do anterior, o alumnado deberá:

- ofrecer unha explicación en profundidade das “cuestións a atender”, engadindo precisións pertinentes sobre o tema do que versan os textos.

O uso dos documentos valora a utilización dos documentos como fonte histórica, tendo en conta que o exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade partindo dos documentos, a información que os acompaña e os coñecementos do alumnado.

Usar os documentos non significa parafrasealos (volver a copialos). A redacción dun texto que se limite a repetir o que din os documentos será cualificada como suspensa, do mesmo xeito que a elaboración dunha resposta puramente teórica.

Para alcanzar o **aprobado** neste apartado o alumnado deberá:

- citar os documentos na redacción, facendo unha alusión simple ós mesmos (por ex.: “como di o documento 1”) ou ben empregando unha frase significativa do documento (por ex.: “esperábase que a construcción do ferrocarril facilitara a articulación do mercado interior, como indica documento 3 ó sinalar *A inauguración do ferrocarril a Aranxuez* é o

primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar) (composición sobre os principais sectores industriais da ABAU de setembro de 2018).

Para alcanzar o **notable** neste apartado, ademais do anterior, o alumnado deberá:
-analizar parte do contenido dos documentos (destacar e explicar algunha das ideas que figuren neles).

Para alcanzar **o sobresaliente** neste apartado, ademais do anterior, o alumnado deberá:

-afondar nas ideas recollidas nos documentos e ter en conta os intereses ou obxectivos que se defenden nos mesmos. Para iso deberá prestar atención á súa orixe, ó medio no que foron publicados ou á data de publicación.(Por exemplo, no caso da composición sobre os principais sectores industriais da ABAU de setembro de 2018, cabería referirse á orixe catalá do autor do documento 1 para explicar o ton do texto e algunas afirmacións esaxeradas como *Non hai probablemente industria algunha que non teña en Cataluña a súa representación*. Pola súa banda, o feito de que o documento 2 presente datos elaborados por un historiador permite o achegamento á visión académica da cuestión formulada. Finalmente, a natureza xornalística e a adscrición conservadora do xornal no que aparece o documento 3 permite entender a insistencia do parágrafo nos bos augurios para o futuro do país). En calquera caso, non se trata de incluír esta información nun apartado específico, senón de integralo no texto, sen cortar a narración.

A **capacidade de expresión** valora:

- A corrección da redacción: o alumnado debe ter capacidade para desenvolver un texto correcto desde o punto de vista ortográfico e gramatical.
- O uso dun vocabulario axeitado (promulgar, pronunciamento, carta outorgada...)
- A capacidade do alumnado para:
 - a) articular axeitadamente o texto: con carácter xeral, isto supón desenvolver unha redacción que conte con introdución(que sirva para encadrar o tema no período histórico no que se inscribe e facer referencia a algunha das súas características xerais), corpo do texto (que sirva para explicar a realidade histórica na que se inscriben os documentos), e unha breve conclusión (que sirva para valorar a relevancia do tema,-é dicir, para sinalar por que foi importante- e para referirse á súa evolución posterior, -isto é, ás súas consecuencia ou ó que pasou despois-).
 - b) desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si. Non se trata de comentar os textos individualmente, senón de integrar os comentarios nunha redacción (seguindo a orde das “cuestións a atender” que figuran no enunciado da propia composición ou desenvolvendo unha orde alternativa, tras facer un pequeno esquema previo das cuestións a tratar).

Pola miña parte engado que tamén **hai que ter en conta a limitación temporal**. Para realizar o exercicio, coas partes elixidas, **só dispoñeredes de 90 minutos e a limitación espacial**: proporcionáránsevos **7 carillas útiles para escribir**.

ORIENTACIÓNES SOBRE A COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO

A composición de texto histórico consiste nunha redacción baseada no comentario de varios textos relacionados entre sí.

Debe facerse unha lectura atenta aos documentos, en profundidade, facendo ao mesmo tempo unha ordenación e xerarquización das ideas. Isto servirá para non repetir ou resumir os contidos á hora de organizar a composición e permitirá distinguir o esencial do secundario, identificando personaxes, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de comentario posterior. Para este traballo previo é fundamental subliñar, anotar nas marxes, enumerar as liñas para despois situar facilmente os feitos. Le ben os documentos aportados e organiza a información que relacionas con eles. Planifica a túa composición e lembra a súa estrutura antes de comezar a escribir. A orde é fundamental.

A composición de texto ten que ser un texto unitario, as diferentes partes do exercicio deben estar integradas, sen saltos bruscos na redacción. Organízaa en parágrafos. Cada idea debe estar presente nun parágrafo propio. Deste xeito gañarás en claridade. Non fagas parágrafos dunha oración: semellarán unha lista de ideas sen conexión, carente da necesaria argumentación.

Para contextualizar historicamente os diversos textos, non te limites a dar unha data, tes que ter en conta o contexto no que se encadran os documentos. Analizaranse, pois, as causas, as consecuencias, os intereses que defenden, os obxectivos que se pretenden. Recorda que sempre tes que aportar información, clarexar os documentos, establecer relacións, sacar conclusións, identificar os personaxes, etc.

Toda composición debe facerse partindo dos documentos, non á marxe deles. O traballo sobre documentos debe demostrar que tes capacidade para poñer os teus coñecementos xerais en correcta relación cos contidos dos documentos concretos e pode aportar explicacións e comentarios propios. Recorda que a composición é un comentario único, non unha agregación de comentarios independentes, polo que a túa redacción debe integrar todos os documentos propostos. É imprescindible que desenvolvas unha serie de automatismos para a mención dos documentos xa que terás que citalos ó longo do teu exercicio (por exemplo: “como aparece no doc.1”, “ó que fai mención o doc.1”).

Terase en conta a forma de redacción, explicando correctamente e con coherencia as ideas aportadas. Teranse en conta as normas ortográficas e outras pautas básicas da lingua escrita (precisión no léxico, sintaxe correcta, claridade na expresión), así como tamén a presentación do exercicio.

As valoracións propias que se podan facer deben basearse en criterios de coñecemento histórico e non en opinións persoais de tipo ético.

Estas pautas podémolas estructurar no momento de facer a composición da seguinte forma:

1. INTRODUCIÓN • Referencia inicial ao tema que presente o eixe central dos textos. • Contextualización de cada un, ou do conxunto dos documentos no seu período histórico concreto. • Identificación breve do contido en cada documento. • Non é necesario facer unha clasificación dos textos, máis ben debe evitarse para non perder a coherencia do conxunto.

2. DESENVOLVEMENTO • Caracterizar cada documento, recollendo as ideas fundamentais.

Esta caracterización non debe referirse a cada texto como algo illado, senón que se debería salientar as relacións que existen entre eles: diferencias ou semellanzas, ideas que comparten ou nas que se opoñen, feitos históricos relacionados, etc. • É moi importante organizar a información, cunha exposición ordenada, e tendo en contra aspectos como as ideas principais e secundarias, relacións causa-efecto, personaxes ou acontecementos que deban comentarse.

3. CONCLUSIÓN • Facer unha síntese que centre a idea ou ideas fundamentais da análise, comentando tamén, se é posible, o interese e repercusión histórica dos documentos: consecuencias e efectos dos feitos históricos contidos nos textos. • Cando se desexe facer unha valoración persoal, esta debe ser sempre histórica, nunca ética.

NON DEBE FACERSE	DEBE FACERSE
<p>Limitarse a reproducir os documentos (paráfrase).</p> <p>Non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña.</p>	<p>Utilizar os documentos na redacción (como mínimo citalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles).</p> <p>Contextualizar os documentos (como mínimo incluir unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos).</p> <p>Analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais) -completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestiós sinaladas no encabezamento da proba como "cuestiós a atender").</p>

	Desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das “cuestiós a atender” ou desenvolver unha orde alternativa).
--	--

1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais).
2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular)
3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas).
4. A monarquía visigoda (organización política).

1

O NEOLÍTICO: CARACTERÍSTICAS E CAMBIOS CON RESPECTO Á ÉPOCA PALEOLÍTICA (CAMBIOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAIS).

O termo Neolítico (pedra nova) fai referencia a un cambio na técnica no traballo da pedra, materia prima fundamental para a fabricación dos útiles que permitirán aos nosos antepasados sobrevivir, pasándose do tallado paleolítico ao pulido.

As primeiras sociedades neolíticas xorden na Península Ibérica cara a principios do sexto milenio a.C. As costas mediterráneas reciben a visita de pobos de Oriente Próximo e Europa que traen unhas innovacións que se extenderán ao resto do territorio. Na última etapa do Paleolítico a melloría do clima vai permitir un gran cambio no modo de vida, dando lugar ao que se coñece como **Revolución Neolítica**, na que, grazas á práctica da **agricultura e gandaría**, dáse o paso dunha **economía predadora** (caza e recolección) típica do Paleolítico a outra **produtora**.

Estas novas actividades obrigan a vivir nun mesmo lugar, abandonándose así o **nomadismo** da etapa anterior para asentarse nun lugar propicio e facerse **sedentarios**. Consecuentemente van aparecer poboados estables que paulatinamente medrarán en tamaño ao **aumentar a poboación** debido a unha alimentación más completa en cantidade e calidade e unha mellora xeral das condicións de vida que se traducirá na prolongación da esperanza de vida con respecto ó período anterior.

Ao existir novas prácticas fan falla **novos utensilios**, así aparecerán fouces, aixadas..., e tamén a cerámica (decorada incluso con impresións de cunchas de berberecho, cerámica cardial), necesaria para almacenar os excedentes, que agora hai. Tamén aparecen os tecidos.

Mantéñense **o culto ós mortos**; dende mediados ou finais do Neolítico aparecen diversos tipos de construcións destinadas a enterramentos colectivos. Na Península predominan o **dolmen**, o **sepulcro de corredor** e os **tholos**. **Menhires e aliñamentos** destes tamén forman parte desta práctica que indica a existencia de traballo colectivo e estruturas sociais complexas, xerarquizadas (non en van coa existencia de excedentes tamén comeza o concepto de riqueza) moito máis que no Paleolítico. O uso de pedras de gran tamaño explica que se coñeza este tipo de prácticas como **Megalitismo**.

Polo que se refire á expresión artística tamén hai unha clara evolución, **abandonándose a policromía e representación de figuras animais illadas** propias do Paleolítico (**Cova de Altamira**) con carácter propiciatorio, **por outro tipo monocromático** que prioriza fixar a idea: a figura humana toma o protagonismo formando escenas variadas que contan algo e non pretenden ser realistas, son esquemáticas. Coñécense como **Pinturas Levantinas** por ser nesta zona peninsular onde máis se atoparon.

OS POBOS PRERROMANOS DA PENÍNSULA IBÉRICA (POBOS DO SUR E DO LEVANTE, MESETEÑOS E DO OCCIDENTE PENINSULAR).

Durante o I milenio a.C. confomáronse na Península Ibérica dúas culturas diferentes pero relacionadas entre si: a **celta** e a **ibera**. Froito do intenso contacto entre ambas xurdíu na zona de confluencia unha terceira denominada **celtíbera**.

Os **iberos** asentáronse no sur e na costa mediterránea. Eran un conxunto de pobos con características comúns pero que non tiveron unidade política; compartían unha identidade cultural pero eran independentes.

A súa **economía estaba baseada na agricultura e gandaría**, se ben a súa actividade comercial fixo que estableceran relacións con gregos, fenicios ou cartaxineses e iso os levase a acuñar moeda para facilitar as transaccións mercantís. A súa **sociedade era tribal** e xerarquizada en función do poder económico e militar. Influídos por fenicios e gregos seguiron o modelo de **cidades-Estado** destes, nos que a **monarquía** foi o sistema político más habitual. Para o seu estudo son importantes as necrópoles ou cemiterios, xa que áinda que posuían unha lingua común os alfabetos empregados para a escrita son diferentes segundo a zona e a día de hoxe non son descifrables na súa totalidade. Deixaron restos da súa arte, figurativa, (**Dama de Elx** por exemplo) que influenciada polas culturas superiores (grega e cartaxinesa), coas que estaban en contacto, tiña basicamente unha finalidade relixiosa ou funeraria.

Os **celtas** son un **pobo indoeuropeo** chegado dende o centro de Europa á P. Ibérica a comezos do I milenio a.C. Ocuparán A Meseta Norte e o noroeste. A súa principal aportación será a metalurxia do ferro. Dedícanse principalmente á **gandaría e a agricultura**. Ao non ter escritura, as fontes para estudialos proveñen dos romanos que os retratan como primitivos e belicosos. Os **castros**, o seu asentamento máis representativo: son poboados fortificados por fosos e murallas que adoitaban situarse en lugares protexidos como alturas; foron numerosos e deron lugar a que se fale dunha **cultura castrexa**. A ausencia de moeda indica que os intercambios comerciais se realizarían por medio do **troco**. Organizábanse en tribos e falaban linguas indoeuropeas.

Os **celtiberos** (Sist. Ibérico, leste da Meseta e Sist. Central) posúen características das culturas mencionadas anteriormente, con predominio da celta. Foron **sociedades guerreiras**, hábiles fabricantes de armas, nas que a aristocracia guerreira foi o grupo dominante. Os romanos e cartaxineses incorporáronos aos seus exércitos como mercenarios ou enfrentáronse a eles como no **asedio de Numancia** (Roma contra os arévacos).

Para rematar coa visión dos pobos prerromanos citar aos **tartesos** que desenvolveron unha **brillante cultura entre o VIII e o VI a. C** na Andalucía occidental, baseando a súa economía na **minaría, metalurxia e gandaría**, chegando a ser un centro

comercial importante. A súa desaparición está vinculada á expansión do dominio cartaxinés.

Fenicios, gregos e cartaxineses foron pobos colonizadores do territorio peninsular na época prerromana. Ben buscaban a práctica comercial (os dous primeiros) ou mesmo o control de amplos territorios (os últimos). Todos trouxeron progresos ao seren as súas culturas das más avanzadas da época.

3

CONQUISTA ROMANA E ROMANIZACIÓN (ETAPAS DA CONQUISTA, ELEMENTOS DE ROMANIZACIÓN: ORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA DO TERRITORIO, LINGUA, CULTURA, OBRAS PÚBLICAS).

A conquista da Península Ibérica por parte de Roma foi un proceso longo (218 a.C. a 19 a.C.) e culminou tras **tres fases**: A **primeira iniciase no contexto da II Guerra Púnica**; os cartaxineses dominaban a maior parte do sur e sueste peninsular chocando os seus intereses cos dalgunhas cidades aliadas de Roma; esta envía varias lexións ao mando de Publio Cornelio Escipión que derrotan aos púnicos e ocupan o seu territorio. A **segunda**, a máis longa, ten como obxectivo a **conquista do interior da Península** para o cal deben vencer a forte oposición de celtíberos e lusitanos. **Por último**, entre os anos 29 e 19 a.C. son **sometidos** polo emperador Augusto **os pobos da cornixa cantábrica**: cántabros, ástures e galaicos. A fundación de campamentos militares para asegurar o territorio como o de Asturica Augusta (Astorga) ou Legio (León) será o embrión de novas cidades.

A conquista trae aparellada a **romanización**, a paulatina integración dos pobos prerromanos nos modelos económicos, sociais, político-administrativos, culturais e relixiosos de Roma. Este proceso foi unha imposición dos conquistadores, para o cal contaron coa colaboración das elites locais interesadas en manter os seus privilexios.

Progresivamente, difúndese **o latín** como lingua común e de prestixio, impoñéndose sobre as linguas autóctonas. A **arquitectura romana** deixa a súa pegada en numerosas construcións de infraestrutura urbana: **acuedutos como o de Segovia, teatros e anfiteatros como os de Mérida, templos, mausoleos, arcos conmemorativos como o de Barà**. Tamén erixen **pontes** para facilitar desprazamento de persoas e mercadorías.

O **dereito romano** estendeuse por toda a Península, o seu emprego regulaba as relacións privadas e o funcionamento das institucións públicas, cohesionando á sociedade hispano-romana. No **aspecto relixioso** os romanos amosaron **tolerancia coas crenzas locais**, integrando as divindades nativas no seu panteón. Esixían, iso si, o culto ao emperador e a Xúpiter, Xuno e Minerva. A relixión utilizouse como un medio de integración política.

Para dar cohesión ao territorio asentaron unha **sólida base político-administrativa** apoiada nunha mesta **rede de cidades** ben comunicadas por outra rede de calzadas. O territorio vaise dividir en **provincias**, senatoriais ou imperiais dependendo de quen as controlase. O seu número variou ao longo da dominación romana, pasando de dúas nos inicios (Ulterior e Citerior) a tres nos tempos de Augusto (Lusitania, Bética e Tarraconensis). No II e IV d.C as provincias son más numerosas e pequenas (Gallaecia, Cartaxinense, Tarraconense, Lusitania, Bética e Baleárica). Quedaron integradas co governo de Diocleciano nunha unidade administrativa superior: a **diocese de Hispania**.

As provincias romanas subdividíanse á súa vez en **conventus xurídicos**, en orixe reunións que se convocaban para que o gobernador provincial administrase xustiza. Co tempo fixéronse permanentes transformándose en distritos provinciais.

Os **bárbaros**, termo este co que romanos e gregos designaban a todo pobo alleo á súa cultura, veciños do Imperio, aproveitaron a debilidade económica e militar que padeceu este a partir da crise do III d.C. para penetrar nos seus territorios. Ante a incapacidade de defendelos os emperadores romanos víronse obrigados a dividir o Imperio e pactar con estes pobos ou vinculalos como aliados (federados).

Neste contexto **suevos, vándalos e alanos** invadiron a Península a comezos do V d.C. Para facerlles fronte o emperador chamou a un deses pobos federados: os **visigodos**. Establecidos no sur de Francia fundaron o reino de Tolosa e dende alí entraron para cumplir coa tarefa encomendada, expulsando a vándalos e alanos. Os suevos van permanecer na Gallaecia tras a sinatura dun pacto de hospitalidade con Roma e alí seguirán case douscentos anos ata que son derrotados polo visigodo Leovixido no ano 585 d.C.

No ano 507, xa desaparecido o Imperio Romano de Occidente, os visigodos tras ser derrotados polos francos abandonan a actual Francia e aséntanse definitivamente na Península formando un **reino independente con capital en Toledo**. Malia contar co poder político eran unha minoría con respecto á poboación hispanorromana e paulatinamente vanse ir mesturando coa nobreza autóctona.

A **monarquía visigoda era electiva**, os nobres visigodos elixían o novo rei de entre eles, debido a isto a loita pola coroa foi frecuente e a inestabilidade tamén. **No reinado de Leovixido unifícanse os territorios peninsulares coa expulsión dos bizantinos na parte meridional e a conquista e anexión do reino suevo**. Tamén acadan a **unidad relixiosa con Recaredo** ao abandonar o arianismo, doutrina que negaba a natureza divina de Xesús, e converterse ao catolicismo dos hispanorromanos. Só quedaba un paso para a unión definitiva, a da igualdade legal, que se estableceu no 654 mediante o **Liber Iudiciorum** en tempos de Recesvinto.

Os reis visigodos gozaron en teoría de gran poder, pero compartían con outras institucións de goberno, a máis importante foi a **Aula Rexia**, composta polo rei e a aristocracia, nela tomaríanse decisiones importantes. Tiña carácter consultivo en asuntos de relevancia política e militar, tamén interviña na elección do monarca. A outra grande institución de goberno foron os **concilios**, asembleas de bispos celebrados na capital toledana. Se ben a esencia dos mesmos era relixiosa co paso do tempo adquiriron gran peso político e assumiron funcións lexislativas.

A nobreza foi gañando poder debido a debilidade do aparato administrativo do reino visigodo. Os escravos, numerosos en tempos da dominación romana foron substituídos por

campesiños dependentes, os servos, estes e os pequenos propietarios buscaron a protección dos nobres, capaces de dispoñer de tropas propias.

O fin do reino visigodo chegará coa derrota na **batalla de Guadalete** ante os musulmáns no ano 711 e a conseguinte conquista da Península por estes.

1ª AVALIACIÓN

BLOQUE 2

1º PARCIAL

HISTORIA MEDIEVAL

5. Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica).
6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación).
7. O Réxime feudal e a sociedade estamental.
8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).

5

OS MUSULMÁNS NA PENÍNSULA IBÉRICA (ETAPAS POLÍTICAS E REALIDADE SOCIOECONÓMICA).

A presenza musulmá comeza tras a victoria de Tarik sobre os visigodos de Don Rodrigo na **Batalla de Guadalete** no ano 711. A conquista da Península foi rápida, facilitada pola profunda crise do reino visigodo e o ímpeto expansivo do islam. Dita presenza prolongarase ata 1492 e atravesará **varias etapas**:

Entre 714 e 756 en **Al-Ándalus** (nome dado á P. Ibérica polos conquistadores) establecese un **emirato** sometido a autoridade do califato de Damasco dirixido pola **familia Omeia**. Un dos seus membros, **Abd al Rahman**, logra sobrevivir á violenta toma do poder por parte dos Abásidas, e proclámase emir de Al- Ándalus dando paso a unha segunda etapa que durará ata o 929, o **emirato independente de Córdoba**, na cal el e os seus sucesores exercerán o poder político e militar de forma autónoma aínda que respectarán a autoridade relixiosa do califa de Bagdad. É agora cando se vai consolidar o poder do islam na Península.

A chegada ao poder de **Abd al Rahman III** no 929 dá comezo á etapa do **califato de Córdoba**, que se vai prolongar ata 1031. A súa victoria sobre os inimigos internos permitiulle fortalecer a estrutura do Estado e a súa proclamación como califa outorgalle a supremacía relixiosa. Con respecto aos reinos cristiáns, consegue frealos e mesmo convertelos en tributarios grazas á creación dun potente exército. Foi o período de máximo esplendor de Al-Ándalus que rematou cunha verdadeira guerra civil entre grupos étnicos causante da disgregación do califato nunha vintena de pequenos reinos, **as taifas**. A debilidade destas ante os cristiáns, cada vez más expansionistas provocou que buscasen axuda de **almorábides primeiro e almohades despois**, dúas dinastías musulmás establecidas no N. de África., que malia conter o avance cristián fixérонse impopulares entre os mesmos andalusís pola súa estrita ortodoxia relixiosa e as medidas que tomaron. A derrota almohade nas **Navas de Tolosa** (1212) provocou a aparición dunhas terceiras taifas que foron caendo en mans dos cristiáns agás o reino de Granada. A pervivencia deste durou ata 1492 cando o seu rei **Boabdil réndese ante os Reis Católicos**.

A **sociedade andalusí** foi **urbana e mercantil**, tanto a artesanía, na que destaca o sector textil, como o comercio, facilitado pola existencia de dúas moedas fortes: o dinar de ouro e o dírhám de prata, alcanzaron gran desenvolvemento. Non obstante a agricultura, moi avanzada e que se beneficiou de novidosas técnicas de regadio, era a ocupación da maioría da poboación. Algunhas **cidades** alcanzaron considerable tamaño para a época aínda que entraron en decadencia a partir da desmembración do califato. Estaban **concibidas para a vida privada** sendo escasos os espazos públicos (**mesquita e zoco** sobre todo), as rúas eran irregulares e sinuosas. Na súa totalidade ou nas partes principais estas cidades estaban amuralladas, na zona protexida (**medina**) estaban os edificios más importantes como a fortaleza militar ou **alcazaba**.

A **composición social era moi heteroxénea**, debido á diversidade étnica: árabes que constituían a élite, bérberes nunha posición inferior aos anteriores e hispanovisigodos, a maioría dos cales se converteu ó islam recibindo o nome de **muladís**. A permisividade con respecto ás outras relixións do Libro, monoteístas (xudeus e cristiáns), explica a convivencia en Al Ándalus con minorías non musulmás: as **comunidades mozárabes** conservaron os seus bens e a práctica da relixión cristiá era tolerada a cambio do pagamento de tributos e o sometemento á autoridade musulmá. Os **xudeus**, tamén minoritarios tiñan un estatuto legal semellante aos mozárabes e chegaron a ter moita influencia.

No chanzo máis baixo da sociedade andalusí estaban os escravos que foron importantes para o aparello militar e o servizo doméstico.

6

RECONQUISTA E REPOBOACIÓN (ETAPAS DA RECONQUISTA, MODELOS DE REPOBOACIÓN).

Denomínase **Reconquista** o período comprendido entre principios do VIII e finais do XV. Durante o cal os reinos cristiáns e musulmáns coexistiron e loitaron polo territorio peninsular. Unha vez que se expulsaba ós musulmáns das terras conquistadas producíase un lento proceso de repoboación polo cal os monarcas animaban á poboación cristiá a ocupar as terras baleiras a cambio de concesións.

A **primeira etapa (VIII-X)** iníciase coa vitoria cristiá en **Covadonga (722)** marca o inicio dun longo período no que os núcleos cristiáns do norte consolidan o seu territorio en torno ao **reino de Asturias** e avanzan timidamente cara o sur, ata o val do Douro, aproveitando os enfrentamentos internos entre os musulmáns. Destacan os reis **Alfonso I** quen pasa a repoboar Galicia e Cantabria, **Alfonso II**, en cuxo reinado prodúcese o descubrimento da tumba do apóstolo Santiago, e **Alfonso III** con quen se traslada a capital de Oviedo a León. A partir de entón comézase a falar do **reino astur-leonés**, e despois de **reino de León**. A mediados do X, na parte oriental do reino de León, a máis necesitada de reforzo militar, nace o **condado de Castela**. No sur de Galicia aparece o **condado de Portugal**. Na parte oriental da Península van xurdir os **focos de Pamplona, Sobrarbe, Ribagoza, Aragón e condados cataláns que formarán parte da Marca Hispánica do reino franco**, pero que co paso do tempo acabarán por facerse independentes. Os avances nesta zona serán más lentos pola fortaleza musulmá no val do Ebro.

O método de repoboación durante esta fase é a **presura ou aprisio** no que o rei autorizaba o asentamento e a propiedade a quen ocupara e cultivara as terras desocupadas do val do Miño, Douro e Somontano pirenaico. Promovida pola nobreza e o clero, tamén contou co protagonismo de familias de campesiños libres.

Na **segunda etapa (XI- XIII)** a realidade política cristiá foise articulando como unha pluralidade de reinos: **León, Navarra, Aragón e Condados cataláns**. O avance deu lugar á consolidación dos **reinos de Castela (que englobará ó de León), Portugal (independizado do de León), Aragón e Navarra**. A liña de fronteira chega ata a cunca do Texo. A debilidade do mundo musulmán despois da caída do Califato de Córdoba permitiu a Alfonso VI conquistar Toledo e ocupar o val do Texo. Precisamente este feito foi o que provocou a chegada dos **almorávides**, chamados en auxilio á Península polos reinos de taifas. Isto frea o avance cristián ata mediados do XII no que un novo período de fragmentación no mundo musulmán permite a ocupación do val do río Guadiana ata a chegada dos **almohades**. O dominio almohade, contrarrestado pola acción das ordes militares de Calatrava, Santiago e Alcántara, chega ata a batalla das **Navas de Tolosa (1212)** na que os reis cristiáns organizados como unha cruzada derrótanos e chegan o val do Guadalquivir que será conquistado ao longo do s. XIII.

Na fronteira oriental os avances foron máis lentes. A comezos do s. XII a coroa de Aragón domina o val do Ebro grazas aos esforzos de **Alfonso I O Batallador** quen conquista Zaragoza. Nas terras que, a partir do s. XII, se denominarán Cataluña, o conde **Ramón Berenguer IV** conquista Tortosa e Lleida

Os métodos de repoboación desta fase serán as **Cartas de poboamento**, promovidas polo rei para a creación de vilas e cidades en zonas despoboadas. Concédense privilexios forais aos moradores. No val do Guadiana e na zona do Maestrazgo os reis conceden terras ás **Ordes Militares** encargadas da defensa do territorio e por último **os repartimentos**: Modalidade de reparto de terras adoptada en Estremadura e no val do Guadalquivir e que beneficia á nobreza que recibe latifundios.

A **terceira etapa**, séculos XIV e XV o ímpeto conquistador remite. Só quedará por conquistar o reino nazarí de Granada e o control do estreito de Xibraltar para impedir novas invasións do norte de África. O punto e final reconquistador terá lugar coa **toma de Granada polos Reis Católicos**.

Un **feudo** é a terra que, na Idade Media, o rei ou un nobre daba a outros nobres, vasalos seus, a cambio de fidelidade e de certos servizos persoais.

A sociedade medieval dividíase en **tres estamentos**, grupos pechados aos que se pertencía por nacemento. Así as cousas a **mobilidade social era escasa** e cada conxunto asume un papel diferente segundo a súa xerarquía: por un lado estaban os **privilexiados: nobreza e clero**, que reciben ese nome por gozar de privilexios ou vantaxes, fiscais (exención dos impostos directos), sociais (acceso a certos cargos) e xurídicos (diferente lexislación, con tribunais propios para eles). Os estamentos privilexiados, ademais, cobraban impostos e taxas nos seus respectivos feudos, exercían de xuíces. Os compoñentes do **estamento dos non privilexiados**, campesiños, artesáns, comerciantes... engloba á inmensa maioría da poboación.

O réxime feudal na Península Ibérica ten unhas características propias derivadas dun contexto político de reconquista fronte ao islam e de repoboación das terras abandonadas polos musulmáns. É un **mundo caracterizado pola fragmentación política e a inseguridade** e que deu lugar a formas de relación persoal nas que un individuo actúa ante outro nun plano de subordinación e sometemento voluntario a cambio de protección. Un **mundo de señores e vasalos**.

O **acto de vasalaxe** implicaba un xuramento de fidelidade por parte do vasalo cara o señor e este compensábaoo con terras e, ou, protección militar. Esa estrutura xerárquica estendíase por todo o edifico social: os campesiños eran vasalos do abade dun mosteiro, dun bispo ou dun nobre, pero a súa vez estos poderían ser doutro señor de maior rango. No cumio estaba o rei que era un “primus inter pares”, a súa dependencia cara a nobreza era moi grande. De aí as **frecuentes guerras entre partidarios dun rei ou dun aspirante ao trono**. A clave está na **inexistencia dun exército monárquico estable** e superior ao dos nobres, polo que o monarca dependía das mesnadas (tropas) nobiliares para emprender un conflito ou para defender unhas fronteiras. No caso peninsular iso deulle un poder extraordinario a duques ou condes encargados da misión de gardar os límites dos reinos cristiáns.

Nobreza e clero basean o seu poder na posesión de terras, algo fundamental na economía dunha época que depende en gran parte da agricultura. Non son grupos homoxéneos e subdivídense en alta/o e baixa/o respectivamente. A diferencia radica na cantidade de recursos económicos e, conseguintemente, de poder.

Os **campesiños**, a maior parte dos non privilexiados, coa excepción do propietarios de pequenas parcelas (máis abundantes no norte), recibían do señor os **mansos** (parcelas cultivables das que obtiñan o seu sustento) e tiñan que pagarlle a este unha renda en especie polo dereito de uso das mesmas. Debían pagar tamén polo uso dos muíños, as

pontes, dos bosques... os denominados monopolios do señor así como realizar traballos gratuítos para este (**corveas**) nas terras da súa exclusiva propiedade (**Reserva señorial**) cando fora preciso. Ao clero debían pagar o **décimo** para o sostemento do culto. Deste entramado só escapaba a poboación urbana, os burgueses que foron aumentando en número a partir da recuperación das cidades a partir do s. XII e que foi protexida pola monarquía interesada en reducir o poder local de nobreza e clero.

As minorías relixiosas que constituíron grupos marxinais foron **os xudeus e os mudéxares**.

Na **Coroa de Castela** foise impoñendo un **modelo autoritario de monarquía**, no que o rei tiña un gran poder, así as institucións como o Consello Real, Cortes, etc. Tiñan función consultiva simplemente. Pola contra na **Coroa de Aragón** o **modelo político é pactista**, cada un dos reinos que a conformaron mantivo as súas propias Cortes, dotadas dun poder lexislativo importante debido ao poder dos nobres e a Igrexa. O rei non podía lexislar sen elas e comprometíase a respectar as leis (foros) e costumes.

8

AS CRISES BAIXOMEDIEVAIS (CRISES DEMOGRÁFICAS, PROBLEMAS SOCIAIS, O CASO GALEGO: AS REVOLTAS IRMANDIÑAS DO SÉCULO XV).

Dende o século XI tanto a economía como a demografía peninsulares experimentaron unha etapa expansiva, pero os **XIV e XV** son tempos caracterizados por un **retroceso demográfico e unha forte crise económica, social e política**: a crise demográfica estivo causada por varias razóns. A primeira é a sucesión dunha serie de malas colleitas, debido á abundancia de chuvias e períodos fríos que impiden a maduración dos froitos (Pequena Era Glacial). Unha agricultura primitiva, pouco produtiva, non foi quen de satisfacer as necesidades alimentarias dunha poboación en crecemento e foi o desencadeante de máis problemas.

Unha serie de anos de pobres resultados agrícolas xeraron fame e con ela unha debilitación do sistema inmunitario que facilitou a expansión da **peste negra**. Chegada a mediados do s. XIV, esta epidemia deixou despoboados numerosos pobos e aldeas co conseguinte abandono de moitos campos por falta de man de obra, unha parálise da economía en xeral e unha caída das rendas nobiliarias e eclesiásticas. Esta situación derivará nunha potente crise social de enfrentamento dentro do sector nobiliario e de explotación señorial sobre os grupos non privilexiados que puxo a proba o sistema feudal. A caída da producción fixo que os prezos de artigos de primeira necesidade coma o cereal tendesen á alza, o que agravou a fame, contribuíndo a rematar o desastre.

A Peste Negra ou Peste bubónica é un fenómeno catastrófico que deixará, non só unha enorme pegada no relativo á mortalidade e que reduciu a poboación dos diferentes reinos, senón que xerou ademais respostas espirituais como a dos flaxelantes (xente que se azoutaba publicamente solicitando o perdón divino para evitar a epidemia, e pogroms contra as comunidades xudías ás que culpaban da praga).

Ademais a mediados do século XIV os **frecuentes conflitos bélicos entre os diferentes reinos e as intrigas pacegas dentro dos mesmos** vanse traducir en inestabilidade política e cambios de dinastías, así como no intento destas de ir dominando á nobreza e ao alto clero. Pódese dicir que como consecuencia desta conflitividade vai ir agromando un novo mundo onde a creación de estruturas estatais será a nota dominante.

Estamos ante un **período de guerras civís** en todos os reinos peninsulares; de guerras entre eles e unha intensa conflitivididade social, algunha por loitas polo trono entre candidatos ao mesmo e outras de natureza social: reaccións violentas das xentes do común ante a opresión crecente da nobreza. Entre as primeiras os escenarios serán Castela, Navarra e a Coroa de Aragón. Entre as segundas especialmente dúas: a dos **Payeses da remenza** (en Cataluña campesiños sometidos á terra e á servidume) e dos **Irmandiños en Galicia** (campesiños, burgueses e mesmo membros da baixa nobreza). Os primeiros conseguirán a supresión dos “Malos usos”, abusos feudais, tras a “**Sentenza de Guadalupe**” asinada polo rei da Coroa de Aragón, mentres que os segundos, tras

protagonizar dúas guerras: a **Fusquenlla e a Gran Guerra Irmandiña** ao longo do XV acaban por seren derrotados e tendo que aceptar a consolidación de nobreza e clero como estamentos privilexiados. Aínda que inicialmente a nobreza tivo que fuxir a Portugal e Castela pola destrucción de máis de 130 fortalezas, reorganizados por Pedro Álvarez de Soutomaior, recuperaron os seus territorios e someteron aos campesiños. Na derrota dos irmandiños influiu a desafección do rei de Castela, Enrique IV que acabou pasando ao outro bando, e á superioridade bélica do bando nobiliar, armado con arcabuces, por aquel entón moi novidosos.

BLOQUE 1**PREHISTORIA E HISTORIA ANTIGA****Economía predadora.**

Foi propia do Paleolítico, a primeira etapa da prehistoria. Os grupos humanos vivían da caza, pesca e recolección, eran nómades e desprazábanse seguindo o alimento, como non producían este son considerados predadores.

Megalitismo.

Expresión cultural que abrangue dende o Neolítico ata a aparición dos metais. Caracterízase pola construcción de monumentos ou arquitecturas a base de pedras grandes ou megalitos. Son de diferentes tipos e usos: dolmen (enterramento colectivo con cámara sepulcral precedida ou non de corredor), menhir, cromlech ou aliñamento. Desenvólvese no Mediterráneo e na Europa atlántica.

Castro.

Asentamento representativo dos celtas, poboados fortificados por fosos e murallas que adoitaban situarse en lugares protexidos naturalmente como alturas. Espállanse entre a Idade do Bronce e a do Ferro. En Galicia foron numerosos e deron lugar a que se fale dunha cultura castrexa.

Guerras cántabras.

Terceira e definitiva fase da conquista romana da Península Ibérica. Foi levada a cabo polo emperador Augusto entre os anos 29 e 19 a.C. para controlar a cántabros, ástures e galaicos. Algúns dos campamentos militares que se fundaron acabaron por converterse en cidades.

Conventus.

As provincias romanas estaban divididas en *conventus* xurídicos. en orixe, reunións que se convocaban para que o gobernador provincial administrara xustiza. Co tempo fixéronse permanentes e transformáronse en distritos provinciais.

Bárbaros.

Esta palabra usouse na civilización romana, como antes na grega, para designar a todo pobo alleo á súa cultura. De forma especial identificouse con ela aos pobos xermanos que nos séculos IV e V penetraron no Imperio Romano e aceleraron a súa desintegración.

Aula Rexia.

É a asemblea principal da monarquía visigoda, composta polo rei e a aristocracia. Nela tomáranse decisións importantes. Tiña carácter consultivo en asuntos de relevancia política e militar. Tamén interviña na elección do monarca.

BLOQUE 2

HISTORIA MEDIEVAL

Mozáabe.

Nome co que se coñece á poboación hispanovisigoda cristiá que vivía en territorio de Al-Andalus. Conservaba os seus bens e a práctica da súa relixión era tolerada a cambio do pagamento de tributos e o sometemento á autoridade musulmá.

Taifas.

Estados musulmáns xurdidos trala desintegración do Califato de Córdoba. Eran independentes e enfrentáronse entre si, o cal foi aproveitado polos reinos cristiáns para obrigalos a pagar tributos, coñecidos como parias. As principais taifas buscaron o apoio dos almorábides e almohades.

Marca Hispánica.

Foi unha zona “colchón” no nordés peninsular creada por Carlomagno, rei dos francos, a finais do VIII como barreira defensiva contra os Omeias de Al-Andalus. O territorio estaba composto por condados dependentes dos reis carolinxios. Co tempo eses lazos de dependencia foron debilitándose ata chegar á independencia dos reinos de Navarra e Aragón.

Presura.

É unha forma de apropiación territorial empregada trala reconquista cristiá co obxectivo de repoboar os novos espazos ocupados. Mediante esta fórmula recoñécese a propiedade da terra aos campesinos, ata o río Douro, con só cultivala.

Carta de poboamento.

Documento polo cal os reis cristiáns e señores laicos ou eclesiásticos da Península Ibérica outorgaban unha serie de privilexios a grupos poboacionais co fin de obter a repoboación de certas zonas de interese económico ou estratéxico.

Manso.

A forma de explotar economicamente un feudo consistía en dividir a terra en dúas partes: a reserva señorial e os mansos. Estes últimos eran entregados aos campesinos para a súa subsistencia, a cambio debían traballar na reserva señorial e satisfacer certas rendas.

Mesta.

Alfonso X permite a creación desta organización de gandeiros trashumantes que alcanzará un gran poder en Castela durante a Idade Media e a Idade Moderna porque achegará moitos ingresos á Coroa. As ovellas producían la de gran calidade destinada á exportación.

1^a AVALIACIÓN

BLOQUE 3

2º PARCIAL

SÉCULOS XVI-XVII

9. A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa).
10. A configuración do imperio español no século XVI (a herданza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).
11. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía).
12. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).

Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón, ambos da dinastía Trastámarra, acadaron o trono de Castela en 1474 trala vitoria na guerra civil sobre **Xoana “a Beltranexa”**, filla do irmán de Isabel e anterior rei de Castela, Henrique IV. Esta foi apoiada polos reis de Portugal e Francia ademais de membros da alta nobreza que temían unha monarquía forte e autoritaria. Isabel foi apoiada polo rei de Aragón, o seu sogro, e pola pequena nobreza e oligarquía das cidades. A derrota dos partidarios de Xoana na batalla de Toro marcou o desenlace da guerra. A renuncia efectiva dos seus dereitos sucesorios ratificaríase no **Tratado de Alcaçovas** en 1479.

A subida ao trono aragonés por parte de Fernando vai supoñer a creación dun novo Estado, a **Monarquía Hispánica**, que englobará as **Coroas de Castela e Aragón** se ben isto non se vai traducir nunha unificación política, tan só dinástica, e cada territorio mantén as súas institucións de goberno, algo acordado xa na “**Concordia de Segovia**” durante a guerra civil. Vanse crear un exército permanente, pagado pola monarquía e independente da nobreza, e un novo corpo de funcionarios, eficaces e fieis ós monarcas.

Os RRCC acometeron unha fonda reforma administrativa e política e son considerados pola historiografía española como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Estas reformas estaban orientadas a fortalecer o poder dos reis fronte ao da nobreza apoiándose nas cidades, marcando o nacemento da monarquía autoritaria e extinguindo a feudal.

Entre as reformas más importantes destacan a **consolidación da figura do corrixidor** como representante do poder real no goberno das cidades de reguengo de Castela con funcións de tipo administrativo, xudicial e policial.

As Cortes, onde se reunían os estamentos privilexiados e os representantes das principais cidades do reino foron convocadas con menor frecuencia. Para o goberno dos territorios e os asuntos do reino foi tomando cada vez más importancia o **Consello Real de Castela** e creáronse outros. Aparece a nova figura dos **secretarios reais**: funcionarios con formación en leis que mediaban entre os consellos e os reis. Había **dous tipos de Consellos**: os **territoriais** (Castela, Aragón) e **temáticos** (Facenda, Sta. Inquisición). Para garantir a orde pública e pacificar o mundo rural apareceu a **Sta. Irmandade**. Un corpo policial sufragado polas cidades que serviu de control real para someter á nobreza díscola.

Para mellorar os ingresos e poder desenvolver un exército e unha burocracia real crearon o **Consello de Facenda**. Os monarcas obtiñan os seus ingresos do quinto real do comercio americano, das rendas derivadas das ordes militares, o papa Alejandro VI

entregoulle o Maestrazgo das ordes militares a Fernando o que supuxo unha forte inxección de diñeiro e o aumento do seu poder territorial e das rendas eclesiásticas.

Creouse un **sistema xudicial centralizado**, tribunais reais de apelación (**as Chancelerías** con sedes en Valladolid e Granada) e **as Audiencias**, como un nivel superior de impartir xustiza porriba do sistema xudicial feudal desempeñado polos señores nos seus territorios. O **Consello Real de Castela** era a última instancia xudicial.

Creouse o **Tribunal da Santa Inquisición** para velar pola unidade relixiosa acadada en 1492 trala conquista do Reino Nazarí de Granada, e trala expulsión de xudeus e musulmáns ese mesmo ano. Foi empregada como un medio para reforzar o poder real xa que tiña xurisdición nas dúas Coroas e dependía directamente dos monarcas. Tamén se fomentaron as **regalías** (dereito dos reis a intervir na Igrexa do seu país) que supuxeron, entre outras cousas, o control no nomeamento dos bispos.

Na Corona de Aragón as reformas tiveron menor importancia destacando a creación da figura do vicerrei, un en cada reino e tamén en Navarra, incorporada en 1515.

A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO SÉCULO XVI (A HERDANZA DE CARLOS I, OS CAMBIOS EN TEMPOS DE FILIPE II: REBELIÓN EN FLANDRES, INCORPORACIÓN DE PORTUGAL, GUERRA CONTRA INGLATERRA).

Os reinados de **Carlos I e Filipe II**, coñecidos como “**Austrias maiores**” polo poder exercido durante praticamente todo o XVI e para diferencialos dos seus sucesores (os menores), vai supoñer a aparición dunha “superpotencia” en mans da mencionada familia que englobará amplos e dispersos territorios froito das herdanzas dos seus antecesores, así o primeiro recibirá por parte materna: Castela, coas as Canarias, prazas norteafricanas (Melilla, Buxía,...) e as posesións americanas, e Aragón coas posesións en Italia (Nápoles, Sardeña, Sicilia). Por parte paterna: os territorios europeos herdados da Casa de Borgoña coma Flandres e o Franco Condado, ao que haberá que engadir, tras a morte de Maximiliano I, Austria, o Milanesado e o Sacro Imperio Xermánico.

A idea de manter ese imperio herdado e a obsesión pola creación dunha monarquía católica universal lévalle a intentar a toda costa ser elixido **Emperador**; empresa custosa que supón un enorme dispendio para as arcas castelás, xa que o monarca, ademais de solicitar préstamos a banqueiros xenoveses e alemáns, esixirá o pago de innumerables tributos que recaerán fundamentalmente sobre a Coroa de Castela, sendo este o motivo principal da “**Revolta das Comunidades**” castelás e o que é más grave, derivarán nunha crise económica de gran repercusión, que levará á declaración de bancarrota da facenda real no ano 1557. Para acadar esa arelada hexemonía vai ter que se enfrentar con **numerosos inimigos** en longas guerras que agravan a situación económica, así **Francia** será o seu gran rival, mentres os protestantes alemáns ou o **Imperio Otomán**, neste caso por motivos tamén relixiosos, abrirán novas frontes bélicas.

O seu fillo e sucesor, **Felipe II** (1556-1598), personalizará un modelo de **autoritarismo monárquico** más perfeccionado. A diferenza do seu pai, gobernará dende Castela, **creando unha capital permanente, Madrid**. Centrado nas posesións hispánicas (xa que os dominios imperiais alemáns pasaron a mans do seu tío Fernando de Austria trala abdicación de Carlos I), e, a partir de 1580, nos dominios portugueses acadados tras un conflito sucesorio no país veciño que se resolve no seu favor por ter dereitos dinásticos ao trono portugués, manterá esa obsesión herdada por presentarse como líder da cristiandade católica. Combaterá á monarquía francesa (**San Quintín**) e aos turcos musulmáns (**batalla de Lepanto**, 1571) en conflitos herdados do reinado do seu pai. Con Francia chegará a un tratado de paz, **Cateau Cambresis**, en 1559, que significou a renuncia dos franceses sobre as posesións italianas da monarquía hispánica.

Combaterá tamén contra os **protestantes calvinistas das rebeldes Provincias Unidas**, nun conflito que ten causas relixiosas, pero, sobre todo, de tipo económico e político e no cal a monarquía hispana demostrou pouca habilidade en manexar o problema intentando resvelo pola forza. **Enfrontarase á monarquía inglesa de Isabel I**, adalide da

loita anti-hispánica e apoio de todos aqueles que lle fixeran fronte no continente. En 1588 Felipe decide enviar unha poderosa frota, a chamada “**Armada Invencible**”, á costa inglesa. A expedición fracasa estrepitosamente marcando, para algúns historiadores, o comezo da decadencia na política exterior hispana.

Estes enormes gastos derivados das campañas bélicas levadas a cabo polos Austrias “maiores”, así como a incapacidade de xestionar o “tesouro americano”, unha errada política monetaria, e o desinterese das clases rendistas (nobreza e clero) en investir os seus beneficios en actividades produtivas “proto-capitalistas”, coma o comercio ou a industria, determinan o paso a un século XVII dominado pola idea de atraso, decadencia e crise.

A crise deste período responde a unha explicación multicausal: por un lado, os **excesivos gastos da política imperial** de Carlos I e as campañas bélicas deste e o seu fillo Felipe II no exterior, obsesionados pola hexemonía da monarquía hispánica no mundo e líderes universais da cristiandade, debilitan fondamente á facenda real e crean unha **dependencia excesiva dos empréstitos da banca estranxeira (asestos) e unha frecuente emisión de débeda pública (xuros)**; en 1557 declárase a primeira de numerosas bancarrotas .

Por outro lado, a **chegada masiva de metal precioso de América** ten como consecuencia un aumento exponencial da moeda circulante que incide na brusca subida da **inflación**. Asemade, o arcaísmo do sistema produtivo, unha producción nacional insuficiente para abastecer o mercado interno e americano, o gusto polos produtos estranxeiros, que desequilibra a balanza comercial, unhas clases privilexiadas que non invisten as súas ganancias na actividade económica produtiva e o dominio dunha mentalidade rendista para unha boa parte da burguesía que busca o ennobrecemento, son os factores que explican a progresiva decadencia económica de Castela.

Todos estes factores, unidos á incidencia da **peste atlántica**, a un ciclo de **malas colleitas** producido por unha climatoloxía adversa e aos **numerosos confrontamentos bélicos** que desangran a Castela, provocan un aumento da mortalidade e descenso da natalidade. A crise económica e demográfica terá efectos adversos na estrutura poboacional “española”, estancándose a poboación. Se ben cómpre establecer diferencias entre os diferentes territorios peninsulares, así o **interior castelán** sofre un **decrecimiento** mentres en xeral **no litoral** a situación é ben **diferente**: comeza o fluxo de campesiños dende o interior e chegan de América dúas especies que se cultivan na costa a pouca altura, e que producirán un alza demográfica ou cando menos mitigarán os efectos da crise: o millo e a pataca.

Neste contexto resalta a figura do **Conde-Duque de Olivares**. Durante 22 anos, Gaspar de Guzmán foi **valido de Felipe IV**, isto é, a figura na que o monarca delegou todos os asuntos de importancia para a Coroa. Olivares focalizou o seu labor en torno a **tres obxectivos: mellorar a situación económica e financiera da Monarquía, recuperar o seu prestixio interno e internacional e uniformizar política e administrativamente uns reinos peninsulares** que gozaban de amplas competencias e dereitos respectados dende a Idade Media.

Con estos fins, redactou o “**Gran Memorial**”, onde lle mostraba ao Rei os males que aqueixaban a unha “España” en crise, e propoñía solucións para alcanzar os obxectivos anteriormente sinalados: **debilitar o poder político e social de nobreza e Igrexa**, incentivar a producción propia levando a cabo unha **política mercantilista** (intervencionista e protecciónista) co fin de activar un comercio “nacional” e internacional, **impoñer progresivamente a lei castelá nos diferentes territorios peninsulares e repartir equitativamente o recrutamento de tropas e a recadación de tributos** para fazer fronte ás continuas campañas bélicas europeas no contexto da “Guerra dos 30 anos”. Olivares argumentaba que a aportación de homes e tributos debería ser proporcional á cantidade

de poboación e á riqueza dos diferentes reinos (ata ese momento a Coroa de Castela sostiña todo o peso fiscal e militar). Este proxecto foi coñecido coma a “**Unión de Armas**”.

As dúas últimas medidas sinaladas xeraron o **rexeditamento** dos territorios non casteláns, o que tivo como consecuencia o estoupiido da **rebelión catalá e a independencia de Portugal en 1640**. No caso catalán, a rebelión xermina debido á obriga que tiña o principado de dar aloxamento aos soldados españois, en plena guerra con Francia no Rosellón. Tras a sanguenta revolta do “**Corpus de sangue**” na que chegou a ser asasinado o vicerrei, os sublevados buscan o apoio de Francia que enviou tropas a territorio catalán. A prolongación do conflito e os prexuízos ocasionados polos galos favoreceron a rendición de Barcelona e a aceptación da soberanía de Filipe IV. Non podemos esquecer o contexto internacional no que se desenvolven estes acontecementos: a chamada Guerra dos 30 anos (1618-1648), durante a cal prodúcense enfrentamentos coas Provincias Unidas, Suecia, Francia... moi prexudiciais para a Monarquía, o que non fixo senón agrandar os problemas da facenda real (bancarrota en 1627) e marcar o ocaso da hexemonía hispana en Europa.

O valido, personalización de todos estes males, perde a confianza do rei e é afastado do poder en 1643. Pódese pensar que as súas medidas non fructificaron, aínda que no século seguinte, os primeiros Borbóns recuperarán en parte esa senda reformista e uniformizadora.

A Galicia dos séculos XVI-XVII presenta, na súa dimensión socioeconómica, cambios pero tamén continuidades con respecto ó periodo anterior.

Dende un punto de vista estrutural, podemos afirmar que Galicia, ao igual que o resto de territorios conformantes da Monarquía Hispánica, presenta as características básicas do sistema feudal: **sociedade estamental moi xerarquizada e con escasas oportunidades de ascenso social, desigual ante a lei e liderada por sectores rendistas** (non produtores, son a nobreza e o clero), que son señores territoriais e xurisdicionais sobre os seus feudos e viven fundamentalmente da cobranza de rendas aos campesiños que traballaban as súas terras. En relación con esta realidade, cómpre destacar o papel dos **fidalgos**, unha sorte de **baixa nobreza** que se incardina no sistema entre o pagador campesiño e o cobrador señor, facendo de **intermediario** e aumentando o seu patrimonio e importancia social (claramente perceptible na edificación de maxestosos pazos). É perceptible que para moitos grandes señores, desinteresados en labores contables e moito menos “manuais”, todo o que supuxera evitar o traballo era dignificante, polo que arrendan esta xestión aos fidalgos.

A **poboación galega**, ao igual que o conxunto peninsular, é **xove**, presentando unha **esperanza de vida curta**, ao redor dos 40 anos. Máis de 4/5 do total vive no **ámbito rural, é analfabeta** (as mulleres na súa práctica totalidade) e traballa nas labores do campo, xestionando unha **economía agraria de subsistencia ou autoconsumo** (destacan na exigua dieta as fariñas de trigo e centeo, o viño, verduras, e pouco consumo de carne) traballada con útiles rudimentarios e con ausencia de fertilizantes e innovacións salientables. Estes condicionantes explican que difficilmente se xere un excedente unha vez os campesiños teñen que fazer fronte á gran cantidade de tributos sobre o producido (**décimo eclesiástico...**), o empregado (**moenda, montazgo...**), o consumido (**alcabala...**) e ao pago das **rendas forais (os foros son contratos de cesión da terra, de longa duración, a cambio dunha renda)**. Estes pagos soíanse fazer en especie. Debido a esta insuficiencia produtiva da agricultura para xerar benestar na vida cotiá foron moitos os que optaron por realizar outras tarefas complementarias ás agrarias na propia casa, coma o fiado de liño, ou decidiron emigrar a Castela, Portugal ou mesmo a América por un tempo curto ou definitivo.

No que ten que ver coas innovacións chegadas ao campo da agricultura, ante a ausencia de melloras técnicas, temos que resaltar o relevante cambio producido na realidade demográfica galega a partires do século XVII cando se consolidan na nosa terra os **cultivos de dous produtos americanos, millo e pataca**, aumentando os niveis produtivos e as terras en labor, e con isto propiciando un crecemento poboacional que

mitiga a crise demográfica do século XVII que afecta á toda a península. **Se ben a introdución da pataca non se xeraliza ata o XVIII.**

Na Galicia costeira, a exigua produción dos minifundios vese aliviada polo **traballo no mar**, que en todo caso tampouco permite superar o nivel de subsistencia para a meirande parte dos mariñeiros, debido a problemas análogos aos da agricultura (de feito, **as innovacións relevantes a nivel técnico e organizativo no terreo da pesca chegan cos emprendedores cataláns no S XVIII, coa introdución da arte do arrastre e as fábricas conserveiras**), se ben é certo que os gremios de mareantes, coma no caso de Pontevedra, chegaron a ter relevancia económica dentro da súa comunidade. Portos coma os desta cidade, Baiona, Vigo, Coruña... comerciaban con cidades costeiras españolas (Sevilla, Bilbao) e europeas coma Lisboa, Porto, Ambergues... exportando viños, sardiñas, polbos, pescadas, castañas, cítricos... ou importando cereais, aceite ou sal, que proviña fundamentalmente da cidade lusa de Aveiro e era unha mercadoría básica, xa que permitía a conservación do peixe. Tamén, aínda que en moi contadas ocasións, organizaban campañas de altura, coma a que os levaba a Terranova na busca de bacallau.

1ª AVALIACIÓN

BLOQUE 4

2º PARCIAL

SÉCULO XVIII

13. O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a Paz de Utrecht)
14. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
15. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).
16. A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado).

A morte de **Carlos II de Habsburgo** sen descendencia en 1700 provocou o inicio dun conflito internacional coñecido como **Guerra de Sucesión (1701-1714)** que culminará co inicio da dinastía dos Borbóns en España.

A orixe da contenda radica na existencia de **dous pretendentes ao trono**: por unha parte **Filipe de Anjou, o futuro Felipe V**, neto do rei francés Luis XIV e pola **outra o arquiduque Carlos de Habsburgo**. Ambos tiñan argumentos para apoiar a súa candidatura por razón de parentesco co finado Carlos II. Este designara como sucesor no seu testamento ao francés provocando a nivel internacional o medo á consolidación da hexemonía gala pola posible unión das coroas francesa e española, o cal levou á formación dun bloque antiborbónico dirixido por Inglaterra, Países Baixos, Austria e a maioría dos Estados alemáns, que loitaba polos dereitos da casa de Habsburgo. Comezando así un conflito internacional que pronto se convertería tamén nunha dura guerra civil en España debido a que os dereitos de Felipe V foron defendidos pola coroa de Castela e máis os señoríos vascos e Navarra, e os dereitos da casa de Austria pola Coroa de Aragón, especialmente polos condados cataláns.

Ámbolos dous candidatos representaban **modelos políticos distintos**. Felipe V o **absolutismo monárquico** e a centralización do Estado, mentres que o candidato dos Habsburgo encarnaba a **continuidade do respecto aos privilexios forais e a autonomía** acadados dende os tempos dos Reis Católicos. Esa diferenza explica a escolla de bando por cada territorio, na Coroa de Aragón existe temor ás tendencias centralizadoras dos Borbóns que os privarían da súa personalidade e autonomía, mentres que en Cataluña a iso se lle suma o mal recordo que se garda dos franceses despois dos sucesos da sublevación de 1640.

A longa contenda vai ter un punto de inflexión cando o arquiduque Carlos acceda ó trono austriaco, este cambio de situación fai que os seus aliados, Países Baixos e Inglaterra rexeiten unha posible unión entre España e a Austria imperial (como antes fixeran coa posibilidade de unión hispanofrancesa) dentro da súa defensa da teoría do equilibrio continental o cal levaría a asinar en 1713 a **“Paz de Utrecht”** e a fin do conflito que non rematará totalmente ata 1714 coa toma definitiva de Cataluña polos Borbóns.

O principal acordo co que se pon punto e final á guerra é o Tratado de Utrecht, nel recoñecíanse os dereitos de Felipe V pero a cambio da renuncia á unión con Francia e os seus dereitos sucesorios sobre esta. Flandres, Nápoles e Sardeña pasaban a Austria (perdendo España os territorios europeos que lle quedaban) e Inglaterra conseguiría Xibraltar, Menorca e os dereitos de **asento de negros e de navío de permiso**, introducíndose desta maneira no comercio americano e asegurando o lucrativo tráfico de

escravos. Felipe V tamén se comprometía a non tomar represalias coa Coroa de Aragón pero isto non se cumpliu xa que a promulgación dos “**Decretos de Nova Planta**” imporía a extinción dos seus privilexios forais iniciándose así o proceso de centralización da recentemente imposta monarquía absoluta.

As consecuencias son importantes tanto a nivel internacional como en España. Así, en Europa, impúxose unha política de equilibrio continental que tendía a evitar o predominio de calquera potencia sobre as demais. Para o territorio español vai supoñer fortes cambios na súa configuración política e administrativa baixo a nova casa reinante.

Os **Decretos de Nova Planta** foron impostos por **Felipe V de Borbón** trala súa vitoria na **Guerra de Sucesión (1714)** e consistían na abolición dos privilexios forais da Coroa de Aragón, e polo tanto das unidades políticas que a conformaban (Aragón, Cataluña, Valencia e Baleares), impoñendo as institucións e as leis de Castela. Estas reformas de carácter administrativo tiñan como obxectivo centralizar a administración e robustecer o poder da monarquía absoluta (iniciada en España baixo o seu reinado segundo o modelo da de Luis XIV) en detrimento dos privilexios forais dos diferentes territorios. Lográbase así o que no seu día pretendera coa Unión de Armas, sen éxito, o Conde Duque de Olivares.

A pesar do acordado no “**Tratado de Utrecht**” de non tomar represalias cos territorios que apoíaron aos Austrias, Felipe V coa introdución dos Decretos de Nova Planta implanta un modelo centralista decretando a **desaparición dos reinos como tales e dos vicerreis**; se compartimentan estes reinos en **provincias á fronte das cales había un gobernador e un capitán xeral**. Igualmente se decreta a **anulación das Cortes de cada reino, desaparición de todos os foros, costumes e o uso exclusivo do castelán como lingua administrativa**. O seu modelo de territorio será centralista, con capital en Madrid, división do territorio en provincias e cortes únicas castelás. Neste caso o que fai é eliminar todos os elementos intermedios, unificar todo o territorio e unha **uniformidade institucional, con unha excepción, non se amplía a uniformidade ás provincias vascas e navarras pola súa colaboración no conflito de sucesión**. Deste xeito, o novo monarca castigaba a falta de lealdade duns territorios que xuraron fidelidade a Felipe V no inicio do seu reinado.

Politicamente a desaparición dos privilexios forais dos territorios da antiga Coroa de Aragón (Valencia e Aragón en 1707, Cataluña 1715) poñía fin ao modelo pactista de relación entre o monarca e esos territorios que durara tantos anos dende a chegada do Estado Moderno; a partir de agora pasarán a ser gobernadas polas leis castelás, más proclives ao goberno real. Se antes esa pluralidade de territorios tiña como elemento común ao rei, agora o monarca daba un paso decisivo na liña de vertebrar un Estado-nación con institucións comúns a todos os territorios e onde o rei se poida impoñer sobre as institucións representativas do reino. **Tan só permanecen as Cortes de Castela, pero incluso estas limitadas a actos protocolarios.**

A centralización reflectiuse tamén na organización territorial, militarizándose esta coa creación de provincias gobernadas por capitáns xenerais que veñen substituír aos vicerreis e que terán a xefatura militar da súa provincia e funcións administrativas e xudiciais. Aparece tamén a figura dos **intendentes, funcionarios con atribucións administrativas, xudiciais e de facenda, que supervisarán os poderes locais e que**

eran nomeados polo monarca ou polo secretario de Estado. Polo que respecta á administración municipal estendeuse a figura do corrixidor.

A Reforma do modelo de Estado conclúe coa acumulación dos poderes na figura do rei e a introdución do **sistema de secretarías** á cabeza da cal estaba unha Secretaría de Despacho dirixida por funcionarios escollidos en función da súa preparación e non por privilexios e aos que pode botar cando queira (futuros ministros); este órgano subdivídise nas secretarías de Guerra, Mariña, Indias, Xustiza e Estado, e posteriormente tamén a de Facenda. O único Consello que mantén a súa independencia é o de Castela, que pasou a ser o centro do goberno interior de España.

Denomínase Reformismo borbónico aos cambios implementados pola nova dinastía reinante a partir de 1700 baseados no establecemento dunha monarquía absoluta, a centralización administrativa e, na segunda metade do s.XVIII co **Despotismo Ilustrado**, na aplicación do ideario ilustrado coa intención de elevar o nivel cultural e científico-técnico do país procurando obter melloras no eido económico. Destacan neste plano Fernando VI e Carlos III. A posición estratéxica de Galicia na defensa do Imperio colonial fixo que os Borbóns trataran de reforzala como baluarte, principalmente contra os ingleses, a través dunha serie de reformas.

Destaca a **Ordenanza da matrícula do mar do Marqués de la Ensenada** na que se trataba de racionalizar o recrutamento de mariñeiros levando un rexistro da xente do mar segundo as funcións que dominaban e o seu nivel de experiencia. O servizo na Armada compensouse mediante unha serie de **privilexios** concedidos aos alistados: **de orde militar** (exención de quintas e levas para o exército, e de aloxamentos), **xurisdiccional** (o foro da mariña) e **económico** (a exclusividade para practicar actividades marítimas). O seu impacto foi bastante limitado e foi eliminada en 1802. Creouse tamén a figura do **Intendente de Galicia** na Coruña como organizador das reformas, pero sen dúbida destaca a creación do **arsenal de Ferrol** e dos estaleiros por parte do Marqués de la Ensenada convertendo esta cidade na principal fortificada no Noroeste peninsular tendo un papel clave na defensa das rutas coloniais. Creouse a **Academia de Garda Mariñas** e Ferrol creceu demográficamente ata converterse na maior cidade de Galicia a finais do XVIII.

A cidade da Coruña viuse tamén beneficiada pola apertura durante o reinado de Carlos III do **Servizo de Correos Marítimos** e, sobre todo, pola autorización do comercio colonial con América dentro do proxecto de finalización do monopolio de da Casa de contratación de Sevilla e Cádiz polos Borbóns. Neste novo papel de baluarte do Imperio colonial Galicia viuse asolada polos ataques ingleses durante esta época destacando a **Batalla de Rande** durante a Guerra de Sucesión, a invasión inglesa de Vigo e Pontevedra en 1719 ou o ataque a Ferrol de 1800. Pese a todo, o impacto da Ilustración foi bastante limitado e o impacto de reformismo viuse truncado polo brote da Revolución Francesa e o medo a difusión das ideas do liberalismo por parte de Carlos IV, limitando de maneira moi significativa, incluso reaccionando contra os ilustrados de finais de século.

Por outra banda a Ilustración en Galicia ten coma principal representante a **Benito Feijóo** e as propostas en xeral foron moi moderadas poñendo o acento no atraso económico e na necesidade de modernizar Galicia potenciando a industria, a pesca e a agricultura e gandería. A análise do atraso económico levou a toma de conciencia por partes destes ilustrados da excentralización de Galicia respecto ao conxunto do Reino o

cal podemos afirmar que foi unhas das primeiras tomas de conciencia da realidade diferencial de Galicia e a defensa da súa lingua e dos seus particularismos. Creáronse numerosas institucións como a **Academia de Agricultura do Reino de Galicia**, o **Real Consulado do Mar** da Coruña e as **Sociedades económicas de Amigos do País**.

16

A ILUSTRACIÓN EN ESPAÑA (CARACTERÍSTICAS DA ILUSTRACIÓN E DO DESPOTISMO ILUSTRADO).

A Ilustración como movemento intelectual, filosófico, político e cultural nace en Francia, pero rapidamente difunde as súas ideas por Europa. O racionalismo é a súa característica fundamental. Defende o uso da razón para pescudar nos fenómenos naturais e a partir do estudo científico da realidade elaborar leis científicas sometidas a comprobación e crítica. O resultado desta progresiva liberación dos dogmas de fe que nada teñen que ver co pensamento científico é o nacemento das diferentes disciplinas científicas. Este avance nos saberes deberían conducir a un continuo progreso material sobre a base dun mellor coñecemento da natureza e proporcionar os recursos necesarios para as sociedades e derivar nun estado de felicidade.

Se a razón e a natureza son os eixes fundamentais do seu pensamento, as análises e os métodos de estudo da Ilustración levados ás cuestiós sociais e políticas debían conducir a unha crítica do Antigo Réxime e a un desexo de reforma da sociedade, da economía e da política. Hai toda unha filosofía política que pon de relevo que todo ser humano cando nace ten dereitos inherentes ao feito de ser persoa polo que cuestiona a sociedade estamental baseada no privilexio e a diferenza de dereitos. Agora hai unha defensa da liberdade e da igualdade xurídica. Se os individuos nacemos con dereitos, entón o Estado non é quen os concede senón quen debe defendelos e acrecentalos polo que tamén se pon en cuestión o absolutismo monárquico. Aparecen entón conceptos como **soberanía nacional** ou **división de poderes** que van socavar os cimentos do Antigo Réxime. Esa ansia de liberdade leva á Ilustración a defender a liberdade de mercado e de producción criticando o intervencionismo do Estado.

O tradicionalismo dominante nas Universidades e na maior parte das institucións educativas fixo que as ideas ilustradas se difundiran en España a través de novas canles: tertulias, academias e salóns contribuíron a cubrir esa demanda, aínda que o principal medio de difusión foron as **Sociedades Económicas de Amigos do País**.

Estas institucións buscaban o desenvolvemento das comarcas onde se asentaban, pola vía de aplicar novos coñecementos á economía e promover a educación e a cultura, Jovellanos por exemplo defende unha educación pública ó alcance de todos, pero limitando a instrución a niveis básicos para a maioría, elitista por tanto. Aínda que se constituíron multitud de Sociedades en España, os seus logros foron modestos. Con todo, a súa presenza en moitas cidades serviu de revulsivo social, converténdose en centros de irradiación cultural, que suscitarían o receo dos grupos máis conservadores.

A propagación das ideas ilustradas en España viuse facilitada tamén polo desenvolvemento da prensa. Os “**papeis periódicos**” eran publicacións privadas, impresas co permiso oficial e sometidas á censura eclesiástica.

O reformismo ilustrado español do S.XVIII, que atopou o apoio de monarcas como **Carlos III**, consistiu nun programa de reformas políticas, económicas, sociais e culturais que pretenderon sacar a España do seu atraso sen mudar as estruturas herdadas do Antigo Réxime. Mais estas reformas foron rexeitadas polos sectores privilexiados, a nobreza e o clero, na medida en que ameazaban a súa preponderancia social, e tampouco foron apoiadas polas masas populares debido ao seu analfabetismo e á influencia do pensamento tradicional procedente dos púlpitos das igrexas.

O **despotismo ilustrado**, modelo político do absolutismo que incorpora ideas da Ilustración, estivo tamén moi limitado xa que cando esas reformas pretendían cambiar os puntos vitais da sociedade estamental e das estruturas económicas, os proxectos paralizábanse porque os privilexiados se opoñían. Os gobernos reformistas non mudaron o réxime social da propiedade da terra, nin solucionaron a miseria dos grupos sociais máis desfavorecidos, nin o atraso científico- técnico.

BLOQUE 3**SÉCULOS XVI-XVII****Converso.**

Froito da política de uniformidade relixiosa dos Reis Católicos, a poboación xudea e musulmá tivo que exiliarse ou abandonar a súa fe para converterse ao cristianismo. A desconfianza predominou contra este segundo grupo, os conversos, e foron vixiados e perseguidos pola Inquisición.

Mourisco.

Son os antigos musulmáns convertidos ao cristianismo para evitar a súa expulsión. Constituían un problema relixioso xa que mantiñan a lingua e costumes islámicos. Ademais eran sospeitosos de seren aliados dos piratas berberiscos. Protagonizaron un levantamento en Granada entre 1568 1571 e acabaron por ser expulsados en 1609 producíndose unha grave crise económica.

Terzos.

Unidades de elite do exército dos Austrias españois. Foron esenciais para a hexemonía terrestre do Imperio español. Estaban formados por voluntarios profesionais a diferenza doutros exércitos da época, compostos por levas forzosas e mercenarios. Destacaron especialmente os Terzos de Flandes.

Gran Armada.

A gran frota organizada por Filipe II co fin de invadir Inglaterra en 1588, cortando así a axuda británica aos sublevados flamengos. A expedición foi un fracaso completo e ademais de acrecentar o poder naval inglés, impidiu solucionar o problema de Flandres.

Valido.

Figura política que aparece durante o reinado dos Austrias menores (Felipe III, Felipe IV e Carlos II). Era unha especie de ministro principal que actuaba no nome do monarca e que só podía ser nomeado e cesado por este. Destacaron Os Duques de Lerma e Uceda e sobre todo o Conde-Duque de Olivares.

Unión de Armas.

O Conde-Duque de Olivares, valido de Felipe IV, ideou unha fórmula para evitar que o esforzo militar e financeiro recaera exclusivamente sobre unha Castela exhausta. A Unión de Armas supuña a creación dun exército permanente, sustentado por todos os reinos en función da súa riqueza e poboación. Tivo escaso éxito en Aragón e Valencia e atopou unha forte oposición en Cataluña e Portugal a cal desembocou nas rebeliós de 1640.

Xuntas do Reino de Galicia.

Unha das institucións principais de goberno na época dos Austrias. Estaban compostas polos representantes das provincias que integraban o Reino. A súa función era transmitir as peticións da monarquía e as demandas da sociedade galega.

BLOQUE 4

SÉCULO XVIII

Paz de Utrecht.

Un dos tratados que poñen fin á Guerra de Sucesión Española. Tras el estableceuse un novo sistema de relacións internacionais baseado no equilibrio entre as potencias. Outras consecuencias serán a perda das posesións europeas de España e a conversión do reino Unido na principal potencia marítima.

Antigo Réxime.

Sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ó XVIII. Caracterízase pola monarquía absoluta como forma predominante de goberno, unha economía de base agraria e unha sociedade de carácter estamental. Entrou en crise coa Revolución Francesa de 1789.

Decretos de Nova Planta.

Conxunto de decretos promulgados por Felipe V a principios do XVIII polos cales se suprimiron foros e institucións propias dos reinos da Coroa de Aragón. Así todos os territorios da monarquía española pasaban a ter un sistema de goberno uniforme coa excepción de Navarra e as Provincias Vascas que polo seu apoio ó novo rei conservaron os seus foros.

Regalismo borbónico.

Así se designa ao intervencionismo dos monarcas nalgúns aspectos da Igrexa co fin de limitar o seu poder, controlándoa política e economicamente. Felipe V reservouse o dereito a designar os cargos eclesiásticos en España así como recadar as rendas das sedes episcopais vacantes. O acordo coa Igrexa chegou mediante a sinatura do concordato de 1737.

Despotismo Ilustrado.

Modelo político que conciliou o absolutismo monárquico co espírito reformista da Ilustración. En España Carlos III foi o seu mellor representante e durante o seu reinado destacou a preocupación por mellorar a economía do país así como a organización e racionalización do Estado, tendendo á centralización administrativa e profesionalización dos funcionarios.

Motín de Esquilache.

Recibe ese nome polo ministro de Carlos III. A revolta popular estoupor polas medidas que para garantir a orde pública tomou este político reformista. Hai varias causas que explican o motín: oposición dos privilexiados, odio ao estranxeiro... Esquilache foi destituido e as reformas moderáronse.

Catastro de Ensenada.

Avaliación da riqueza da Coroa de Castela iniciada en 1749, a instancias do Marqués de Ensenada. Tiña como obxectivo permitir a aplicación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais, racionalizando así o sistema fiscal castelán. As protestas dos grupos privilexiados frustraron a aplicación do proxecto. Constitúe unha fonte de grande valor para o estudo da poboación e a economía da época.

2^a AVALIACIÓN

BLOQUES 5-8

1º PARCIAL

SÉCULO XIX

1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).
2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.
3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).
4. A construcción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas).
5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.
6. A I República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).

Os efectos da Revolución Francesa, coas súas influencias ideolóxicas, e o conflito dinástico de 1808 en España abriron un enfrentamento entre dous modelos políticos ben diferenciados, por un lado, o absolutismo e, por outro, o liberalismo. A invasión napoleónica de 1808 marcou o inicio da revolución liberal española que tivo a súa máxima expresión nas Cortes de Cádiz na Constitución de 1812.

Nos primeiros anos do século XIX a monarquía de **Carlos IV** estaba moi desprestixiada; tanto a parella real como o seu favorito, e home forte do momento, **Godoy** foron obxecto de oposición por parte de dúas correntes que pretendían cambiar o estilo de gobernar, unha nun sentido máis conservador e outra de signo liberal.

O controvertido Godoy levara a cabo unha política que lle granxeou moitos e poderosos inimigos. Así a desamortización, coa que pretendía fazer fronte á crise financeira ocasionada polas recentes guerras con Francia e Reino Unido, traduciuse na expropiación de bens da Igrexa e a súa venda en poxa pública. A medida non solucionou os crónicos problemas financeiros da Coroa española, vítima entre outros males dun sistema fiscal ineficaz, pero si que provocou desafecto entre a institución eclesiástica e o valido.

Por outra parte tras un período inicial de hostilidade cara á neonata República francesa, manifestada na **Guerra dos Pireneos**, a política exterior española vai quedar supeditada aos intereses franceses trala sinatura da **Paz de Basilea** e posteriormente do **Tratado de San Ildefonso**. Esta alianza resultou prexudicial para os españois que sufrieron graves perdas navais ante os británicos na **batalla de Trafalgar**. Un novo Tratado, o de **Fontainebleau**, permite a entrada de tropas francesas en España para ocupar Portugal, nación esta aliada de Inglaterra e que se nega a aceptar o bloqueo continental decretado polo emperador francés **Napoleón**. Godoy, que era o secretario de Estado de Carlos IV, autorizou o paso por España das tropas francesas acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reinado dos Algarves para o ministro español.

Esta política errática e o rexeitamento que en boa parte da Corte producía o seu rápido ascenso malia ser de orixe fidalga, era por tanto visto coma un advenedizo, provocaron a creación dun partido antigodoyista ou fernandino, ao estar integrado por partidarios do príncipe. A conspiración para substituír a Carlos IV polo seu fillo Fernando fracasou nun primeiro intento, A **Conxura do Escorial**, pero tivo éxito na segunda intentona, o **Motín de Aranxuez**.

A partir de 1808 comezou o malestar popular debido a entrada e presenza das tropas francesas en España. Cando Godoy comprende que a ocupación de Portugal implica tamén a ocupación de España decide trasladar a familia real a América como xa o fixera a coroa portuguesa, refuxiada en Brasil. Isto provocou que, en marzo de 1808, tivera

lugar o Motín de Aranxuez onde grupos de alborotadores contando co apoio de gardas e grupos de nobres defensores de **Fernando VII** asaltaron o pazo real e obligaron a Carlos IV a abdicar no nome do seu fillo, sendo este proclamado rei de España.

Tras estes sucesos, Carlos IV pediu axuda a Napoleón. Coa excusa de mediar nas disputas familiares reuniu a Carlos IV e Fernando VII en Baiona (Francia), logrando que Fernando VII devolvera o trono ao seu pai quen a súa vez entrega os dereitos dinásticos a Napoleón o cal vaillo entregar ao seu irmán **Xosé Bonaparte**, nomeado polo tanto rei de España co nome de Xosé I. Son as coñecidas como “**Abdicacións de Baiona**”. Con elas as intencións do emperador francés quedan definitivamente claras, colocando no trono do país veciño un monarca da súa familia para convertelo nun reino satélite. Práctica esta habitual, nepotismo, en Napoleón nos territorios que conquista. A cambio, ambos foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia

A tensión entre o pobo español e as tropas francesas medra coa saída dos Borbóns cara Francia. Os madrileños levántanse contra os soldados galos o **2 de maio de 1808** dando comezo así á **Guerra da Independencia**. O xeneral Murat, ao mando do exército francés vai reprimir con dureza o levantamento popular, producíndose centos de mortes. As medidas represivas non frean a extensión da sublevación por todo o territorio español a medida que ían chegando as noticias do ocorrido en Madrid.

A chegada da nova dinastía encarnada na persoa de **Xosé I** trae o intento de instaurar un sistema de governo baseado nos principios do liberalismo político, aínda que con marcado carácter autoritario. Mesmo se redacta, por parte de ilustrados españois, seguindo directrices de Napoleón, o **Estatuto de Baiona**, Unha carta outorgada na que se intenta conxugar a tradición española con reformas de carácter liberal. Van ser minoría os que apoien ao novo monarca, serán coñecidos como **afrancesados**. A súa postura se explica ou ben porque pensaban que o novo governo era a única vía para acadar a renovación e o cambio en España ou por ver neste colaboracionismo unha forma de ascender socialmente.

A actitude máis habitual foi a “patriótica”, a de resistir ao invasor. Dita resistencia organizouse dende ben cedo coa constitución de **Xuntas**. En numerosas poboacións xurdiu unha xunta local. Para maior coordinación, as xuntas provinciais formaron a **Xunta Suprema Central de España e Indias** que exerceu o governo de España. Neste movemento participaron tanto elementos de orixe popular como cargos do Antigo Réxime e dirixiron a defensa fronte aos franceses sobre todo nas cidades. Xa se percibe nestas Xuntas a dualidade entre os patriotas: por un lado están os liberais e por outra os absolutistas. Ambos coinciden na necesidade de expulsar aos franceses pero mentres os primeiros viron a coxuntura moi propicia para reformar a monarquía e derrubar o Antigo Réxime, os absolutistas desexan a volta dos Borbóns nun reino baixo os mesmos principios da vella orde. A pugna entre estos aliados forzosos vai ser especialmente clara nas **Cortes de Cádiz**, estas foron convocadas pola rexencia que substituira á Xunta Central. A proposta dos liberais artelláronse nunha única cámara que asumiou a soberanía nacional e elaborou unha constitución.

Mentres os deputados deliberaban en Cádiz a guerra seguía o seu curso, A chegada do propio Napoleón á España despois da preocupante derrota das súas tropas na **batalla de Bailén** fai que os franceses recuperen o terreo perdido. Sen embargo malia ocupar case todo o territorio a acción dos exércitos británicos, agora aliados dos españois, desembarcados na Península ao mando do **Duque de Wellington** e a da **guerrilla**, resistencia popular xurdida espontaneamente e que golpeaba ás tropas francesas mediante partidas de diferentes tamaños, xunto cos problemas do emperador francés na súa campaña en Rusia, que van obrigar a retirar tropas de España para atender outras frontes, vai acabar por inclinar a balanza do lado español e obriga a Napoleón a poñer fin á que denominaba “maldita guerra de España” asinando con Fernando VII o **Tratado de Valençay** a finais de 1813, polo cal se lle devolve o trono e “O Desexado” pode volver ó seu reino.

Os afrancesados, acusados de traidores, deben exiliarse tras a dura persecución á que foron sometidos.

Durante a guerra, xurdiu a necesidade de convocar unhas **Cortes Xerais e Extraordinarias** para lexitimar acción política ante o baleiro de poder, coñecer a vontade do país e implementar reformas. A mayoría dos nobres e eclesiásticos trataban de restablecer o sistema político tradicional, pero os liberais eran conscientes da oportunidade presentada para unha transformación política que restrinxira o poder real e establecera unha **Constitución baseada na soberanía da nación e separación de poderes**.

Estas Cortes reuníronse en Cádiz o 24 de setembro de 1810. Predominaron os deputados de clases medias, aínda que tamén tiñan moito protagonismo os eclesiásticos, avogados, militares... sempre **divididos ideoloxicamente en liberais e absolutistas**. Estas Cortes promulgaron numerosos decretos nos que se eliminaban as estruturas e os fundamentos xurídicos do Antigo Réxime e se establecía un novo modelo político, administrativo, social e económico baseado nos principios do liberalismo, por iso eran considerados revolucionarios. Pero esta acción política era obra dunha élite, as masas populares influídas pola Igrexa consideraron estas reformas atentatorias contra a relixión e os costumes tradicionais.

O **19 de marzo de 1812** foi aprobada a **primeira constitución española**, “**A Pepa**”. Recollía o espírito e as ideas liberais que establecían un modelo político baseado na soberanía da nación (**soberanía popular**), a participación da cidadanía a través do sufraxio universal masculino indirecto e a monarquía como forma de governo, pero cun poder restrinxido e limitado pola Constitución. Establecíase unha ríxida **separación de poderes**, no que o poder executivo era exercido polo monarca (xefe de Estado e de Goberno); o poder lexislativo compartido entre as Cortes e o rei, onde as leis eran elaboradas polas Cortes, pero promulgadas polo monarca, coa posibilidade por parte deste de exercer o dereito de voto suspensivo. As Cortes eran unicamerais. Finalmente, o poder xudicial estaba en mans dos tribunais de xustiza coa posibilidade de realizar xuízos con xurado popular para determinados tipo de delitos.

Aparecían, distribuidos ao longo do articulado da constitución, os **dereitos e libertades dos cidadáns**, especialmente a liberdade de imprenta e de opinión, a igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado sexan estas fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obligatorio). Recoñécíase a propiedade individual como un derecho básico garantido polo Estado e para asegurar a orde pública e a defensa das liberdades contémplase un corpo de seguridade, a Milicia Nacional.

Fronte á diversidade administrativa e lexislativa do Antigo Réxime impúxose una lexislación que eliminaba os particularismos dos antigos reinos e os privilexios forais

(unitarismo e centralismo político). Ademais, declarábase a España como un **Estado confesional católico**.

En síntese, trátase dun texto revolucionario no senso de alterar as bases políticas e sociais do Antigo Réxime, pero tamén facía concesións á tradición na declaración do Estado confesional. De feito as Cortes gaditanas foron escenario de acendidos debates entre os servís ou absolutistas e os liberais. No texto resultante inténtase unir a tradición española co novo espírito revolucionario.

Nin a Constitución nin as leis emanadas das Cortes tiveron una aplicación práctica polo estado de guerra no que se vivía. Fernando VII, á súa volta, derrogou a Constitución e a obra lexislativa das Cortes de Cádiz, pero significou un referente e unha inspiración dos textos constitucionais posteriores.

3

A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO (AS ETAPAS DO REINADO).

Despois de asinar o **Tratado de Valençay**, a finais de 1813, Napoléon renuncia ao trono español e entrega a coroa a **Fernando VII** quen retornou a España en 1814 e reinou ata a súa morte en 1833. Durante este tempo gobernou dunha maneira vingativa, empregando todos os medios para actuar como un monarca absoluto. **Enfrontouse aos liberais e anulou o sistema político creado en Cádiz.** No seu reinado diferéncianse **tres períodos: o Sexenio Absolutista, o Trienio Liberal e a Década Ominosa.**

Aproveitando o contexto internacional favorable ao absolutismo, Napoleón fora derrotado e a **Santa Alianza** unía a case todas as monarquías europeas contra calquera brote liberal. Fernando VII “**O Desexado**” comeza o seu reinado cun período coñecido como **Sexenio Absolutista** que vai **dende 1814 ata 1820**. En marzo de 1814 Fernando VII foi recibido en España con grande entusiasmo popular, pero o seu retorno político representou unha volta ao Antigo Réxime. Os liberais esixían que o rei acatase e aprobase os decretos e a Constitución de 1812, pero os absolutistas defendían que o rei debía recuperar a plenitude da súa soberanía e declarar nulas todas as reformas. Así Ilo pediu un grupo de deputados desta última ideoloxía a través do documento **Manifesto dos Persas** que toma o seu nome do costume existente na antiga Persia de gozar de cinco días de anarquía despois da morte do rei. Os autores identificaban esa anarquía co período do liberalismo vixente dende a Constitución de Cádiz ata ese momento.

Mediante o **Decreto de Valencia** Fernando VII oficializa o retorno ao absolutismo e ao Antigo Réxime, isto causou unha escasa oposición nas masas populares, que identificaban as reformas liberais como agresións á relixión e aos costumes tradicionais. Así restauráronse a Inquisición, a Mesta, os antigos gremios e estableceuse a devolución dos bens desamortizados. Os liberais foron perseguidos e a represión significou cárcere, desterro ou pena de morte, o cal levou a moitos deles ao exilio, sendo Francia e Reino Unido os principais destinos e, dende alí, tiveron que recorrer á conspiración e ao **pronunciamento**, é dicir, ao levantamento de parte do exército que se pronuncia a favor da substitución da monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da Constitución de Cádiz, para poder chegar ao poder.

Neste período a ineficacia do goberno é a nota predominante, son moitos os problemas aos que ten que fazer fronte, algúns moi graves e relacionados entre si, como a **guerra pola independencia das colonias americanas** que xeraba un elevado gasto e colapsaba o comercio colonial e os ingresos deste, e a **crise da Facenda real**, para solucionar os problemas desta era preciso reformala e a iso se negaban os grupos nos que se apoiaba o absolutismo. Para empeorar más as cousas os continuos cambios de goberno, Fernando VII tiña un carácter caprichoso e voluble, provocan unha gran inestabilidade.

A mencionada represión non detivo a acción dos liberais. A conexión entre os grupos civís e os militares descontentos, moitos deles destacados na Guerra da Independencia, desembocou nunha longa serie de **pronunciamentos militares**, entre 1814 e 1820 houbo ata oito (**Espoz Y Mina, Díaz Porlier...**), que caracterizaron todo o século XIX español e que abren a porta ao protagonismo do exército na vida política.

Froito do éxito dun deses pronunciamentos, ten lugar o inicio da seguinte etapa do reinado de Fernando VII, o **Trienio Liberal**. En xaneiro de 1820, ao mando das tropas preparadas en Andalucía para ir combater aos independentistas americanos, **Rafael Riego**, esixiu en Sevilla o restablecemento da Constitución do 12. Ese levantamento foi secundado en Galicia, Andalucía e varias cidades españolas. Ante o triunfo liberal, Fernando VII viuse obrigado a aceptar a Constitución o 10 de marzo de 1820 desdecíndose do manifestado no anteriormente citado Decreto de Valencia agora o rei proclama “**Todos e eu o primeiro pola senda da Constitución**”.

Os gobernos liberais restableceron a lexislación aprobada polas Cortes de Cádiz: Constitución, Cortes, eleccións baseadas no sufraxio universal indirecto, Milicia Nacional, corpo este último de voluntarios para a defensa do sistema constitucional, supresión definitiva da Inquisición... Ademais deron un novo pulo ás transformacións sociais, económicas e administrativas.

As diferenzas entre os liberais sobre temas como a necesidade ou non de modificar a Constitución, o poder da Coroa, a participación política ou a soberanía da nación, deron lugar á aparición de dúas correntes, os **moderados** que desexaban un compromiso coas antigas clases dominantes para que aceptasen as reformas concedendo para iso un maior poder ao rei e creando unha segunda cámara, un Senado aristocrático e introducindo o sufraxio censitario, restrinxindo así o número de persoas con dereito ao voto ao limitalo a aqueles que posúan determinada cantidade de bens ou perciban determinadas rendas, reformando así en sentido conservador “**a Pepa**” e os **exaltados** que propoñían volver á Constitución de 1812 e levar a cabo reformas radicais baseadas nun liberalismo “popular”. As diferencias entre os dous grupos prolongáronse ao longo do Trienio, áinda que os moderados mantiveron o poder case todo este período.

Esta división liberal favoreceu os intentos absolutistas de restaurar o Antigo Réxime, contando co apoio de **Fernando VII, que nunca acatou sinceramente á imposición da Constitución** e conspirou para recuperar o poder absoluto. Tampouco a situación internacional era favorable xa que **en Europa predominaban as monarquías absolutas**. A isto hai que sumarlle a existencia de guerrillas realistas en territorio peninsular, a persistencia da guerra de independencia das colonias americanas, as manobras internacionais da **Santa Alianza** e a permanente crise económica.

O derradeiro período do reinado de Fernando VII é a **Década Ominosa**. Comeza no ano **1823 e remata no 1833**. O medo á extensión da revolución por Europa levou á **Santa Alianza**, pacto entre as monarquías absolutistas europeas que tiña como obxectivo

primordial o mantemento do absolutismo en Europa e a represión de movementos revolucionarios ou liberais, a decidir a súa intervención en España para restaurar o goberno absolutista de Fernando VII. A intervención dos **Cen Mil Fillos de San Luís**, tropas francesas ao mando do Duque de Angulema coa axuda dos voluntarios realistas, permitiron unha restauración absolutista e unha nova etapa de dura represión contra os liberais. Moitos dos seus líderes e simpatizantes foron perseguidos ou executados, entre eles o propio Riego. A pesar da persecución, os liberais seguirón conspirando para restablecer as liberdades en España, fracasando nos seus intentos.

Houbo unha depuración no exército e na administración pública. Toda a poboación estivo sometida ao control da policía e dos corpos de Voluntarios Realistas. De novo houbo un regreso do Antigo Réxime, pero a Sta. Inquisición xa non volveu ser restaurada. Malia a feroz persecución contra os liberais, que provocou un exilio masivo, Fernando VII suavizou algúns aspectos do absolutismo, intentando modernizarse áinda que a través dun despotismo anacrónico. A consecuencia foi que os ultrarrealistas acusaron de pusilánime a Fernando VII e fóreronse agrupando arredor do seu irmán **Carlos** quen, ante a falta de descendencia do monarca, era considerado o futuro herdeiro do trono. Chegando mesmo a producirse sublevacións absolutistas como a **dos agraviados ou malcontents** en Cataluña, reprimida con dureza.

En 1829 Fernando VII casou con María Cristina de Borbón e consegue ter dúas fillas. Antes da súa morte derroga a **Lei Sálica** a cal pechaba o acceso ao trono ás mulleres a través da **Pragmática Sanción** para que a súa filla **Isabel II** puidera reinar o que dará lugar a un conflito sucesorio e a unha guerra civil que terá varios episodios ó longo do XIX, as **Guerras Carlistas**.

Entre 1808 e 1833 España viviu un proceso histórico caracterizado polo enfrentamento entre dous modelos políticos e ideolóxicos: absolutismo e liberalismo con dominio do primeiro. A guerra civil aberta en España polo carlismo ante a sucesión de Fernando VII, propicia que o liberalismo finalice co seu ostracismo e se converta no principal apoio da rexente María Cristina de Borbón para garantir que o trono español recaia na súa filla Isabel.

O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no século XIX, no grupo hexemónico da sociedade debido ao desenvolvemento do comercio e a Revolución Industrial. O seu dominio social vai paralelo ao triunfo das revolucións políticas liberais. Defende un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade, igualdade xurídica, limitación da autoridade, división tripartita do poder: executivo (Goberno), lexislativo (Cortes) e xudicial (Tribunais). Defende a participación política dos cidadáns para a elección de representantes nas Cortes ou Parlamento, depósito da soberanía nacional. Todo este sistema político está sustentado no imperio da lei que ten na Constitución a lei suprema fundamental.

O liberalismo non só é filosofía política; **en economía defende a propiedade privada** individual, considerada como un valor absoluto, a liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos e o libre xogo da oferta e da demanda como mecanismo xerador da riqueza e regulador das actividades económicas.

O liberalismo foi unha ideoloxía revolucionaria que pronto se dividirá en **dúas correntes** en función do criterio de participación política da poboación: **o liberalismo doutrinario e o liberalismo democrático**.

O liberalismo doutrinario e conservador foi a corrente maioritaria en España e Europa ata mediados do século XIX. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor dos grupos económicos poderosos de perder a súa posición hexemónica na sociedade. Os trazos que o definen son: **monarquía constitucional, soberanía compartida entre o rei e as Cortes, restrición da participación política** (o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado únicamente a aqueles que posúan un determinado poder económico, sufraxio censatario), **limitación dos dereitos individuais e catolicismo de Estado**.

No caso español o afán de control das elites políticas permitiu e mesmo potencióu a existencia de graves vicios no sistema, especialmente a fraude electoral e o caciquismo. A época liberal en España abrangue a **Rexencia de María Cristina** e a de **Espártalo, o reinado de Isabel II, o Sexenio democrático e a Restauración borbónica**, un período no que se promulgarán unha carta outorgada, o **Estatuto Real** (1834) e catro constitucións (1837, 1845, 1869 e 1876) que responden aos intereses das ideoloxías no poder e reflecten as tensións políticas características da época. A monarquía constitucional doutrinaria foi o modelo político dominante na España liberal aínda que tamén houbo momentos de liberalismo democrático e de ditaduras, así como a primeira experiencia republicana.

En España, a posta en práctica do liberalismo doutrinario tamén provocou unha escisión entre os **moderados** e os **progresistas**. Os primeiros asumiron plenamente os principios do liberalismo doutrinario, exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españoles e o apoio dos grupos poderosos da sociedade. Son partidarios dun férreo control do poder municipal por parte do goberno, limitan as liberdades civís e eliminan a Milicia Nacional. Os progresistas, en cambio, reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, un maior grao de descentralización municipal, unha interpretación más ampla das liberdades, en especial a de prensa, e unha maior liberdade de culto dentro do estado confesional.

A crecente moderación dos progresistas provocou unha disidencia dos mesmos, xurdiron así os **demócratas** en 1840. Constituían unha minoría radical, dividida a súa vez entre os partidarios da monarquía e os partidarios da república.

O liberalismo democrático defendía a soberanía popular como principio básico sobre o que debían asentarse todas as institucións políticas, a participación popular mediante sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos, ríxida separación de poderes, unha ampla carta de dereitos e liberdades aos que consideran inalienables e inherentes á naturaleza humana, un goberno como froito da vontade popular, liberdade de cultos e separación da Igrexa e Estado. Nestes principios inspirouse a **Constitución de 1869**. Unha constitución que inaugura en España a monarquía parlamentaria, onde rei reina, pero non goberna. O republicanismo aproveitou o curto reinado de **Amadeo de Saboya** para proclamar a I República, plantear a discusión do modelo territorial e reivindicarse como o sistema verdadeiramente democrático.

No enfrentamento político xogaron un papel clave a Coroa e os militares. A debilidade e división dos grupos políticos, incapaces de impore polas súas propias forzas, permitiu que numerosos xefes militares se converteran no apoio ou recurso para conquistar o poder. Cada grupo tiña os seus propios “**Espadóns**” Espartero, Narváez, O’Donnell... que se van converter nos principais protagonistas da política española do XIX.

A Coroa pola súa parte, conservou unha grande capacidade decisoria á hora de nomear goberno, amosando unha **predilección**, tanto por parte de María Cristina como de Isabel II **polos moderados**, que terán o poder durante a **Década moderada** (1844-54) na cal o **xeneral Narváez** será a figura más destacada. Isto empurra ás restantes forzas políticas rexitar o xogo político e recorrer aos **pronunciamentos**, rebelións militares contra o goberno, e aos motíns populares, se ben non serán os únicos que o empreguen. Grazas a isto os progresistas acadaron o poder en breves períodos: **Rexencia de Espartero** (1840-43) que sucede a María Cristina tras a súa vitoria na I Guerra Carlista e a paz conseguida co “**Convenio de Vergara**” e o **Bienio Progresista** (1854-56) nacido á calor do pronunciamento do Xeneral O’Donnell, “**Vicalvarada**”, co pretexto da inestabilidade política e que acaba implicando á sociedade civil ata convertelo nunha revolución que conseguirá obxectivos non previstos polo propio **O’Donnell** líder da **Unión**

Liberal, agrupación política formada por moderados e progresistas que podemos considerar centrista, afastada dos extremos políticos.

Vai ser o propio O'Donnell o que poña fin ao Bienio Progresista cando rodee con tropas o Congreso e disolva o Parlamento propiciando a volta do moderantismo ao poder, é o período **moderado-unionista** xa que serán estas dúas forzas as que se alternen no goberno.

As prácticas ditatoriais do xeneral Narváez e de González Bravo nos últimos gobernos moderados, estenderon a impopularidade do réxime, entregado ao servizo dunha oligarquía sen escrúulos, e da raíña Isabel II, firme apoio do moderantismo. Así, no ano **1868**, a revolución coñecida como **Gloriosa ou Setembrina**, protagonizada por todas as forzas opositoras a Isabel II, expulsou os Borbóns do trono de España e abriu a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

O contexto no que se produce a revolución é de **profundo malestar social** provocado polas malas colleitas que traen aparellada a escaseza de cereais e a conseguinte suba dos prezos o cal dará lugar a unha crise de subsistencia, as dificultades económicas na industria: textil, siderúrxica e a escasa rendibilidade das vías férreas e nas finanzas, vítimas dunha crise bancaria e bolsista desencadeada polo estalido dunha burbulla especulativa arredor da construcción ferroviaria. A isto hai que sumarle o descontento da maioría da sociedade cun sistema político pouco permeable á participación da cidadanía e nada sensible ás novas necesidades dun país que mudara respecto á primeira metade do século. **A raíña estaba desprestixiada**, sobre todo porque a súa actitude política estaba influída pola súa conduta privada e amorosa, motivo de bromas na corte e en toda España

Ese descontento uniu a todos os grupos políticos opositores baixo unha causa común: establecer un goberno provisional que asumise os principios do liberalismo democrático e que convocase eleccións para constituir unhas novas Cortes, coa finalidade de elixir un novo modelo de Estado e redactar unha nova constitución. Así **os partidos progresista e demócrata** asinarán en Bélgica o **Pacto de Ostende**, coa finalidade de desalojar do trono a Isabel II, pouco despois únese a eles a **Unión Liberal**.

A **Revolución Gloriosa** iniciouse en **setembro de 1868** en Cádiz cun pronunciamento das tropas da mariña do **almirante Topete** e protagonizado tamén polos **xenerais Serrano e Prim**, os sublevados venceron ás tropas leais á raíña na **batalla de Ponte de Alcolea** (Córdoba). En paralelo a este clásico pronunciamento militar, xurdiron numerosas xuntas revolucionarias que reclamaban o sufraxio universal e a liberdade de prensa, ensino e asociación e a abolición dos impostos de consumo, moi impopulares xa que gravaban a compra de artigos de primeira necesidade, e da redención de quintas, recrutamento militar realizado por sorteo e que afectaba á quinta parte dos varóns de certa idade que non podían pagar a exención. Hai pois unha unión de pronunciamento e revolución social.

Tras o **exilio de Isabel II** a París, formouse un **Goberno provisional** integrado por unionistas e progresistas, **presidido por Serrano**, líder da Unión Liberal tras a morte de O'Donnell. Os demócratas quedaron fóra e con eles o sector máis revolucionario. O goberno puxo en marcha numerosas reformas políticas e económicas, entre elles a supresión do imposto de consumos, a emancipación dos fillos de escravos nacidos tras a revolución ou o decreto de liberdade de imprenta, e convocou Cortes constituíntes elixidas por sufraxio universal masculino.

Estas Cortes elaboraron unha nova **Constitución no 1869** que, inspirada nos principios do liberalismo democrático, establecía a soberanía nacional, entendida como popular; a monarquía como forma de governo; unha clara separación de poderes: o rei, constituído pero non constituínte, exercía o poder executivo e o poder xudicial estaba en mans dos tribunais con xurados; **Cortes bicamerais, formadas polo Congreso e o Senado** (os deputados do Congreso serían elixidos por sufraxio universal directo masculino, mentres que o Senado o será por vía indirecta a través de compromisarios); liberdade de cultos; Estado confesional; e dereitos e liberdades amplos, especialmente o derecho de asociación e reunión (nacerá a Federación Rexional Española da Asociación Internacional de Traballadores -FRE da AIT-).

Despois da promulgación da Constitución, **Serrano foi nomeado rexente provisional** mentres se buscaba un novo rei para España, que tiña que ser católico, liberal e contar co apoio das potencias europeas. Finalmente ese rei será **Amadeo de Saboya**. O asasinato de Prim, líder dos progresistas e home forte do momento, que deixa ao novo monarca sen o seu principal valedor, as dificultades de governo na coalición co permanente **acoso dos republicanos**, que non aceptaron a solución monárquica da Constitución, o descontento das clases populares urbanas e rurais, que non recibían respuestas ás súas demandas sociais, o regreso do problema carlista co **estalido da terceira Guerra Carlista, a sublevación en Cuba** e a falta de colaboración por parte dos sectores tradicionais provocaron que en febreiro de 1873 renunciara o que abriu paso á I República.

Tras a **renuncia ao trono de Amadeo I en febreiro de 1873**, polas distintas dificultades presentes no seu reinado (entre elas a crecente oposición republicana que, durante este breve reinado, tenta conseguir o apoio popular necesario para instaurar a República), o Congreso e o Senado reúnense convuntamente, formando a Asemblea Nacional, e deciden proclamar o 11 de febreiro de 1873 a República, a pesar de ser maioritariamente monárquicos. A mesma Asemblea Nacional asume todos os poderes e nomea presidente a **Estanislao Figueras**, quen exercería de xefe do Estado e do Goberno.

Existían **fortes diferenzas entre os republicanos** sobre a organización política da República o cal provocou debilidade no novo réxime e explica a súa brevidade, non chegou a dous anos, tempo no que se sucederon numerosos acontecementos: catro presidentes, unha intensa axitación social, dúas guerras (carlista e cubana) e a revolución cantonal.

As diferencias antes mencionadas sobre a organización da República eran notables: uns, os **unitarios**, defendían a creación dunha república unitaria; outros dunha fórmula federal, entre estes últimos tamén existían fortes diferencias, así os **federais gradualistas** avogaban pola configuración da federación dende arriba, é dicir que as Cortes constituíntes da nación decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación, mentres que os **federais intransixentes ou cantonalistas** defenderon que a federación debía facerse dende abaxo, mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores, os estados ou **Cantóns**, para construír dende eles, e por acordos libres entre iguais, a federación española.

Ante as tensións creadas por estas diferenzas, convocáronse novas eleccións (celebradas por sufraxio universal masculino) para formar unha Asemblea Nacional constituínte. Foron gañadas polos federais, polo que se proclamou a **república federal con Pi i Margall** como presidente. Consecuentemente, elaborouse un proxecto de Constitución federal que non se chegou a aprobar, nel **España quedaba organizada como unha federación formada por dezasete Estados federados**, incluídos Cuba e Porto Rico.

Por outra banda, incrementouse a axitación social e política (do que foi partícipe a AIT ou I Internacional), nalgunhas zonas os obreiros e campesiños protagonizaron folgas e protestas, ocuparon terras e esixiron melloras das súas condicións sociais. Ademais xurdiu con forza o **movemento cantonalista**, os federais intransixentes comenzaron a proclamar a independencia de cantóns, dito movemento tivo especial forza en Levante e Andalucía, destacando a proclamación do **Cantón de Cartaxena**, o primeiro en levantarse e o último

en ser reducido. A unión e manifestación de ambos problemas provocaron o fracaso de implantar a federación desde arriba e a dimisión de Pi i Margall.

O terceiro Goberno republicano estivo presidido por **Nicolás Salmerón** que tivo que apoiarse en militares como **Pavía e Martínez Campos** para rematar co cantonalismo e a guerra carlista e acceder ás súas peticións de restablecer a autoridade e a orde. A necesidade de ter que asinar penas de morte levou a Salmerón, contrario á pena capital, a dimitir.

O cuarto Goberno tivo como presidente a **Emilio Castelar**, defensor da República unitaria ou centralista. Apoiándose nos militares conservadores gobernou varios meses provocando o descontento dos federais que intentaron escoller un novo presidente da súa ideoloxía, ante ese risco o **xeneral Pavía** entra con tropas e gardas civís no Congreso e disolve a Asemblea Nacional. Nesta situación de baleiro do poder, o **xeneral Serrano** asume o poder executivo da República, suspendendo as garantías constitucionais ata rematar con esa situación de forte inestabilididade e convocar Cortes constituíntes. Isto, favorece os intentos do político **Cánovas del Castillo** de **restaurar a monarquía na persoa de Alfonso de Borbón**, ao que lle correspondían os dereitos sucesorios trala abdicación da súa nai Isabel II. Preséntase como un monarca constitucional e liberal no **Manifesto de Sandhurst**.

BLOQUE 5-8**SÉCULO XIX****Abdicacións de Baiona:**

Nome co que se coñecen as renuncias sucesivas ao trono español, que tiveron lugar nesa cidade francesa en maio de 1808, por parte de Carlos IV e o seu fillo Fernando VII a favor de Napoléon. Este cederá ditos dereitos ao seu irmán Xosé, o cal reinará co nome de Xosé I. Malia tratar de lexitimar este feito mediante a aprobación dunha carta outorgada, o Estatuto de Baiona, será un dos detonantes da Guerra da Independencia.

Afrancesados:

Españois que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte, eran un grupo reducido, na súa maioría pertencente ás elites sociopolíticas e culturais do país. O termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a condición de colaboracionistas cos invasores. Pensaban que o novo goberno era a única vía para acadar a renovación e o cambio en España. Tras a derrota francesa moitos tiveron que exiliarse.

Manifesto dos Persas:

Documento asinado en 1814 por deputados de ideoloxía absolutista, participantes nas Cortes de Cádiz, polo cal se instaba a Fernando VII a derogar a obra lexislativa das mesmas e a instaurar de novo o Antigo Réxime á súa chegada a España. Supón o inicio do Sexenio absolutista e será posteriormente respaldado polo Congreso de Viena. Toma o seu nome do costume existente en Persia no momento do cambio de monarca.

Pragmática Sanción:

Derrogación parcial da Lei sálica de Felipe V que permite o reinado das mulleres en liña hereditaria descendente en ausencia de varón. Foi promulgada por Fernando VII co obxectivo de que reinara a súa filla Isabel II en detrimento dos dereitos do seu irmán Carlos. Marca o comezo dos conflitos carlistas.

Desamortización:

Modificación do réxime de propiedade mediante a apropiación polo Estado, para a súa posterior venda, de bens de “mans mortas” ás institucións eclesiásticas e civís que tiñan prohibida o alleamento dos seus bens raíces. As principais operacións fixéronse a instancias de Mendizábal en 1836 e Madoz en 1855.

Cantonalismo:

Insurrección que tivo lugar durante a I República (1873-74) durante o goberno de Pi i Margall co obxectivo de implantar unha república federal. O proceso debía facerse “dende abajo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns. Os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía. O movemento fracasou e foi reprimido polo exército.

Estatuto Real:

Carta outorgada promulgada pola raíña rexente María Cristina de Borbón no nome da súa filla Isabel II, en 1834, durante o goberno de Martínez de la Rosa, como concesión aos liberais moderados por apoiala no contexto da Primeira Guerra Carlista. Supón a implantación dun réxime a medio camiño entre o liberalismo doutrinario e o absolutismo que non contentou a ningún dos partidos liberais.

Pronunciamento:

Forma de rebelión e intervencionismo militar en política característica da España do XIX na que un grupo de militares se posicionaba publicamente en contra do goberno e a favor dunha determinada facción política. Non implica loita armada, busca a adhesión das restantes forzas militares. Os numerosos pronunciamentos e a inxerencia do exército na vida política demostran a debilidade do poder civil e a falta dunha correcta implantación do réxime liberal.

Tratado de Valençay:

Tratado asinado a finais de 1813 no que Napoleón recoñecía a Fernando VII como rei de España poñendo fin á Guerra de independencia e implicando o seu regreso en 1814. O regreso do “Desexado” significou unha volta ao Antigo Régime ao non recoñecer o labor lexislativo das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 que serían abolidas polo propio rei.

Unión Liberal:

Partido fundado durante o Bienio progresista (1854-1856) e liderado polo espadón O'Donnell. Defende a monarquía liberal doutrinaria e ocupa o espazo político situado entre o partido Moderado e o Progresista. Nace con vocación de rematar coa rivalidade política entre as dúas faccions do liberalismo doutrinario español. Trala unificación de Cánovas formará parte do partido Conservador.

2^a AVALIACIÓN

BLOQUES 5-8

2º PARCIAL

SÉCULO XIX

7. A Restauración (retorno da monarquía, constitución de 1876 e vida política).
8. A cuestión nacional no último terzo do século XIX.
9. A reforma agraria liberal: as desamortizacóns.
10. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.
11. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).

A restauración da monarquía borbónica foi produto dun concienciado traballo preparatorio levado a cabo durante o **Sexenio Democrático** capitaneado por **Antonio Cánovas del Castillo**, político conservador moderado que aproveitou a favorable coxuntura internacional da era bismarckiana, proclive a solucións moderadas. “**Paz e orde**” son as palabras que resumen o seu programa e que van atraer tanto a clases medias como altas, temorosas de novos episodios revolucionarios como o do Sexenio. O plan de Cánovas contou tamén co apoio financeiro das elites económicas ultramarinas, sobre todo da cubana, interesadas no mantemento da escravitude.

Durante a Restauración Borbónica son coñecidas tres etapas: o **reinado de Alfonso XII** (1875-85), a **rexencia de María Cristina** de Habsburgo (1885-1902) e o **reinado constitucional de Afonso XIII** (1902-1923).

No **Manifesto de Sandhurst**, redactado por Cánovas e asinado por **Alfonso XII** na academia militar do mesmo nome onde se formaba, recóllense **as ideas básicas do proxecto restaurador** que se poden resumir en tres puntos:

Carácter aberto e integrador da monarquía constitucional.

Necesidade de que a tradición católica fose compatible coa liberdade.

Superación das dúas constitucións precedentes (1845 e 1869).

Tras o **pronunciamento do xeneral Martínez Campos** en 1874, mal visto por Cánovas que desexaba asignar ao exército un papel subordinado ao poder civil e ao sistema constitucional, chegou Alfonso XII a España e nomeou como presidente do Goberno a Cánovas o cal senta as bases políticas do novo réxime. Analizou a estabilidade do modelo político de Gran Bretaña e a propia historia de España para xustificar a recuperación do sistema de dobre confianza entre o rei e as Cortes propio do **liberalismo doutrinario** (síntese entre revolución e conservación, que pretende conseguir a liberdade con orde). A Coroa representaba a tradición e a unidade española e as Cortes representaban a vontade da nación.

Segundo as súas ideas a monarquía debía ser **constitucional doutrinaria** e o Goberno debía contar cunha dobre confianza: a da Coroa e a da Cortes. O Goberno debía ser nomeado pola Coroa pero para desempeñar a súa tarefa tiña que contar coa maioría parlamentaria nas Cortes. Se era necesario, **utilizábase a manipulación dos resultados electorais a través da fraude e dos caciques**.

Cánovas baseaba a estabilidade no bipartidismo: dous grandes partidos monárquicos (un no goberno e o outro na oposición) que se alternarían no exercicio do poder, **turnismo**. Aplicouse o modelo inglés en España e desta maneira apareceron o **Partido Conservador** liderado por Cánovas que incluía os antigos moderados e membros da Unión Liberal e o **Partido Liberal** dirixido por Sagasta formado por elementos do centro e esquerda do liberalismo. Fóra deste sistema turnista van quedar os republicanos, os carlistas e os movementos obreiros, tanto socialistas como anarquistas. Tanto Alfonso XII como a súa viúva ativéronse ao seu papel constitucional e, áinda que non foron pasivos, durante os seus reinados a alternancia, respaldada polos sólidos liderados dos políticos anteriormente citados, funcionou ben.

Outra idea importante deste sistema era a necesidade de **apartar ao exército da vida política e evitar os pronunciamentos**. De aí a importancia do acordo na quenda de goberno entre liberais e conservadores para garantir estabilidade ao sistema. Ese acordo afastaría a tentación do pronunciamento. Outro piar do seu pensamento político en prol da estabilidade era o de devolverlle á Igrexa o seu prestixio perdido durante o Sexenio Democrático, principalmente no campo educativo. Por último, era esencial que en materia de dereitos da cidadanía, **os partidos do sistema realizaran os avances a partir dun pacto, o que se denominou transaccionismo**.

Cánovas convocou eleccións constituíntes e as novas Cortes, con maioría de deputados do **Partido Conservador**, aprobaron a **Constitución de 1876**, ata o momento a más lonxeva da historia de España (47 anos), que era un híbrido entre a doutrinaria do 45, para as cuestiós principais de funcionamento, e a do 69, en materia de dereitos. Establecía un réxime oligárquico rexido por unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora. A soberanía estaba compartida entre o rei e as Cortes. A Coroa gozaba de prerrogativas xa que nomeaba libremente ao presidente dos ministros, sancionaba e promulgaba as leis, tiña derecho de veto, exercía o mando supremo das forzas armadas e dirixía a política exterior. Como consecuencia, o rei ademais de reinar tamén goberna. Todos estos poderes debían ser exercidos por ministros responsables ante as Cortes.

As **Cortes bicamerais** estaban constituídas polo **Congreso** cuxos membros serían elixidos polos cidadáns de acordo cunha lei electoral posterior e o **Senado** formado por membros vitalicios designados polo propio rei, por derecho propio (aristocracia, Igrexa, exército) ou elixidos polos maiores contribuíntes. As dúas cámaras compartían a iniciativa legal co rei. **Ao non precisarse o derecho de sufraxio este foi de tipo censitario ou universal masculino en función da lei electoral en vigor**. O sistema de Cánovas presenta unas cámaras que en nada reflictan a participación popular.

Os dereitos e liberdades aparecían recollidos, pero redactados de forma xenérica polo que necesitaba un desenvolvemento en leis posteriores de inferior rango. Isto permitía un tratamento más restritivo. Ademais, **esta Constitución establecía o catolicismo de Estado**, este facíase cargo do mantemento do culto, **aínda que tamén se recoñecía a liberdade de conciencia e de culto se ben limitada ás manifestacións privadas**. A

Constitución de 1876 destaca pola súa apertura e flexibilidade; esa falta de concreción explica a súa duración.

A defensa dun modelo de Estado unitario e centralista levou á **abolición dos foros vascos** (1876). As provincias vascas foron sometidas ao sistema común de recrutamento de homes para o exército, sen embargo o poder central subscribiu con esas provincias **os concertos económicos** ou fixación dun cupo económico para a recadación de impostos que realizarían as autoridades locais.

O **sistema da quenda** de mutuo acordo entre o partido gobernante e a oposición permitía garantir unha estabilidade política e evitar que a oposición recorrese ao pronunciamento. Cando o partido gobernante entraba nunha crise política, o rei chamaría ao xefe do partido da oposición para que formase novo goberno. A continuación, para que este novo goberno puidese ter o respaldo das Cortes, o rei procedía a disolver o Congreso e convocar novas eleccións co fin de que o resultado fora favorable. Este mecanismo no que o goberno non sae da maioría parlamentaria senón dun acordo entre os partidos hexemónicos coa aprobación do rei levou ao sistema a un proceso contínuo de **fraude electoral e falseamento dos procesos electorais**.

O sistema funcionaba de arriba a abaxo, **na cúspide estaba a minoría política dirixente**: senadores, deputados, ministros. Estreitamente conectados tanto pola súa procedencia social como polas súas relacións familiares e persoais cos grupos dominantes locais, donos de negocios, fábricas e terras; todos eles forman a **oligarquía dirixente** entre a que se escollían os candidatos. **Nun status intermedio estaba o gobernador civil** que, baixo a orde do ministro da gobernación colabora na elaboración do **encasillado (encaixado)**, é dicir unha lista co nome do futuro parlamentario en cada “casilla” do mapa electoral, distribuíndo así aos candidatos dos partidos gobernantes nas diferentes circunscripcións.

Para que o plan se cumprise segundo o previsto **os gobernadores civís daban instrucións aos alcaldes, nomeados por eles, e coa axuda dos caciques locais**, personaxes que gozaban dunha grande influencia sobre os veciños dunha comarca ou territorio, sobre todo rural, e a colaboración da Garda Civil controlaban aos electores para que votasen o candidato designado previamente. Se este proceso non era suficiente para asegurar a elección do candidato designado calquera método era válido para conseguilo: alterábanse as actas ou incluíase o voto de persoas inexistentes no censo (**resurrección de mortos**), falsificación de personalidades... A falsificación masiva de votos recibía o nome de **pucheirazo** (substitución dos votos depositados no pucheiro ou urna electoral por outros).

Os altos cargos, os gobernadores e os caciques, cada un no seu ámbito, concedían favores a cambio do apoio político. O pobo sentíase parte do sistema a través do cobro de favores, a compra de votos ou a fidelidade ao patrón. Por iso perdurou tanto tempo e o

panorama non variou cando se restaurou o sufraxio universal masculino cos liberais no poder.

En última instancia o goberno dispoñía no Congreso de maioría nas comisións que dabán por boas as actas electorais e podían anular as que lle eran desfaforables.

Este sistema corrupto que utilizaba calquera recurso para falsear os resultados electorais foi criticado duramente polo **Rexeneracionismo** e pola oposición política ao sistema da quenda. Con isto, aumenta considerablemente a conflitividade social e política que, ao sumarlle o desastre do 98, provoca o inicio dunha grave crise na rexencia de María Cristina.

No último terzo do século XIX, a semellanza do acontecido noutros lugares de Europa, en España desenvolvéronse os **rexionalismos e nacionalismos**. Estes movementos, opositos á política centralizadora da Restauración, xurdiron sobre todo en territorios periféricos dotados de elementos culturais diferenciados (Cataluña, País Vasco e Galicia).

Na orixe do **nacionalismo catalán** convivía un dobre sentimento colectivo, español e catalán, non exento de conflitos. A reivindicación da lingua e cultura catalás deu lugar á **Renaixença** na década dos 30, un movemento literario e cultural que impulsou un proceso de recuperación da cultura e a lingua propias. O paso do catalanismo cultural ó político tería lugar no último terzo do XIX.

Durante a I República o **federalismo** converteuse na base dunha opción política do catalanismo, o fracaso desta opción postergou a eclosión nacionalista. Durante a Restauración e o sistema canovista, uniformizador, provocou unha reacción baseada ao redor dunha dualidade ideolóxica:

-Unha **corrente conservadora**, católica, tradicionalista e burguesa que tivo o seu principal ideólogo en **Prat de la Riba** e que contou cun grande apoio social nas décadas iniciais do século XX. Aínda chegando á conclusión de que Cataluña é unha nación defende a súa integración dentro do Estado español (por vencellamentos históricos e convivencia secular co resto dos pobos de España).

-O **republicanismo federal catalán**, reclamaba a soberanía para Cataluña. **Valentí Ambrall** será o seu principal defensor. **Rovira i Virgili** defendeu a creación dun Estado catalán baseado e consolidado mediante a democracia, as liberdades cidadás, o reformismo social, o laicismo e o republicanismo.

O sector conservador impúxose a finais do XIX. Coas **Bases de Manresa** (1892) nas que se establecía un proxecto autonomista, non independentista, moderado e que intentaba entroncar coas leis ou liberdades perdidas en 1714. En 1901 creouse a **Lliga Regionalista**, primeiro gran partido do nacionalismo catalán.

O **galeguismo** tamén experimentou unha lenta evolución na segunda metade do século XIX. Nunha primeira etapa a Xeración de 1846, entre os que destaca **Antolín Faraldo**, que denuncia os problemas de Galicia; o provincialismo alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades. Ese impulso precursor viuse reforzado nos anos 60 polo **Rexurdimento**, o movemento cultural protagonizado por

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Pondal, Añón... que aspiraba á revitalización do galego como lingua literaria e non só oral. Historiadores como **Benito Vicetto e Manuel Murguía** que publican cadansúa Historia de Galicia contribuíron a subministrar argumentos ao nacente galeguismo xustificando o dereito a dispoñer dunha organización política propia baseándose nos feitos diferenciais galegos: costumes, lingua, pasado e sobre todo as orixes do pobo galego vencellados á raza celta (**celtismo**).

Con todo, será a partir de 1880 cando xurda o rexionalismo, defensor do dereito á autonomía política, e que tivo como figuras mais destacadas a **Murguía** que encabeza unha **corrente liberal**, herdeira do provincialismo e que defendía o dereito ao autogoberno, a necesidade de reformas económicas e sociais, era a corrente maioritaria, e o conservador **Alfredo Brañas** que lidera a **corrente tradicionalista**, defensora da descentralización administrativa, a recuperación da vella orde social e a autoridade moral da Igrexa. A súa concepción do rexionalismo incluía unhas institucións políticas rexionais que significaban a volta ao corporativismo gremial.

Ambas correntes confluíron na **Asociación Rexionalista Galega** cuxa actividade foi esmorecendo debido ás tensións entre os dous grupos. O grupo liberal fundou a **Liga Gallega** que vinculaba o liberalismo democrático co galeguismo progresista. Promoveu numerosas iniciativas culturais como a **fundación da Real Academia Galega en 1906**.

No **caso vasco**, a evolución foi diferente e estivo marcada por dous feitos, un político: a abolición dos foros en 1876, e outro económico, a industrialización.

Polo que respecta ao primeiro, as protestas desatadas pola medida levaron a Cánovas a aprobar os **Concertos Económicos** dous anos mais tarde, recoñecendo a autonomía fiscal das Provincias Vascas. Con todo, a plena reintegración foral daría lugar a un movemento reivindicativo. No tocante ao segundo aspecto prodúcese unha frustración de amplos sectores da sociedade biscaíña ante a rápida **industrialización** que tivo lugar dende 1880 e o conseguinte afluxo de emigrantes doutras partes de España e transformación da sociedade vasca tradicional.

Neste contexto xorde un pensamento nacionalista fortemente independentista e belicoso, encabezado por **Sabino Arana**. O seu ideario identificaba a etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou **Euskadi**, e desenvolve un discurso crítico cara o proceso de transformación industrial que experimenta o País Vasco que atrae traballadores de fóra, aos que despectivamente denomina maquetos, e que conduce a unha perda de identidade xa que representan a desvasquización e o españolismo, o liberalismo e o ateísmo. A reivindicación da raza, lingua e costumes tiña no seu discurso tintes xenófobos e racistas. Para defender a súa independencia fundou en 1895 o **Partido Nacionalista Vasco**, un partido de dereitas e ultracatólico co que se presentará ás eleccións chegando a ser elixido deputado, foise moderando e achegando aos postulados do catalanismo burgués da Lliga. Á súa morte o seu lugar no **PNV** foi ocupado por Ángel Zabala que completou a organización do mesmo.

No Antigo Réxime diversas normas, leis e prácticas cotiás condicionaban e limitaban a produción agrícola e a propiedade da terra. **Sobre a terra existía unha propiedade compartida** na cal o dereito eminente era ostentado polos titulares dos dominios (os señores: nobreza, clero) e un dereito de uso que era exercido polo campesiñado, quen carecendo do dominio pleno da terra debía pagar un canon ou renda aos señores. O patrimonio nobiliar estaba protexido pola figura xurídica do **morgado**, mentres que a igrexa posuía os denominados bens de **mans mortas** (doazóns que persoas falecidas entregaban á Igrexa) que non podían ser comprados nin alleados. Por iso a **burguesía liberal consideraba imprescindible realizar unha reforma agraria** para liberalizar a terra, convertela nunha mercadoría que se puidera comprar e vender e introducir criterios de eficiencia económica e capitalismo agrario. A medida más importante desta reforma agraria que afectaba ao concepto da propiedade da terra herdado do Antigo Réxime foi a desamortización.

A **desamortización** é un proceso de **confiscación de bens e terras pertencentes ao Clero ou os bens propios pertencentes aos concellos coa intención de poñelas en venta en poxa pública** e aumentar os ingresos do Estado co fin de solventar os problemas do endebedamento público deste.

A primeira desamortización levouse a cabo durante o Goberno de **Godoy** en 1798 por mor das dificultades facendísticas provocadas polas constantes guerras contra Inglaterra. Esta medida afectou aos bens pertencentes aos xesuítas, casas de beneficia e obras pías. Durante a revolución liberal as Cortes de Cádiz promulgaron diversas desamortizacóns polo que o Estado poña en venda os bens dos afrancesados, ordes militares e os dos mosteiros de menos de 12 membros, así como parte das terras pertencentes á Coroa. A chegada de Fernando VII significou a paralización e devolución dos bens desamortizados. O breve período do Trienio Liberal volveu a activar o proceso desamortizador, pero volveu ser paralizado polo absolutismo posterior.

A necesidade de solucionar os problemas facendísticos do Estado, recadar diñeiro para financiar a guerra que a rexente M^a Cristina estaba librando en contra o Carlismo nos anos trinta, ampliar a base de apoios ao liberalismo e á causa isabelina e desmantelar o poder económico da Igrexa deu lugar á **desamortización eclesiástica de Mendizábal** no 1836 que afectou ao clero regular. Esta medida veu precedida dun decreto sobre a supresión dos mosteiros en 1835.

No 1841 foi levada a cabo a **desamortización de Espartero** sobre os bens do clero secular, completando así o proceso de confiscación dos bens eclesiásticos iniciada por Mendizábal. O seu obxectivo era de carácter fiscal, recadar fondos para Facenda.

Coa chegada dos liberais moderados paralízase o proceso desamortizador sobre a Igrexa e asínase un concordato coa Santa Sede en 1851 polo que a Igrexa acata a perda do patrimonio posto en poxa pública para non xerar inseguridade xurídica nos novos propietarios, pero a cambio o Estado debe manter o culto e o clero español.

Por último, en 1855 tivo lugar a **desamortización de Madoz**, que, ademais de rematar a desamortización eclesiástica (bens das ordes militares), iniciou a desamortización civil. Esta afectaba aos bens de propios e terras baldías dos concellos. Este proceso xerou un gran impacto no mundo rural xa que os campesiños sen terras, os más afectados por esta medida polo uso que facían dos predios comunais para cultivar e alimentar ao gando a cambio do pago dun canon ao concello, non tiñan diñeiro para adquirir esas terras postas en poxa pública e acababan convertidos en xornaleiros para os novos donos das terras, maiormente a nobreza. Ademais os concellos, ao perder esa fonte de ingresos empobreceron o seu servizo asistencial en aspectos básicos como a educación primaria. Esta desamortización ampliou a superficie cultivada ao transformar os pastos e os montes en terras de cultivo.

Facendo un balance deste proceso podemos dicir que a desamortización supón a desaparición das fórmulas xurídicas do Antigo Réxime que protexían os patrimonios dos estamentos privilexiados e significa a liberalización do mercado de terras do que se beneficiou a propia nobreza e a burguesía, quen consideraba un valor empregar as súas rendas na adquisición de terras en lugar de dirixilas cara sectores que en Europa despuntaban como era o industrial. Esa transferencia de terras do clero a mans da nobreza e burguesía non mudou dun xeito significativo o campo español porque este cambio de propiedade non viña acompañado dunha modernización dos sistemas de cultivo.

O vello obxectivo dos informes dos ilustrados de xerar unha nova clase de propietarios agrícolas más vencellados co traballo da terra non tivo lugar ante a imposibilidade do campesiñado de adquirir as terras confiscadas polo Estado. A maior parte da poboación, que en España era campesiña, seguiu sen poder adquisitivo o que limitou moito o dinamismo do mercado interior e ademais agravou a condición social do campesiño sen terras e empobreceu os ingresos dos concellos. **Os compradores foron xente adiñeirada**, incrementouse o número de grandes terratenentes xa que a terra cambiou de mans **pero non se modificou o tamaño das propiedades nin se modernizaron as formas de explotación**. Outra consecuencia foi a posta en cultivo de moitas terras abandonadas aínda así o crecemento da producción foi escaso ata o último cuarto do XIX, a estrutura produtiva da agricultura española apenas se modificou e seguío baseándose na clásica tríade trigo, oliveira e vide.

A agricultura constituíu na España do XIX un sector clave, pero menos dinámico que outros países europeos, a producción non medrou máis debido ao atraso técnico e chegouse ao punto de que non foi suficiente para cubrir a demanda dunha poboación en crecemento. Tampouco foi motor de arrastre da demanda de produtos industriais para a súa aplicación no campo e non achegou capitais de forma notable. Pódese concluír **que o**

estancamiento agrícola foi unha das causas básicas do atraso da economía española durante este século.

En Galicia, polo mantemento do **sistema foral**, o que se saca a poxa pública son as rendas forais o cal provoca que non se altere o sistema agrario tradicional ata o ano 1926 coa **Lei de Redención de Foros**.

Como no resto de Europa o téxtil e a siderurxia foron sectores dinámicos na nacente industria, de feito o camiño cara á industrialización foi iniciado polo téxtil. A elas deben sumarse outras de menor peso, heranza da tradición artesanal e dos velllos obradoiros, así para moer gran ou fabricar papel os **muíños** tiveron unha lenta modernización, a comezos do XX só a cuarta parte se movía por gas ou vapor. As **industrias derivadas da explotación agraria** (aceite de oliva, viño, etc.) foron modernizándose na segunda metade do século, na expansión de viños e licores destacou o investimento estranxeiro (Domecq, Osborne, Garvey...). A **industria mecánica** tivo pouco peso, localizouse en Cataluña e País Vasco principalmente e fabricaba maquinaria téxtil e material ferroviario ou para estaleiros.

O desenvolvemento industrial en España presenta fortes desequilibrios rexionais, convivendo zonas industrializadas e urbanizadas con outras atrasadas e rurais. España experimentou un desenvolvemento industrial tardío e incompleto. Entre os factores que lastraron o despegue industrial están a **febleza do mercado interior** derivado das baixas rendas campesiñas, a maioría da poboación española; a **falta dunha burguesía emprendedora**; a **carencia de excedente de capital** e o emprego deste na compra de terras en lugar de dirixilo ao investimento industrial; a **dependencia tecnolóxica e enerxética** do exterior e un **proceso político convulso** pouco propicio para o desenvolvemento económico.

Cataluña constituíu a principal zona industrial de España onde o desenvolvemento téxtil propiciou a diversidade industrial co crecemento doutros sectores: metalurxia, química... para máis tarde, cara finais do século desenvolver a industria papeleira e editorial, así como as relacionadas coa transformación de produtos agrarios. Cataluña constituíu o caso máis temperán e completo de industrialización en España, contaba con abundante man de obra, existía unha mentalidade empresarial e gozou das vantaxes dunha política proteccionista que afastou durante boa parte do século a competencia dos téxtils ingleses.

Andalucía e Levante teñen en común un inicio industrializador temperán no sector siderúrxico e téxtil que non tivo continuidade, reorientándose cara a potenciación do sector agrario. No caso andaluz, o uso de carbón vexetal para o proceso de fundición dos fornos de Málaga e Marbella encareceu o prezo final do ferro forxado converténdoo en pouco competitivo.

Asturias e País Vasco tiveron como sector clave na industrialización a siderurxia vinculada a explotacións mineiras. No caso asturiano a presenza de carbón, moi protexido

polo Estado, daría lugar aos altos fornos de **Duro Felguera**. Porén o prezo de explotar o carbón asturiano era alto polo que a longo prazo non podía competir co carbón inglés. No caso vasco, a relación con Inglaterra foi clave ao intercambiar o ferro das minas de Somorrostro en Bilbao por carbón galés. A siderurxia vasca coñeceu unha grande expansión a partir de 1871 coa creación de varias empresas que foron orixe dos **Altos Hornos de Vizcaya**. Esta relación comercial permitiu potenciar o sector naval. Outro sector que se localiza no País Vasco é o relacionado coa metalurxia de transformación e a industria de explosivos. A súa vez a presenza de sectores moi demandantes de capital favoreceu a creación dun sector financeiro moi potente (**Banco de Bilbao, Banco de Vizcaya...**).

En **Galicia** o panorama industrializador é pobre debido á competencia doutras zonas. O liño, materia téxtil por excelencia, non resistiu a competencia do algodón e foi desaparecendo mentres que a salgadura da pesca deu lugar a unha importante industria conserveira de peixe. Cabe destacar tamén a construcción naval e o desenvolvemento da producción hidroeléctrica aproveitando a abundancia de cursos de auga.

Polo que se refire á formación do **mercado interior** a lexislación liberal aboliu os obstáculos legais contrarios á liberdade de circulación e producción de bens (supresión de aranceis interiores, unificación de pesos e medidas...) e procurou a construcción de mellores vías de comunicación para conseguir un mercado interior cada vez máis integrado.

A introdución do **ferrocarril** en España, símbolo do progreso e modernización, foi tardía. O primeiro ferrocarril inglés dedicado a transporte de viaxeiros funcionou en 1830, en España non o fixo ata 1848, nun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró.

A **Lei xeral de ferrocarrís de 1855** veu poñer orde no proceso de adxudicación da construcción e explotación dos tramos de vía o que impulsou o investimento cara este sector tanto de capital interior como estranxeiro. A desamortización de Madoz perseguía precisamente a obtención de recursos para financiar a construcción deste medio de transporte. Deseñouse un trazado radial desde Madrid ata os puntos extremos da periferia cun ancho de vía maior que o europeo derivado das características orográficas do terreo que aconsellaron esta medida, ocasionando problemas á hora de unilas con trazados europeos más estreitos o que supuxo graves prexuízos para a economía española. A construcción e explotación das liñas podía ser realizada polo goberno ou por compañías privadas.

Para facilitar a construcción dos ferrocarrís, o Estado concedía vantaxes aos investidores privados e para o seu financiamento contou con **tres fontes de recursos: a subvención estatal, o capital dos accionistas e o líquido das obrigacións que emitían as propias compañías ferroviarias**.

Na construcción dos trazados ferroviarios diferéncianse varias fases:

- **Antes de 1855:** só se construirán 440 quilómetros de liñas ferroviarias repartidos nas zonas de Barcelona, Madrid e Asturias.
- **1855-1865:** construcción, a bo ritmo, das principais vías, grazas ao apoio estatal e aos investimentos estranxeiros (especialmente franceses).
- **1866-1876:** paralización da construcción de novas vías porque non se produciron os beneficios esperados, debido ao atraso xeral do país. Neste período a especulación arrastrou á economía a unha gran crise que ocasionou a creba do sistema bancario, a caída dos prezos e un déficit orzamentario crónico.
- **1877-1895:** relanzamento da construcción ferroviaria realizada polas grandes compañías que explotaban as respectivas zonas de concesión do servizo.
- **1896-1936:** continuou a tendencia anterior, pero con moita lentitude.

O papel do ferrocarril no desenvolvemento económico de España é obxecto de controversia entre os historiadores. Para uns foi considerable pois, nun país con graves dificultades orográficas, permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías. Para outros, os efectos foron inferiores dos que se podían esperar debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, con grave prexuízo para o desenvolvemento do sector siderúrxico español.

Na sociedade de clases que se configurou paralelamente á industrialización e ao desenvolvemento capitalista, existiu unha importante conflitivididade social que deu orixe ao nacemento de organizacións que loitaron para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora. O conxunto destas actividades chámase **movemento obreiro**.

Malia as duras condicións de vida e traballo, non foi ata 1868 cando xurdiu un movemento obreiro organizado pola influencia da **I Internacional**, organización creada co obxectivo de potenciar a unión e a loita dos traballadores pola súa emancipación en todo o mundo. Con anterioridade os obreiros formaran asociacións de socorro mutuo xa que por unha lei de 1839 autorizábase aos traballadores a loitar polas melloras salariais e a redución da xornada laboral, como pola regulamentación de traballo e a formación de caixas de resistencia, cooperativas de axudas e montepíos para facer fronte a unha enfermidade, un despedimento ou unha morte. En 1844, o goberno suprimiu esta lei, ata que no 1887 volveron a legalizarse.

Os partidos progresista e demócrata apoiaron as demandas obreiras, pero foi sobre todo o republicanismo a tendencia máis identificada con elas ata 1874, despois desta data os obreiros sentíronse defraudados coa política tradicional, que consideraban instrumento da burguesía e decantáronse por ideas revolucionarias; unhas novas ideoloxías que tiveron unha fonda repercusión nos movementos sociais: **anarquismo** e **socialismo marxista**.

O **anarquismo** defendía a destrución do Estado e de calquera tipo de autoridade, da propiedade privada e das diferenzas socioeconómicas, debían organizarse en comunas autónomas onde a autoridade fose substituída por acordos libres entre os seus habitantes, esta transformación debían realizala os propios traballadores. Foi a ideoloxía obreira máis influente na Restauración, introducida durante o Sexenio polo italiano **Giuseppe Fanelli**, discípulo de **Bakunin**, o fundador do anarquismo. Nesta etapa centrouse na captación de seguidores e na acción terrorista, polo que foron clandestinos e perseguidos. A maior difusión deuse durante a rexencia de M^a Cristina, **sobre todo entre o campesiñado andaluz e os obreiros cataláns**.

O anarquismo caracterizouse pola súa división: uns defendían os principios colectivistas e antiautoritarios e crearon a Federación de Traballadores da Rexión Española, transformada posteriormente en Federación de Resistencia ao Capital. Entre as federacións locais destacou a Solidariedade Obreira e, despois da **Semanas Tráxicas de Barcelona**, creouse a **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**. Pola actitude dalgúns membros desta os más radicais fundaron a **Federación Anarquista Ibérica (FAI)**. Outros, en cambio, eran más extremistas e defendían os atentados contra os intereses e os personaxes das clases dominantes, nesta liña de actuación encádrase a organización

anarquista secreta **A Man Negra**. O Estado respondeu con dureza mediante a aplicación de penas de morte.

Os socialistas defendían a loita de clases realizada polo proletariado, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros para conquistar o poder e impoñer medidas de forza para ter condicións de vida iguais.

Pablo Iglesias impulsou o **Partido Socialista Obrero Español** (1879) un partido de clases que defendía os dereitos do proletariado que foi legalizado por Sagasta en 1881 e a **Unión Xeral de Traballadores** (1888). Ata 1887 toda asociación de traballadores era considerada delituosa, a **Lei de Asociacións** dese ano recoñeceu a liberdade sindical. Entre o partido e o sindicato existía unha estreita interdependencia, pero ambas contribuíron na fundación en París da **Segunda Internacional**, a cal declarou o **Primeiro de Maio** como día da clase obreira. O crecemento do socialismo foi moi lento, e a finais de século só estaba ben implantado en Madrid, Biscaya e Asturias. Xa no século XX, no 1919 fundouse a III Internacional Comunista. Isto produciu un intenso debate sobre se seguir o modelo soviético. Unha parte dos socialistas separáronse e formaron o **Partido Comunista de España**, pola fusión do Partido Comunista Español e o Partido Comunista Obrero Español.

A terceira vía para encarreirar as demandas obreiras foi o **sindicalismo católico**, baseado na “**doutrina social da Igrexa**” formulada na encíclica **Rerum Novarum** do **papa León XIII**, unha resposta contra o ateísmo de socialistas e anarquistas. Creáronse sociedades obreiras desde unha óptica cristiá co fin de contrarrestar o avance do anarquismo e socialismo. Destacaron o Sindicato Católico dos Ferroviarios Españoles e o Sindicato Católico Obrero de Mineiros Españoles, o Consello de Corporacións Católico-Obreiras e a Federación Nacional de Sindicatos Católicos, que defendían a colaboración de clases e pretendían lograr a concordia social que defendía a Igrexa.

O incremento dos prezos e a escaseza dos produtos ou os impopulares impostos dos consumos orixinaron frecuentes motíns espontáneos contra os responsables. Ante esta situación, a actitude do Estado variou dependendo de quen gobernase, en principio apréciase unha postura negativa, pero despois parecen más tolerantes, reconhecendo unha serie de dereitos aos traballadores. Aínda así sempre houbo unha forte vixilancia e non dubidaron en empregar a forza, mediante a Garda Civil e o exército, para sufocar os levantamentos, sobre todo no **Primeiro de Maio**.

Caciquismo:

Práctica política característica do sistema electoral da Restauración borbónica, asentada sobre a influencia dos caciques. Estes poderosos locais utilizaban as súas boas relacións co goberno do momento para desenvolver un sistema clientelar que lles permitía controlar os votos dos electores do seu distrito.

Manifesto de Sandhurst:

Documento redactado en 1874 por Cánovas del Castillo e asinado na academia militar inglesa de Sandhurst polo futuro Afonso XII. Nel expóñense as ideas básicas do réxime político da Restauración, garantindo o funcionamento do sistema político liberal. Ten un carácter conservador e católico. Tras a súa publicación produciuse o levantamento do xeneral Martínez Campos e a proclamación de Afonso XII como novo rei.

Encasillado (encaixado):

Proceso utilizado durante o sistema da quenda, base do modelo canovista, polo cal o Ministro de gobernación colocaba nas cuadrículas correspondentes a cada distrito electoral o nome dos candidatos do partido conservador ou liberal que o goberno podía permitir que saíran escollidos nas eleccións para que a quenda electoral se cumprise e o partido do novo goberno tivese unha ampla maioría parlamentaria nas Cortes.

Ludismo:

Movemento de protesta espontáneo que, no contexto da Revolución Industrial e a implantación dos teares e das máquinas de fiar mecánicas, consistía na destrucción das mesmas ás que culpaban da redución do emprego e da substitución dos artesáns por traballadores menos cualificados con salarios más baixos. As primeiras protestas ocorreron a principios do XIX en Inglaterra e eran atribuídas a un tal Ned Ludd, de aí o nome

Pucheirazo:

Método empregado principalmente durante o sistema da quenda da Restauración borbónica para manipular os resultados electorais e que consistía na extracción das papeletas das urnas electorais e a posterior substitución por outras que ás veces se levaban en pucheiros, de aí o seu nome.

Rexencionismo:

Corrente ideolóxica xurdida a finais do século XIX e liderada por Joaquín Costa que denuncia o atraso e a corrupción da España da Restauración. Pretende unha renovación das estruturas sociais, políticas e económicas. O seu lema “Despensa e escola” sintetiza a idea de que a sociedade ten que ter as necesidades básicas cubertas e estar alfabetizada para aspirar a poder ter unha democracia madura e á altura das principais nacións de Europa.

Sistema de quenda:

Sistema político da Restauración borbónica baseado na alternancia pacífica e acordada de dous partidos, o conservador e o liberal, co obxectivo de que a oligarquía española monopolizase o poder político. Pretende estabilizar a política española fortalecendo o poder civil fronte ao tradicional intervencionismo militar, buscando imitar o modelo inglés. A realidade era que descansaba na fraude electoral e no sistema caciquil.

Sufraxio censatario e universal:

O censatario implica a votación da poboación cun determinado nivel de renda o que produce un réxime oligárquico. Este tipo de votación foi o característico durante o dominio político dos partidos liberais moderado e progresista en gran parte do XIX. O universal relaciónnase co liberalismo democrático estendendo o dereito ao voto á totalidade dos cidadáns varóns, non así as mulleres que terán que conquistalo na II República.

12. A crise da Restauración, a desarticulación do sistema canovista).
13. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.
14. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).
15. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).
16. As grandes reformas da República.
17. A Guerra Civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.

O sistema deseñado por Cánovas non contenta a todas as sensibilidades políticas; así durante o período da rexencia de M^a Cristina van cobrar forza os movementos rexionalistas e nacionalistas en Cataluña, Galicia e País Vasco, tanto na súa formulación teórica (**Prat de la Riba, Sabino Arana e Alfredo Brañas**) como na práctica política (elaboración das **Bases de Manresa**, proxecto de constitución rexional catalana, e fundación do **PNV e Lliga Regionalista**) coa creación de programas sobre a organización autónoma de cada unha destas comunidades.

Por outra banda as organizacións obreiras celebrarán por primeira vez en 1890 a xornada reivindicativa do **Primeiro de Maio**. A conflitividade social maniféstase nas axitacións no campo provocadas polas míseras condicións de vida dos xornaleiros e campesiños pobres e no incremento dos **atentados anarquistas** contra a burguesía e significadas figuras da vida política (bomba no Liceo de Barcelona, asasinato do propio Cánovas...) e o **pistoleirismo** da patronal.

Sen embargo a principal crise da Rexencia foi a cuestión colonial. O independentismo cubano nacido do descontento na illa polo trato recibido dende Madrid provoca unha guerra, coñecida como “**Guerra longa**” (1868-1878), a cal remata cando o xeneral Martínez Campos consegue asinar a **Paz de Zanjón** cos insurrectos, concedendo unha ampla amnistía e prometendo reformas administrativas en beneficio de Cuba. Malia isto a tensión seguía latente polo insuficiente das medidas adoptadas dende a metrópole.

En 1895 os separatistas cubanos reinician (**Grito de Baire**) a guerra contra España encabezados por **José Martí**. Un ano máis tarde comeza en Filipinas outra insurrección dirixida por **José Rizal**. **Martínez Campos**, incapaz de repetir o éxito da primeira guerra é relevado por **Valeriano Weyler** o cal pon en práctica a “**Reconcentración**” da poboación campesiña cubana para cortar a axuda aos sublevados, dita táctica vai provocar a morte de milleiros de civís por inanición e desatará as protestas internacionais e a presión sobre o goberno de Madrid.

As dificultades do exército español, formado por soldados recrutados entre as clases más pobres e escasamente dotados de medios modernos, que sofre numerosas baixas no combate e sobre todo polas enfermidades tropicais vanse ver agravadas polo apoio que os insurrectos reciben dos Estados Unidos, en plena expansión imperialista e interesados en desprazar a España da zona do Caribe e do Pacífico. A estranya explosión do buque de guerra estadounidense **Maine**, ancorado na Habana, foi o *casus belli* que necesitaba o goberno norteamericano para entrar oficialmente no conflito. Tras unha breve campaña militar e a destrución da mariña española asínase a o **Tratado de París** polo cal vai quedar liquidado o Imperio colonial español.

O coñecido como **Desastre do 98** provoca un descontento xeral na poboación, tanto entre os intelectuais como nas clases populares. O renacemento do republicanismo, o auxe dos nacionalismos periféricos e o **rexeneracionismo** foron manifestacións dese malestar. Este último foi unha corrente intelectual que influíu moito na vida pública española da época; caracterizouse tanto pola súa crítica ao sistema da Restauración como polo seu propósito de renovar e modernizar o país. **Joaquín Costa** foi o seu más claro representante e as súas ideas calaron sobre todo entre republicanos e socialistas se ben tamén influíron nos gobernos do reinado de Afonso XIII as propostas de carácter técnico para solucionar o atraso. A coincidencia neste tempo de moitos escritores e intelectuais cunha visión crítica, pesimista e renovadora levou a falar dunha **Xeración do 98**.

A raíz do Desastre de Cuba e Filipinas e a conseguinte corrente antimilitarista os militares sentiron unha profunda frustración e resentimento, responsabilizaron do fracaso aos políticos e pecháronse progresivamente nunha actitude de defensa corporativa dos seus intereses e desprezo á sociedade civil e o sistema parlamentario. Mostra do cal vai ser o asalto e destrucción por parte dun grupo de oficiais da **revista Cu-Cut** polas críticas publicadas contra o exército e a defensa do catalanismo. O goberno non só non castigou aos culpables, é máis, o poder militar impúxose sobre o civil ao conseguir, co consentimento de Afonso XIII, a aprobación da **Lei de Xurisdicións** de 1906, a cal poñía baixo xurisdición militar os delitos contra os símbolos do Estado español e incluía as inxurias de palabra ou por escrito. Varios dos artigos supoñían un importante recorte ás liberdades públicas, en particular á liberdade de expresión.

Tanto republicanos coma carlistas opuxéronse a ela. Os partidos catalanistas, interpretándoa como ataque directo a Cataluña reaccionaron coa formación dunha coalición política chamada **Solidaritat Catalana**.

Paralelamente aos partidos turnistas, a oposición, marxinada do sistema canovista, vai recollendo cada vez máis apoios. Os partidos republicanos acadan moita forza co **Partido Radical de Lerroux**. O **PSOE** obtén representación no parlamento e os anarquistas seguen ensanchando as súas bases de apoio. En 1910 crean o seu sindicato, a **CNT**.

Tras a morte dos fundadores dos partidos dinásticos Cánovas e Sagasta, houbo unha crise de liderado en ambas formacións. Os seus sucesores más destacados, **Maura** e **Canalejas**, tentaron unha rexeneración dende arriba do sistema.

O **partido conservador de Maura** intenta reformar o sistema sen alterar as bases do réxime. Aproba unha **Lei de reforma electoral** que declaraba o voto obligatorio para evitar a influencia do caciquismo, pero o artigo 29 da mesma impide que se acade o obxectivo, pois permitía a elección automática dos candidatos se estes eran os mesmos ou menos que os escanos en liza por cada circunscripción. Coa **Lei da administración local** pretendía incrementar as competencias e autonomía dos concellos, dita lei non chegou a aprobase, xa que afectaba aos intereses da oligarquía local. Outras iniciativas foron levar a cabo unha **política económica proteccionista** para favorecer o desenvolvemento

industrial, medidas sociais como a **Lei de descanso dominical** ou a **legalización da folga**. Outro proxecto foi a **Lei de represión do terrorismo** que, polas restriccións ás liberdades individuais que conlevaba, fracasou ante a oposición de republicanos, socialistas e liberais.

Despois da perda de Cuba e Filipinas España orientou a súa política colonial cara **Marrocos**, os acordos hispano-franceses de principios do XX garantiron unha zona de influencia, o **Macizo do Rif**. Buscábase prestixio internacional e unha explotación económica. As masas populares non compartiron o entusiasmo de militares e oligarquía con respecto a esta nova aventura colonial. O abrupto do territorio e a oposición da poboación indíxena, os rifeños, obrigou a enviar fortes contingentes militares. A cuestión marroquí converteuse nun problema de primeira magnitud para os gobernos españoles, xa que foi causa de grandes tensións internas. En 1909 os rifeños atacaron as posicións e intereses españoles preto de Melilla, a gravidade da situación obrigou ao goberno a enviar más tropas. En Barcelona o embarque dos reservistas, sumado a outros motivos de descontento social provocou unha forte onda de protestas e unha folga xeral que se radicalizou, pasándose á violencia e ao motín, queimáronse conventos, igrexas (a Igrexa estaba acusada polos amotinados de favorecer unha sociedade inxusta). Nese momento, 27 de xullo, prodúcese en Marrocos o desastre do “**Barranco do Lobo**” un sanguento revés para o exército español.

Durante unha semana, a “**Semana Tráxica**” (26 ao 31 de xullo de 1909) as masas populares, entre os amotinados había anarquistas, republicanos e catalanistas, foron donas de Barcelona. Maura responde a isto cunha forte represión plasmada nos **fusilamentos de Montjuic** que se cobran como vítima a **Ferrer i Guardia**, fundador da **Escola Moderna**, acusado como promotor moral dos sucesos, malia as escasas probas e ás protestas internacionais ao seu favor. Prodúcese a caída de Maura ante as peticións da oposición co coñecido berro de “**Maura non**” e o seu relevo polos liberais de **Canalejas**.

Breve foi o mandato de Canalejas, xa que asume o cargo en 1910 e dous anos despois morre nun atentado anarquista. Nese tempo tenta ampliar a base social do sistema da Restauración mediante unha serie de leis como a **Lei de asociación relixiosa** (Lei do cadeado) que limitaba o establecemento de novas ordes relixiosas en España, o cal foi respondido cunha forte oposición polos sectores católicos e conservadores ademais do Vaticano. A **Lei de recrutamento**, a cal establecía o servizo militar obligatorio, que suprimía o pago en metálico para librarse de ir ó exército, aínda que por outra parte creou os **soldados de cota** co que se permitía reducir o tempo de permanencia en filas a cambio de diñeiro.

A fragmentación e confrontamentos internos dos partidos dinásticos e o fracaso das reformas de Maura e Canalejas pola oposición dos grupos dominantes que non estaban dispostos a ceder os seus privilexios, a forza de Igrexa e do exército, capaces de imponer condicións aos gobernos, puxeron de manifesto a incapacidade de evolución do réxime da Restauración.

13

A CRISE DE 1917, OS GOBERNOS DE CONCENTRACIÓN E A GUERRA DE MARROCOS.

O réxime da Restauración entrou nunha nova fase marcada polas intervencións de **Alfonso XIII** na vida política. O seu reinado, no que se diferencian varias fases. A primeira das cales 1902-23 estivo marcada polo espírito rexeneracionista que pretendía revisar o sistema, modificando o necesario para superar os problemas do país e adaptarse ás novas demandas sociais e políticas. Foi nese período cando se produce a progresiva desarticulación do sistema canovista manifestada no alto grao de inestabilidade política, agravada polas constantes intervencións do monarca. No conxunto do reinado sucedéronse trinta e dous gobernos, que derivaron nun rexeitamento cara o sistema e á monarquía.

Cando estalou a **I Guerra Mundial** o goberno do conservador **Eduardo Dato** declara a neutralidade española. Dende o punto de vista económico a **Gran Guerra** vai supoñer un incremento do desenvolvemento industrial e produtivo ao converterse España en subministradora dos países belixerantes, tanto de materias primas como de produtos de todo tipo. Pero tamén provocou un aumento dos prezos, especialmente dos produtos de primeira necesidade, que escaseaban como resultado das masivas exportacións; mentres que os salarios subían a un ritmo menor e dun xeito desigual. O descenso do poder adquisitivo e o deterioro das condicións de vida acentuaron o malestar social e político, o agravamento das diferenzas sociais e o auxe do movemento obreiro traducirse no aumento do número de folgas.

En 1917 produciuse a crise máis profunda do sistema da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: **o militar, o político e o social**.

Un dos factores que explican o **malestar dos militares** foi o proxecto de reforma militar que pretendía modernizar o exército mediante a redución do excesivo número de oficiais, con salarios que absorbían unha gran parte do orzamento. Ás motivacións económicas e profesionais orixinarias fóreronse engadindo outras esixencias más complexas, froito do resentimento militar ante os políticos e a sociedade. Dende o su punto de vista o goberno debía realizar unha política de defensa dos seus intereses tanto no tema dos ascensos, que deberían ser por criterio de antigüidade e non por méritos de guerra, xa que isto último favorecía aos destacados en Marrocos exclusivamente, como na salvagarda do honor castrense fronte ás críticas antimilitaristas, desenvolvendo unha dura represión **contra o que eles consideraban inimigos da patria e do exército: socialismo, anarquismo e separatismo nacionalista**.

O descontento cristalizou na formación de **Xuntas de Defensa**, que se estenderon por todo o exército, cunha clara orientación sindical. En Xuño de 1917 presentaron un ultimato ao goberno coñecido como **manifesto das Xuntas**, o pulso entre o poder político

e os militares resolveuse a favor dos últimos cando, co apoio do rei, lograron impoñer as súas demandas converténdose nos máximos garantes da orde pública.

A **crise política** foi provocada basicamente pola actuación de **Cambó**, o líder da **Lliga Regionalista Catalá**, que presiona ao goberno co fin de reformar en profundidade o sistema político e conseguir a autonomía para Cataluña. Para acadar ese obxectivo convoca a todos os parlamentarios españoles a unha reunión en Barcelona, unha asemblea extraordinaria que, como representación lexítima da vontade do país, deliberase sobre esos temas. Celebrada malia a prohibición gobernativa en xullo de 1917 a **Asemblea de parlamentarios** tivo un reducido apoio dos grupos políticos, tan só parlamentarios catalanistas, republicanos e socialistas acudiron á chamada. Considerada polo goberno como ilegal, sedicosa e separatista, a iniciativa da Asemblea fracasou pola mencionada falta de apoio, polas división internas entre os seus compoñentes e polo rexeitamento das Xuntas militares ás súas pretensións.

A **crise social** foi consecuencia, entre outros motivos, do empeoramento das condicións de vida das clases populares pola alza de prezos, especialmente dos alimenticios, debida ao desabastecemento polas exportacións masivas no contexto da I Guerra Mundial. Xa no ano 1916 a **UXT** e a **CNT** convocaron unha folga xeral de vintecatro horas contra a carestía da vida. Ao non lograrse melloras, a estratexia radicalizouse e en marzo de 1917 ditos sindicatos acordaron empregar a folga xeral indefinida como arma de presión. Para os dirixentes socialistas isto debería servir para derrubar o réxime e implantar unha república democrática. A **folga xeral** lívase a cabo en agosto, só tivo unha especial intensidade en Barcelona, Madrid, País Vasco e Asturias, apenas tivo impacto nas zonas rurais. O goberno reaccionou cunha forte represión: imposición da lei marcial, disolución violenta das manifestacións, emprego das armas de fogo polas forzas de orde pública... A folga fracasou pola citada represión e pola falta dunha estratexia clara a seguir por parte dos obreiros.

En síntese: esta época supuxo a sublevación dunha parte moi ampla da poboación, e desembocou a súa vez na quebra da quenda, dando lugar ao comezo de **gobiernos de concentración** nos que chegaron a participar nacionalistas cataláns para enfrentarse á inestabilidade resultado do fraccionamento dos partidos dinásticos. Ademais, o descontento xeral aumentou e manifestouse no **pistoleirismo** (atentados anarquistas como os asasinatos de Dato no 1921 ou Salvador Seguí, por parte da burguesía) e nas revoltas campesiñas influenciadas pola Revolución Bolxevique de Rusia, sobre todo en Andalucía e Estremadura.

No contexto da Restauración e do reinado de Afonso XIII, iniciase a **Guerra de Marrocos** tras a atribución dunha parte de África (O Rif) a España co fin de compensar a perda de Cuba, Porto Rico e Filipinas no desastre de 1898. Ademais de aproveitar a zona para o ferrocarril e a explotación de ferro, España fíxose a dominadora exclusiva do territorio. Para facer efectivo o dominio, enviáronse tropas cara Ceuta e Melilla. Tras o episodio tráxico do **Barranco do Lobo** e como continuación do conflito, unha manobra do

xeneral Silvestre durante a ocupación de Alhucemas levou ao **Desastre do Annual** no 1921, lugar onde as tropas foron atacadas polos indíxenas dirixidos por **Abd- El- Krim**, na retirada, a maioría dos soldados españois perecen. Os rifeños proclaman a independencia da República do Rif. Esta derrota produciu un forte impacto na opinión pública e a creación do **Expediente Picasso**, informe encargado ao xeneral do mesmo nome para depurar as responsabilidades do feito. As conclusións do mesmo debían presentarse ante as Cortes, pero o pronunciamento de Primo de Rivera impediuno. Nelas indicábanse casos graves de corrupción entre os mandos militares españois en Marrocos, mala preparación das tropas e rumores de implicación de Alfonso XIII no desastre, houbo críticas ao exército e aumentou a oposición á monarquía.

A incapacidade do réxime de transformarse favoreceu a imposición dunha ditadura. O cúmulo de problemas, favoreceu no 1923 o **golpe de Estado de Primo de Rivera** co apoio do rei e dos grupos oligárquicos.

En setembro de 1923 o capitán xeneral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera**, dá un golpe de Estado contando co apoio de diversas personalidades políticas e militares. Comeza así a segunda fase do reinado de Alfonso XIII.

Diversos factores explican que a **ditadura militar** comezara a contemplarse como unha solución á crise entre a alta burguesía, gran parte das clases medias e o exército. Un deles foi o descontento do exército tras o **desastre de Annual** e o afán de evitar as consecuencias do **expediente Picasso** para algúns importantes xenerais. Outro factor foi o auxe dos nacionalismos periféricos e ascenso dos republicanos e do movemento obreiro. Ademáis, o número cada vez mais elevado de prácticas terroristas cun alto número de vítimas provocaba un forte impacto na sociedade. Por último, o triunfo do fascismo italiano tras a Marcha sobre Roma en 1922 e o ascenso ao poder de Mussolini constituíu un exemplo para a situación española do momento.

A sublevación de **Primo de Rivera** contou coa inmediata comprensión e apoio do rei Alfonso XIII, que o chama para concederlle o cargo de presidente. **Declarou o estado de guerra**, a supresión das garantías constitucionais e a disolución das Cortes. O réxime da Constitución do 1876 foi substituído no medio da indiferencia popular e con escasa resistencia por unha ditadura militar; esta foi presentada como un réxime transitorio e supoñíase que unha vez **extirpados os males do país, caciquismo, desgobierno, subversión social e a ameaza do separatismo contra a unidade nacional**, se retornaría á normalidade constitucional. A imposición dun governo ditatorial en España non foi un feito illado no contexto europeo da época, son moi numerosos os países do vello continente onde aparecerán solucións fascistas ou autoritarias.

O seu goberno dividese en dúas etapas:

***Directorio Militar** (1923-1925): Tras o golpe, o ditador Primo de Rivera constituiuse o ministro único, pasando a ser asesorado por un Directorio Militar, chamado así por estar composto exclusivamente por militares. Tras o novo goberno estaba o mesmo bloque de poder que dominara o país durante a Restauración, a oligarquía de terratenentes e industriais. O ditador tomou rapidamente medidas:

Reprimiuse calquera manifestación do nacionalismo: bandeiras, símbolos, himnos..., acusado de separatista e restrinxiuuse o uso da lingua catalá ao terreo privado. A resposta foi unha radicalización das posturas políticas nacionalistas e un incremento do rexacemento á Monarquía, en Cataluña especialmente, ali **Maciá** foi o principal voceiro desta corrente.

Política de ``man dura'' en todo o referente á orde pública. O establecemento do estado de guerra ata 1925 supuxo unha restrición das liberdades públicas e a persecución das organizacións obreiras vencelladas á **CNT** e o **PCE**. O número de folgas e atentados diminuíron. Fíxose extensiva a toda España o **Somatén**, organización orixinaria de Cataluña, formada por paisanos armados baixo a autoridade de mandos militares, a súa misión era colaborar coa Garda Civil.

Para xustificarse no poder Primo de Rivera necesita unha organización civil a modo de partido que traslade á rúa o ideario político do réxime e lexitime a súa acción de goberno. Así, inspirándose no fascismo italiano, crea en 1924 a **Unión Patriótica**.

A súa reforma da administración, centralizada e sometida, perseguía a destrución do caciquismo, non conseguió o seu obxectivo.

Primo de Rivera, consciente da impopularidade da **guerra marroquí** acorda con Francia unha ofensiva militar conxunta na zona; foi o grande éxito do Directorio. O **Desembarco de Alhucemas** en 1925 puso fin á resistencia das *cábilas* do Rif. O seu líder Abd-el-Krim entregouse ás autoridades do Marrocos francés.

***Directorio Civil** (1925-1930): A finais de 1925, un goberno civil, presidido por Primo de Rivera, substituíu ao Directorio Militar. Tratábase de institucionalizar a ditadura e permanecer no poder. En 1927, consituíuse **una Asemblea Nacional Consultiva**, formada na súa maioría por membros da Unión Patriótica elixidos por sufraxio restrinxido. Continuaba a seguir o modelo italiano, neste caso o Consello Fascista. Esta Asemblea fracasou rapidamente no seu intento de redactar unha lei fundamental que fixera o papel da Constitución da ditadura.

A ditadura beneficiouse da beneficiosa coxuntura económica da época, a súa política neste campo estivo marcada polo intervencionismo estatal e o nacionalismo económico cos que pretendía impulsar á industria española mediante o proteccionismo e as axudas ás grandes empresas. Créanse grandes monopolios estatais como **CAMPSA** á que conceden en exclusiva a importación e venda do petróleo e gasolina, e a **Compañía Telefónica Nacional de España**. Tamén fomentou as obras, destacando as realizadas para o aproveitamento dos ríos para regadío e produción eléctrica. Esta política de aumento de gasto público non foi acompañada dunha reforma fiscal, o que obrigou a unha emisión constante de débeda pública.

Tamén imitou o modelo social do fascismo italiano, establecéndose a **Organización Corporativa do Traballo**, especie de sindicato que trataba de arbitrar entre patróns e obreiros. A súa posta en práctica contou coa colaboración dos socialistas que a consideraron vantaxosa para consolidar tanto o partido como o sindicato.

Se ben o golpe de Estado espertara simpatías iniciais co paso do tempo as críticas ao réxime e á persoa do ditador foron cada vez maiores e foise formando unha ampla e heteroxénea oposición.

O malestar nun dos seus principais apoios, **o exército**, polo favoritismo na concesión de ascensos acabou por converter a boa parte dos militares en opositores ao réxime. **Os empresarios** tamén se volverán en contra, irritados pola intervención estatal na economía e o intento de crear un imposto sobre a renda. Os **estudantes** estaban indignados polo recoñecemento das universidades católicas privadas, que supoñían a fin do monopolio do Estado na ensinanza superior. Case todos os **intelectuais progresistas** estaban decepcionados coa ditadura. As **forzas republicanas e nacionalistas** revitalízanse, os anarquistas da CNT radicalízanse e os partidarios da insurrección revolucionaria constitúen a **FAI** (Federación Anarquista Ibérica). Coa **crise monetaria** de 1928 a peseta perde valor como consecuencia da inmensa débeda do Estado, o déficit da balanza de pagos e a retirada de investimentos estranxeiros, isto foi determinante para a caída de Primo de Rivera o cal faltó do apoio dos capitáns xenerais presenta a dimisión ao rei en 1930.

A continuación ten lugar unha serie de gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da febleza dos partidos dinásticos. Alfonso XIII nomea presidente do goberno a Dámaso Berenguer. Este período será coñecido como **ditabrandia**.

A lentitude na aplicación de reformas foron a causa do fracaso de Berenguer. Durante o seu goberno, tivo lugar o **Pacto de San Sebastián** (agosto de 1930). Nel, os diversos partidos republicanos e personalidades políticas de ideoloxía socialista ou nacionalista, acordaron a estratexia para poñer fin ao reinado de Alfonso XIII e instaurar a República. Ademais, en decembro dese ano, tiveron lugar varios intentos frustrados de impoñela pola forza. O máis salientable é o acontecido en Jaca, levado a cabo polos capitáns **Galán e García Hernández**. O resultado foi a detención e o fusilamento destes militares.

Berenguer foi substituído polo almirante **Aznar** en febreiro de 1931. O novo goberno convocou, o 12 de abril, **eleccións municipais**. Estas adquiriron un carácter de plebiscito a favor ou en contra da monarquía. O triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades e capitais de provincia propiciou a **proclamación da II República o 14 de abril de 1931**. O Goberno provisional, que fora deseñado no Pacto de San Sebastián, proclamou presidente do mesmo a **Niceto Alcalá-Zamora**, inmediatamente decreta a amnistía xeral para os presos políticos e fai unha declaración de intencións na que proclama as liberdades públicas e sindicais. Sen praticamente apoios, Alfonso XIII exíliase.

Dende abril a decembro dese mesmo ano, o país estivo presidido por un **Goberno Provisional** composto por membros da **Dereita Liberal Republicana**, o centrista **Partido Radical**, partidos **republicanos de esquerdas**, o **PSOE**, un **republicano galego** Casares Quiroga e un **republicano catalán**. Vanse aprobar unha serie de decretos que abordan temas pendentes na política española (modernización do exército, secularización da sociedade, tema autonómico...).

Polo que se refire a **Constitución de 1931**, esta declara a España como unha República Parlamentaria de traballadores de toda clase e laica. Un Estado integral onde cabe a posibilidade de crear un Estado autonómico alí onde se solicite. Algúns dos seus trazos más característicos son: o **sufrazio universal masculino e feminino** (levado á práctica por primeira vez en 1933), **soberanía popular**, unha ampla declaración de dereitos nos que aos individuais clásicos se lle unen a **liberdade de reunión, asociación, derecho á educación**, ensino obligatorio, gratuíto e laico, dereitos de tipo social que significan un avance significativo respecto ás anteriores constitucións. O Presidente da República sería elixido polas Cortes ou Congreso dos deputados (órgano unicameral) por un período de 6 anos e ten a potestade de nomear ou destituír ao Presidente do goberno, pero sempre coa conformidade das Cortes. Existe un sistema de controis mutuos entre as Cortes e a Presidencia da República. Declarábase a **non confesionalidade do Estado**, a liberdade de culto, a separación entre Igrexa e Estado e eliminábase o financiamento estatal da Igrexa. Estes artigos provocaron un forte debate. A constitución aprobouse sen o

consenso de todas as forzas políticas, a dereita non republicana rexeitouna e amosou a súa disposición a revisala.

A proclamación da República tivo unha forte repercusión no panorama político, dividindo á sociedade en polos opositos, feito que desencadeará no 36 a Guerra Civil. Nas dereitas, nun primeiro momento hai desorientación, pero despois aparecen reorganizadas en torno á **CEDA**. Son partidos monárquicos, partidos de perfil autoritario (**FE- JONS**) ou católico e nacionalistas españoles. **Renovación Española**, **Comunión Tradicionalista**, o **Partido Agrario**, son algunas das opcións. Na esquerda destacan o **PSOE**, o **PCE**, o **POUM** (comunistas de tendencia trotskista) e o anarquismo da **CNT** e a **FAI**. Na liña de pensamento republicano temos formacións de dereitas, de centro dereita populista como o **Partido Republicano Radical** de Lerroux ou de esquerda como é o caso de **Acción Republicana** de Manuel Azaña ou **ORGA** de Casares Quiroga. No nacionalismo periférico destacan partidos de dereita como o **PNV** vasco ou a **Lliga Catalana** e partidos de esquerda como **Esquerra Republicana de Cataluña**.

Un goberno de coalición republicano-socialista, presidido por **Manuel Azaña**, emprende un programa de profundas reformas -**Bienio reformista, 1931-1933**- para solucionar os graves problemas herdados. A mala coxuntura económica internacional tras o Crac do 1929 e o afán de non aumentar a débeda do Estado fixeron fracasar parte destas reformas por falta de medios:

En 1931 o exército español presentaba grandes deficiencias: excesivo número de oficiais, escaseza de equipamento, formación anticuada e demasiada intervención en asuntos de orde pública. **Azaña**, xa como ministro da Guerra no Goberno provisional, emprendera unha profunda reestruturación e **reforma do exército** que sería continuada polos seus gobernos posteriores. Entre as súas primeiras medidas estivo a esixencia a todos os mandos de xurar fidelidade á República. En pouco tempo foron decretadas a **supresión da Lei de Xurisdiccións**, o **decreto de退iro**, que permitía aos oficiais o pase á reserva ou retiro voluntario co soldo íntegro, a reorganización xeral do exército, reducindo unidades... Todas estas medidas formaron a denominada **Lei Azaña** de reforma do exército. Aínda que todas eran correctas dende o punto de vista técnico a rapidez con que foron decretadas, a brusquidate nas esixencias e os relevos dos mandos crearon malestar e resentimento entre os militares que acusaron a Azaña de buscar a destrución do exército. Os gobernos de dereitas posteriores non modificaron as reformas, limitándose a colocar nos postos clave a militares da súa confianza.

Un dos elementos centrais do amplio proceso reformista impulsado polos gobernos republicanos foi a **reforma agraria**. O seu obxectivo era facer fronte á desigual distribución da propiedade da terra, para mellorar a situación do campesiñado e incrementar a produtividade agrícola. A existencia de amplas masas de campesiños sen terras, xornaleiros das rexións latifundistas do sur e de pequenos propietarios e arrendatarios ao límite da subsistencia nas rexións setentrionais, constituía un problema endémico en España. Por iso a reforma agraria converteuse nunha das principais reivindicacións do campesiñado. Socialistas e republicanos non se poñían de acordo no tipo de reforma. Para o socialismo esta debía ser a oportunidade para colectivizar e socializar a terra mentres que para os republicanos era a ocasión para o fomento dunha nova clase de propietarios.

Antes da súa aprobación en 1932, o goberno provisional de Niceto Alcalá-Zamora xa implantara unha serie de leis que aspiraban a mellorar a situación dos traballadores no campo. Entre elas estaba o decreto de termos municipais que obrigaba a priorizar a contratación de xornaleiros do municipio ou a xornada laboral de oito horas, entre outras medidas. Pola súa banda, a **Lei da Reforma Agraria** regulaba a redistribución da terra, facultando ao Estado á expropiación e reparto de terras particulares nunha serie de supostos. Entre elas estaban as terras incultas ou mal cultivadas, as comunais non

explotadas de maneira directa, ou as carentes de rego pola desidia dos seus donos. Posto que a lei tamén prevía a indemnización dos propietarios expropriados, creouse o **Instituto de Reforma Agraria**, para desenvolver este proceso e facilitar créditos ás familias campesiñas beneficiadas pola medida. A lentitude da súa aplicación, obstaculizada pola oposición dos propietarios, a complexidade burocrática do proceso e as limitacións orzamentarias provocaron a frustración dos xornaleiros e derivaron en protestas radicais e insurreccións anarquistas. Ademais, como todas as reformas emprendidas durante o Bienio reformista, o seu desenvolvemento estaría condicionado pola concxuntura política. Así, derrogouse durante o Bienio conservador, mentres o triunfo da Frente Popular nas eleccións de 1936 conlevou o seu restablecemento. Con todo, o levantamento militar do mesmo ano impidiu a súa aplicación e calquera intento de reforma.

No terreo relixioso o goberno quería establecer unha clara separación Igrexa-Estado e reducir a influencia da primeira na sociedade española. Para logralo desenvolveu unha serie de leis en cumprimento dos principios secularizadores da constitución, como a **lei de divorcio** de 1932, **liberdade de cultos, secularización dos cemiterios, matrimonio civil, disolución da Compañía de Xesús...** Moitos católicos identificaron República con ataque a Deus. A Igrexa apoiou con forza ás organizacións de dereitas e contribuíu a que unha parte da poboación non se considerase identificada coa constitución e co réxime republicano o que á longa será un dos motivos clave do estoupido da Guerra Civil.

As bases da **reforma educativa** consistían en facer da educación gratuíta e laica un derecho universal coa finalidade de diminuir as altas taxas de analfabetismo existentes e mellorar o nivel cultural da poboación para modificar a mentalidade xeral creando ciudadáns libres e responsables que servisen de base para sostener a modernización da sociedade. Proxectouse a construcción de numerosas escolas por toda España e a mellora na formación dos mestres duplicándose o orzamento en educación. Coa creación das **Misóns Pedagóxicas** intentouse difundir a cultura en áreas rurais, nelas colaboraron destacados intelectuais e permitiron a moitos españoles gozar dunha película, unha obra de teatro, música clásica ou poesía por primeira vez na súa vida.

O problema da **organización territorial** do Estado intentou ser solucionado na constitución mediante a concesión do derecho de autonomía. En **Cataluña**, a primeira en iniciar o proceso a iniciativa parte de **Esquerda Republicana**, elaborouse o **Estatuto de Nuria** que foi aprobado pola inmensa maioría dos votantes cataláns. Debatido en Cortes, a intervención de Azaña e a reacción de consenso provocado entre os sectores republicanos tras o fracaso da **Sanjurjada** (golpe de estado protagonizado polo xeneral Sanjurjo en 1932), facilitaron a súa aprobación se ben con importantes recortes. O proceso de elaboración do **Estatuto vasco** foi complexo polas profundas diferenzas entre a esquerda republicana-socialista e a dereita, PNV e carlistas. O seu trámite quedou paralizado tras a vitoria da dereita nas eleccións de 1933. Aprobouse en 1936 en plena Guerra Civil. En **Galicia** atrasouse pola falta dun partido nacionalista forte e a actitude morna da **ORGA** (Organización Republicana Galega Autónoma). Grazas ao labor do **Partido Galeguista** de

Castelao puido ser presentado en Cortes aínda que a súa aprobación foi paralizada pola Guerra Civil e tivo que esperar ata 1945 cando as Cortes republicanas no exilio dan o visto e prace, polo tanto non chegou a entrar en vigor. Andalucía, Valencia, Aragón e Baleares tamén viron freadas as aspiracións autonomistas polo estoupido bélico.

A coalición gobernamental formada por republicanos de esquerdas e socialistas que dirixiu España no primeiro bienio republicano foise debilitando por diversos factores. A dimisión de Azaña e o fracaso na formación dun novo gabinete encabezado polo líder do Partido Republicano Radical Lerroux levou á convocatoria de eleccións xerais en 1933, as primeiras nas que as mulleres teñen dereito a voto. Mentre as forzas da dereita presentaron unha fronte común antimarxista as esquerdas presentáronse por separado e os anarquistas incluso pediron a abstención.

Tras o triunfo das dereitas a segunda etapa política da II República, bienio de dereitas ou Bienio Negro (1933-1936) estivo presidida por Lerroux co apoio parlamentario da CEDA (Confederación Española de Dereitas Autónomas). O seu principal obxectivo foi o desmantelamento das reformas republicanas do período anterior. Agudizáronse as tensións sociais e políticas e os conflitos entre os que destacan os sucesos do 34: Revolución de Asturias, sufocada mediante unha forte represión levada a cabo polo exército e a anulación do Estatuto de autonomía de Cataluña tras unha folga xeral e a proclamación do Estado Catalán por parte de Lluís Companys. A etapa remata con escándalos de corrupción (o estraperlo) que salpican ao goberno, procedéndose a unhas eleccións que gañará a Frente Popular, coalición de esquerdas: republicanos, socialistas e comunistas en cuxo programa político destacaba a intención de volver poñer en marcha as reformas do Bienio Reformista e de conceder amnistía aos represaliados na Revolución de outubro de 1934 e na folga xeral e Cataluña.

Con Azaña na presidencia da República en substitución de Alcalá-Zamora e con **Casares Quiroga** (da ORGA) na do goberno, tómase a decisión de dispersar aos xenerais más contrarios á República (**Franco, Sanjurjo, Mola...**) por ser sospeitosos de tramar un golpe de Estado. Non obstante, a derrota electoral da dereita e o medo á revolución social estimulou proxectos golpistas ideados por estes militares.

Malia a rapidez na aplicación das reformas por parte do novo goberno, sindicatos e partidos obeiros sentíronse insatisfeitos tanto pola velocidade como pola profundidade das mesmas, crían que chegara o momento dunha auténtica revolución social. Pola contra **Falanxe Española**, que rexeita a constitución republicana, a existencia de partidos, o capitalismo e o marxismo e propugnaba a instauración dun Estado nacional-sindicalista e unha sólida estrutura militar capaz dunha expansión imperialista, aumenta a súa afiliación e pon en práctica a “dialéctica dos puños e as pistolas” para enfrentarse coas organizacións de esquerdas. Isto levou ao cárcere ao seu líder **José Antonio Primo de Rivera**. A violencia foi en aumento, con atentados dun e outro signo, folgas e disturbios crecientes.

O estouido da sublevación acelerouse despois do asasinato do militante de esquerdas **José Castillo** e, ao día seguinte como represalia, o do deputado de dereitas **Calvo Sotelo**. O **17 de xullo de 1936**, as tropas situadas no Protectorado de Marrocos levantáronse en contra da República e o día **18** fixérano na Península. A raíz do conflito xorden doux bandos: o **bando nacional** ou os **sublevados**, formado por oficiais do exército de Terra, a Garda Civil (na súa maior parte), as masas católicas e conservadoras, pequenos e medianos terratenentes e que contaba co apoio total da Igrexa; e o **bando a favor da República**, coñecidos como os **vermellos** polas forzas sublevadas, que estaban constituídos por a Garda de Asalto, os partidos de esquerda, o proletariado; forzas moi heteroxéneas.

O golpe de Estado fracasou nas principais cidades e nas zonas industriais: Madrid, Barcelona, Valencia, Asturias, País Vasco e Cataluña e triunfou en Galicia, Meseta Norte, Aragón e Navarra. Dando lugar así a unha **Guerra Civil** de tres anos.

Rapidamente o conflito orixinou implicacións internacionais, debido ás tensións políticas existentes nese momento en toda Europa. O auxe do fascismo en Italia e Alemaña provocara unha grande preocupación en países coma Gran Bretaña e Francia. Estes últimos tentaron non conferir un carácter internacional ao conflito acordando coas potencias fascistas un **Comité de Non Intervención**. Italia e Alemaña non cumpriron o establecido e proporcionaron material bélico e voluntarios, como **Os Camisas Negras** italianos. As forzas sublevadas tamén contaron co apoio de Portugal, que enviou aos **Viriatos** (10.000 voluntarios). Alemaña xogou un papel fundamental xa que, grazas á súa axuda, os militares puideron atravesar o Estreito de Xibraltar, protexido pola Armada, afín á República e posteriormente co envío da **Lexión Cóndor** que tivo un notable protagonismo no **bombardeo de Guernica** e que serviu a Hitler de ensaio de cara aos seus plans expansionistas que logo darían lugar á II Guerra Mundial. Por outro lado, a República case non tivo apoios, excepto a Unión Soviética e, en menor medida, México. A URSS, dirixida por Stalin, mostrouse prudente inicialmente pero, coa intervención de Hitler e Mussolini, decidiu colaborar co governo da República e enviar asesores militares e armas.

Ademais, acudiron a participar na Guerra Civil as **Brigadas Internacionais**, partidas de voluntarios de ideoloxía progresista procedentes de diversos países, estimuladas pola **Internacional Comunista ou Komintern**. Participaron na defensa de Madrid e abandonaron España en outubro de 1938.

Agrarismo:

Movemento reivindicativo acontecido na España rural, en especial, en Andalucía e Galicia. No sur, as revoltas protagonizadas polos xornaleiros e influenciadas polo anarquismo, ocuparon latifundios, queimaron colleitas e atacaron a propiedade privada dos terratenentes. En Galicia, as reivindicacións tentan conseguir a redención dos foros e criticar a negativa influencia do caciquismo. Destaca Acción Galega de Basilio Álvarez.

Bienio negro:

Segunda etapa política da II República (1933-1936) estivo presidida por Lerroux co apoio parlamentario da CEDA. O seu principal obxectivo foi o desmantelamento das reformas republicanas do bienio anterior. Destacan os sucesos do 34 (Revolución de Asturias e a anulación do Estatuto de autonomía de Cataluña). A etapa remata con escándalos de corrupción que salpican ao goberno, procedéndose a unhas eleccións que gañará a Frente Popular.

CEDA:

Formación política presidida por Gil Robles e fundada en 1932. A Confederación Española de Dereitas Autónomas aglutinaba durante a II República aos monárquicos afonsinos e católicos coa intención de unir á oposición política en contra do reformismo de Azaña, sendo a forza política maioritaria de dereita. Foi disolta por Franco no Decreto de unificación de 1937.

Semana Tráxica:

Movemento popular que tivo lugar en Barcelona en xullo de 1909, en protesta polo envío de reservistas a loitar na guerra de Marrocos. Provocou unha folga xeral e unha revolta social de signo anticlerical, que foi duramente reprimida, e provocaría a caída do goberno de Maura.

Desastre de Annual:

Derrota das tropas españolas na Guerra de Marrocos a mans dos rifeños comandados por Abd-el-Krim. A batalla tivo lugar en xullo de 1921 e acentuou a crise da monarquía de Alfonso XIII, desembocando no golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera e a súa posterior ditadura.

Expediente Picasso:

Informe encargado ao xeneral Picasso para depurar as responsabilidades do Desastre de Annual. As conclusións do informe debían presentarse antes as Cortes, pero o pronunciamento de Primo de Rivera impidiuno. As súas conclusións indicaban casos graves de corrupción entre os mandos militares españoles en Marrocos, mala preparación das tropas e rumores de implicación de Afonso XIII no desastre.

Directorio Militar:

Primeira etapa da Ditadura de Primo de Rivera (1923-25), que subiu ó poder tras o golpe de estado de 1923 durante o reinado de Alfonso XIII, caracterizada por un goberno integrado exclusivamente por militares. Gobernou por decreto e restrinxiu dereitos e liberdades, reprimindo o movemento obreiro. Acadou un dos seus obxectivos principais que era poñer fin á Guerra de Marrocos.

FAI:

Federación Anarquista Ibérica xurdida en 1927 como reacción á forte represión que a dictadura de Primo de Rivera exerceu sobre o anarcosindicalismo da CNT. Esta agrupación radicaliza o discurso anarquista da CNT e a acción revolucionaria o que inclúe ataques a bancos para conseguir fondos. Durante a Guerra Civil, tivo moito protagonismo na revolución social desenvolvida na parte republicana controlada polos anarquistas.

Fronte Popular:

Coalición de esquerdas: republicanos, socialistas e comunistas. Formada en 1935 en cuxo programa político destacaba a intención de volver poñer en marcha as reformas do Bienio reformista e de conceder amnistía aos represaliados na Revolución de outubro de 1934 e na folga xeral e Cataluña. Obtén a vitoria nas eleccións de 1936, colocando a Azaña como presidente da República e sufrindo a sublevación de Franco en xullo de 1936.

Lexión Condor:

Apoio militar enviado pola Alemania nazi durante a Guerra Civil ao bando dos militares rebeldes que tivo un notable protagonismo no bombardeo de Guernica e que serviu a Hitler de ensaio de cara aos seus plans expansionistas que logo darían lugar á II Guerra Mundial. Este apoio militar traducíase no envío de asesores militares e aviación. Así se burlou a declaración de non intervención no conflito civil español.

Pacto de San Sebastián:

Realizado nesa cidade en agosto de 1930, constitúe a unión das forzas republicanas, nacionalistas e socialistas para propiciar en España un cambio de réxime, unha república, que puxera fin á monarquía dos Borbóns debido á degradación do réxime da Restauración. O comité revolucionario que propiciaría o cambio estaba presidido por Alcalá Zamora.

Brigadas Internacionais:

Unidades de voluntarios que loitaron na Guerra Civil española apoiando ao goberno republicano e á democracia, opoñéndose ó fascismo. Estaban formadas por traballadores e intelectuais de ideoloxía esquerdistas procedentes de máis de 50 países, que participaron na defensa de Madrid e abandonaron España en outubro de 1938 tras a derrota republicana na Batalla do Ebro.

Sanjurjada:

Golpe de Estado fracasado, protagonizado polo xeneral Sanjurjo en 1932, coa intención de acabar co réxime republicano. O denominado Bienio reformista, froito da coalición entre republicanos e socialistas, estaba ameazando coas súas transformacións lexislativas os intereses de grupos poderosos como a Igrexa, o sector máis conservador do exército, á patronal e os terratenentes. Sanjurjo foi detido, xulgado e encarcerado.

Unión Patriótica:

Formación política creada por Primo de Rivera en 1924, durante a súa ditadura, para crear unha organización política e social que puidera trasladar á rúa o ideario político do réxime e lexitimara a súa acción de goberno. Está inspirado no fascismo italiano. Para xustificarse no poder precisaba dunha organización civil a modo de partido político.

3^a AVALIACIÓN

BLOQUES 9-12

2º PARCIAL

SÉCULO XX

- 18. O franquismo: características e institucionalización.**
- 19. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.**
- 20. O franquismo: política económica.**
- 21. A Transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978.**
- 22. A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE.**

O resultado da Guerra Civil (1936-39) foi a consolidación do réxime ditatorial que os sublevados contra a República democrática comenzaran a construír na denominada "España nacional" dende outubro do 36. Nos seus case 40 anos de existencia, o franquismo mantívose, con escasos cambios, como unha férrea ditadura militar, moi conservadora, e católica (**nacional-catolicismo**) que mantivo sempre un carácter represivo e contou cunha forte oposición, pero que gozou tamén dun notable apoio social. As columnas vertebrais do réxime foron o **exército**, que gozou de privilexios e ocupou a miúdo as carteiras castrenses e de orde pública e a **Igrexa**, identificada co novo réxime, favorecida por Franco ao quedar nas súas mans a educación e o control relixioso-moral da sociedade. Tamén atopou apoio nas elites económica e social, as clases medias acomodáronse á ditadura e tiveron pouca relación coa política.

As institucións, asociacións ou corporacións que se levantaron contra a República tiñan diferentes concepcións do Estado e a sociedade o cal as enfrentou nunha dura pugna polo poder. Foron as coñecidas como "**familias**" do réxime. Franco aproveitou as súas rivalidades para converterse no árbitro do poder sen poñer en perigo o seu liderado. As "familias" con maior protagonismo nos sucesivos gobiernos foron os **falanzistas**, subordinados ao "Caudillo" tralo **Decreto de Unificación** de 1937 que os fusiona cos tradicionalistas carlistas, ocuparán as carteiras de ámbito social (vivenda, traballo e sindicatos) irán perdendo peso político despois do final da II Guerra Mundial e a derrota dos fascismos. **Os monárquicos** tiveron menos protagonismo. Os **tecnócratas do Opus Dei** encargáronse dos aspectos económicos.

As características más sobranceiras do réxime son:

- Un **Estado forte e centralizado** que garantise a unidade de España e unha orde social e moral baseada na doutrina da Igrexa e no ideario fascista da Falanxe, o **nacionalsindicalismo** organiza o mundo do traballo mediante unha especie de sindicalismo vertical que integraba a empresarios e traballadores, a súa composición explica o porqué do seu nome, áinda que oficialmente se denominaba **Organización Sindical Española**. Inspirado nos réximes fascistas europeos, a afiliación era obrigatoria e supuxo a desaparición dos sindicatos de clase, a promoción da familia tradicional (submisión da muller), catolicismo, propiedade privada, centralismo e orde.

- A concentración do poder en mans do xeneral Franco: o **Caudillo** reuniu na súa persoa a xefatura do Estado, do Goberno, das Forzas Armadas, do partido único e o poder lexislativo. Empregou un poder absoluto e represor, suprimindo os dereitos e liberdades e exaltando a figura do líder ao estilo fascista, para o cal se apoiou nos medios de comunicación que exaltaron e mitificaron ao "**Xeneralísimo**". Concentrou nas súas mans

un poder ilimitado do que, segundo el, só respondería “**ante Deus e ante a Historia**”. Os españois quedaron suxeitos ás leis do novo Estado que, ademais de carecer de garantías xurídicas, podían ser agravadas con discretionais **estados de excepción**.

- A defensa da proclamada verdadeira **tradición española**, asociada ao mitificado esplendor da España imperial dos séculos XVI e XVII, contra a influencia estranxeira do liberalismo, a masonería, o socialismo, o comunismo...

Impulsou un ríxido control social e ideolóxico a través da educación e a censura de prensa, cine e cultura. Tamén utilizou os medios de comunicación para exaltar a figura do Caudillo e convencer aos españois dos logros e beneficios do réxime. Para adoutrinar á poboación a **Fronte de Xuventudes** encargouse da Formación do Espírito Nacional que se estableceu como materia obligatoria e a da Educación Física. O seu obxectivo era inculcar nos nenos e mozos o amor á patria, exaltar os valores supremos: **raza, imperio e Deus** e difundir as consignas do **Movemento Nacional**, conxunto de forzas que formaron parte da sublevación do 36; e a **Sección Feminina**, brazo feminino da FET de las JONS, destinada a integrar ás mulleres desde a xuventude no ideario do réxime. Impulsou e desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais sometidas á tutela dos varóns mediante obradoiros e publicacións destinadas ó adoutrinamento feminino. Foi dirixida por Pilar Primo de Rivera. O **Sindicato de Estudantes Universitarios (SEU)** completaba as organizacións falanxistas.

O franquismo desmantelara a obra republicana e prohibira os partidos políticos e os sindicatos. Ao carecer dunha constitución iniciou a progresiva **institucionalización** do Estado coa promulgación de sucesivas **leis fundamentais**.

-Foro de traballo (1938): Regulamentaba o mundo laboral, complementado pola lei de Unión Sindical de 1940. Establecía os principios do nacionalsindicalismo.

-Lei das Cortes (1942): Creaba as novas Cortes orgánicas con función deliberante e consultiva. Sen poder lexislativo.

-Foro dos Españois (1945): Táboa de dereitos e deberes a modo de Carta Outorgada.

-Lei de Referendo Nacional (1945): Daba participación á opinión pública para sancionar as leis que decidía o xefe de Estado.

-Lei de Sucesión (1947): España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como xefe do Estado. Xoán de Borbón denunciouna no seu **Manifesto de Estoril**.

-Lei de principios do Movemento nacional (1958): Establecía os principios inmutables e permanentes do réxime: unidade de España, condición de reino católico, e unidades naturais na vida social: **familia municipio e sindicato**.

-**Lei orgánica do Estado** (1966): Compendio definitivo da democracia orgánica, síntese e actualización dos anteriores.

O sistema que xorde destas leis vai ser coñecido como “**democracia orgánica**” por oposición á democracia inorgánica ou parlamentaria. Os procuradores a Cortes eran elixidos: uns pola condición do seu cargo, outros polo sindicato e entidades locais e o resto designados polo xefe do Estado. Os procuradores do sindicalismo compoñían o **terzo sindical**, os dos concellos o **terzo municipal** e os representantes elixidos polos cabezas de familia o chamado **terzo familiar**, estes últimos a partir de 1967.

O goberno nomeaba para cada provincia **gobernadores militares e civís** que ostentaban a xefatura provincial do Movemento e controlaban e nomeaban os alcaldes dos concellos os cales á súa vez exercían de xefes locais do Movemento. A estrutura militar queda controlada co nomeamento de **capitáns xenerais**.

Tras á Guerra Civil e a chegada de Franco ao poder, foron moitos os que se mostraron contrarios ao réxime, esa oposición manifestouse en dous ámbitos: por unha parte, os **exiliados**, obrigados a abandonar o país como consecuencia da súa derrota e co fin de escapar do represivo sistema. É difícil coñecer a cifra de afectados, en calquera caso na historia de España nunca ata entón se producira un éxodo de tales proporcións nin natureza. Unha grande porcentaxe trasladábase a **Francia**, a ocupación nazi do país galo provocou que moitos dos refuxiados españoles fosen internados en campos de concentración ou devoltos á España franquista. Outros enroláronse no exército francés ou conectaron coa resistencia. **México** abriu as portas aos republicanos; cara este país e en xeral cara América Latina marcharon importantes personalidades da cultura e do sector terciario cun alto grao de cualificación. O apoio do presidente mexicano **Lázaro Cárdenas** permitiu o establecemento das **institucións republicanas no exilio**, goberno e Cortes; malia non contar co recoñecemento internacional levaron a cabo a actividade política, manifestacións públicas en medios de comunicación e na publicación de ensaios que denunciaban o réxime franquista. A **URSS** foi outro foco importante de acollida, especialmente para os afiliados ao Partido Comunista. Os partidos afectos á República viviron unha situación marcada pola falta de cohesión entre eles.

Por outra, no **interior**, atopamos aos **maquis**, guerrilleiros pertencentes a grupos ou partidos antifranquistas trasladados ao monte dende onde emprenderon a loita. A súa esperanza radicaba na previsible vitoria aliada na II Guerra mundial e nunha intervención militar contra Franco. Nese contexto introducíense en España partidas de guerrilleiros, con arredor de 7.000 efectivos, que invaden o Val de Arán (**Operación Reconquista**) intento este saldado con fracaso. A actividade guerrileira foi intensa entre 1944 e 1952 nas zonas rurais e montañosas de **Asturias**, **León**, **Sistema Ibérico**, **Andalucía** e **Galicia**. Perseguidos implacablemente pola Garda Civil que amparada pola **Lei de Represión da Bandidaxe e do Terrorismo** reprimiu ás guerrillas con dureza. En Galicia a actividade guerrileira foi moi importante, tanto polo número de guerrilleiros como pola súa pervivencia, entre eles cabe destacar os nomes de Benigno Andrade “**Foucellas**” e Xosé Castro Veiga “**Piloto**”. Os partidos políticos no exilio convencéronse da imposibilidade de derrotar a Franco con accións de guerrilla e este tipo de resistencia vai ir sendo substituída por accións noutros ámbitos.

Moito menos significativa foi a protesta dos sectores afíns á sublevación, que apoiaran a Franco durante a guerra e que non aceptaron de bo grao a unificación política **Hedilla** polos falanxistas, **Fal Conde** polos carlistas e **Gil Robles** polos antigos cedistas e monárquicos sufriron diferentes niveles de represión.

Xa **nos anos 60**, ao tempo que se liberalizaba e melloraba a situación económica, intensificábase áinda máis a oposición, que reclamaba un réxime democrático. Isto podía verse en ámbitos como as **universidades**, a partir de 1956, onde as protestas baseábanse principalmente en conseguir un sindicato de estudiantes que substituíse ao oficial (**SEU**), ao que o Goberno sempre contestou cunha negativa, deixándoo claro mediante suspensión de clases, expedientes, peche de universidades, etc. Tamén no **movemento obreiro**, que promovía folgas para obter dereitos como a redución da xornada, mellora de salarios... Disto nacen as **Comisións Obreiras** en 1962, clandestinamente, onde os seus líderes pretendían chegar aos obreiros grazas á estrutura do sindicato vertical. Aínda así, os conflitos non tardaron en producirse en lugares como Asturias ou Cataluña, sendo os líderes fortemente reprimidos. A súa vez isto fixo que a afiliación aumentase.

En 1962 prodúcese o coñecido polo réxime como **Contubernio de Múnich**, reunión da oposición ao franquismo, tanto interior como no exilio, salvo os comunistas que non foron convidados. Para consolidar internacionalmente o réxime a España franquista ía presentar a solicitude de ingreso na CEE. Os opositores reunidos nesa cidade alema e encabezados por Salvador de Madariaga fan un chamamento internacional para que as institucións europeas veten dito ingreso, xa que en España non había democracia.

Podemos destacar o **PCE**, que mantivo unha forte oposición tanto a nivel externo como no interior na clandestinidade e o **PSOE**. Incluso a **Igrexa**, mostrouse oposta tras os cambios do **Concilio do Vaticano II**, facendo así un documento firmado por 339 sacerdotes denunciando malos tratos e falta de liberdades. Finalmente, a oposición política, que foi en aumento sobre todo **nos anos 70**. Exemplo disto é o aumento do **terrorismo**, que nun principio contou coa simpatía da oposición tanto a nivel interior como exterior. En 1959 fundouse **ETA**, forma radicalizada do nacionalismo vasco. Nun intento de mellorar a imaxe española de cara ao exterior o franquismo creou o **Tribunal de Orde Pública** en 1963, encargado de xulgar delitos político e contrarios ao réxime e que diminuía a actuación dos Tribunais Militares.

Tras a prosperidade económica dos anos 60 (freada pola crise de 1973), a sociedade española mudou, o que fixo xurdir unha ansia xeral de cambio e de maiores liberdades. Xorden diferenzas nas filas franquistas entre os sectores más conservadores “**búnker**” e aqueles que estaban a favor dunha pequena apertura “**aperturistas**”. Ademais, o estado de saúde do ditador e as crecentes dificultades políticas e económicas anunciaban a fin do réxime.

O deterioro físico de Franco obrigoulle a designar a **Carrero Blanco** (militar e home da súa máxima confianza, representante do sector “búnker”) como presidente de Goberno e a **Arias Navarro** como ministro de Gobernación. Pouco tempo despois, Carrero Blanco falece nun atentado de ETA (**Operación Ogro**), afectando emocionalmente a Franco e privando ao réxime da persoa que podería dar continuidade ao Movemento despois do ditador. Carrero foi substituído por Arias Navarro, quen anuncia unha serie de reformas

coñecidas como o **espírito do 12 de febreiro**: maior liberdade de prensa, elección de alcaldes, creación de asociacións políticas, reforma da lei sindical, etc.

Nesta etapa incrementáronse as forzas da oposición, tanto no interior de España como no exterior. No interior destacan: o grupo **Tácito** (serie de políticos e intelectuais que pretenderon unha transformación do réxime a posicións más democráticas desde dentro do sistema), o aumento das críticas e o distanciamento por parte da Igrexa (salienta o caso do bispo de Bilbao que defenderá o uso do euskera nas igrexas), a **Unión Militar Democrática** (un sector do exército que defendía que a institución militar non debía ser un obstáculo para a democracia), as numerosas folgas e protestas de obreiros, universitarios e entidades veciñais e os atentados terroristas levados a cabo por organizacións como **ETA**, **FRAP** (5 membros destes dous grupos foron os últimos executados do franquismo) e **GRAPO**.

No exterior, distintos partidos e organizacións antifranquistas iniciaron un proceso de unidade para restablecer a democracia; en Francia: no ano 1974, créase a **Xunta Democrática** por iniciativa de **Santiago Carrillo** (líder do PCE) para liderar a oposición ao franquismo e o PSOE resolve a crise entre os afiliados do interior e os do exilio no **Congreso de Suresnes**, elixindo a Felipe González como secretario xeral. O PSOE impulsa a **Plataforma Democrática** para aglutinar aos grupos políticos próximos a súa órbita ideolóxica. Os contactos entre ambos partidos deron lugar á formación da **Plataxunta** en 1975.

A economía española durante a época do franquismo pódese dividir en dúas etapas. A primeira etapa é a **autarquía** caracterizada por unha buscada autosuficiencia económica, propia do ideario fascista, e un obrigado illamento internacional que comeza no momento en que os sublevados militares gañan a Guerra Civil. A segunda etapa parte do ano 1959 cando se aproba o **Plan de Estabilización Nacional** e España abre a súa economía ao exterior e comezan a chegar os investimentos estranxeiros atraídos pola man de obra abundante e barata.

O período de autarquía, marcado polo intervencionismo estatal, tiña como obxectivo lograr a autosuficiencia económica para non depender economicamente do exterior, impulsando a producción interior e dificultando as importacións mediante a imposición de elevados aranceis. Na **agricultura** descendeu a producción debido a escaseza de abonos e á baixa produtividade o que se traduci en problemas no abastecemento de alimentos, obligando ao Estado ao establecemento dunha cartilla de racionamento. Para lograr incrementar a producción agraria tomáronse medidas como a explotación de novas terras coa creación do **Instituto Nacional de Colonización** dependente do Ministerio de Agricultura, organizaba o asentamento dos campesiños en terras novas de regadío. En 1952 aprobouse a **Lei de Concentración Parcelaria** para evitar o minifundismo e facer más rendibles estas explotacións. A pesar da propaganda oficial que se fixo destas medidas, estas non lograron ningún tipo de éxito. Na década de 1950 iniciáronse **plans integrais** que melloraron a situación rural e agrícola co desenvolvemento de regadíos, construción de vivendas e a extensión da rede eléctrica. Destacou o de **Badaxoz** en 1952.

No **ámbito industrial** seguiuse a política intervencionista coa creación do **Instituto Nacional de Industria INI** (1941) para o control da producción dos sectores industriais básicos cuxo maior inversor e promotor era o Estado. Aínda evitando o contacto económico co exterior a dependencia tecnolóxica e enerxética do estranxeiro provocou que non se cumprisen os obxectivos marcados.

No **transporte** destacou a nacionalización da rede de ferrocarrís de vía ancha e a creación en 1941 de **RENFE**, esta foi incapaz de reconstruír con rapidez a rede e recuperar os niveis de actividade da preguerra. As **transaccións comerciais** estaban fortemente intervidas polo Estado e o comercio exterior organizábase a través dun sistema de licenzas e acordos bilaterais mentres que o comercio interior estaba regulamentado pola **Comisaría de Abastecementos e Transportes** desde 1939.

O período da autarquía estivo caracterizado, sobre todo nos primeiros anos, pola escaseza de alimentos que provocou que se recorrese a unha economía de subsistencia,

foron os “**malogrados anos corenta**” nos que o réxime para mitigar a fame empregou o **Auxilio Social**, institución de caridade controlada por Falanxe. O desabastecemento propiciou o **mercado negro** ou o **estrapero** no que se podían atopar, burlando o racionamento, abundantes produtos a prezos moi altos para unha poboación empobrecida e con salarios moi baixos. Esta práctica favoreceu a usura, o amiguismo e o enriquecemento do contorno do réxime.

A partir dos anos cincuenta iniciouse a **recuperación económica** que se produciu grazas a dous factores; o primeiro foron as **boas colleitas** dos primeiros anos da década que permitiron recuperar taxas de producción anteriores á guerra e ter excedentes agrícolas, o cal permitiu a supresión da **carta de racionamento do pan** en 1952. O segundo foi a importante cantidade de divisas, materias primas, fontes de enerxía e bens de equipo proporcionada trala sinatura do **acordo hispano-norteamericano** de 1953 con EEUU. Ademais, a poboación española experimentou nos anos 50 un crecemento demográfico importante que permitiu dispoñer de man de obra abundante. Estes feitos traducíronse nun aumento do nivel das rendas e nun impulso ao proceso industrializador do que foi un exemplo a fundación da **SEAT**, vinculada á **FIAT** italiana. A entrada dalgúns técnicos no goberno en 1957 anuncian un cambio de etapa.

As firmas do **Concordato coa Santa Sede**, os **pactos con Estados Unidos**, o **ingreso na ONU** e outros organismos internacionais fortaleceron ao réxime. En 1959 aprobase un **plano de Estabilización** que foi un programa de reformas realizado por un equipo de ministros e de altos cargos técnicos membros do **Opus Dei**. O seu obxectivo era establecer un modelo baseado na liberdade económica máis acorde coa economía capitalista occidental. Esta baseábase na flexibilidade de prezos e salarios, determinados polo mercado e non polo Estado, unha política monetaria que obrigaba a establecer a paridade da peseta respecto das divisas internacionais e a liberalización dos intercambios comerciais. No sector público, o Goberno comprométase axustar os gastos aos ingresos, reducir a inflación e mellorar o rendemento do sistema fiscal. O éxito máis destacable do Plano de Estabilización foi sentar as bases para iniciar o **forte crecemento da década dos anos 60**, así como o abandono definitivo do modelo autárquico. Cabe destacar que durante este segundo período, aínda que se produciu un desenvolvemento económico en España, o mercado interior non foi capaz de absorber a man de obra excedente polo que nesta década se produciu un gran **incremento da emigración** tanto do rural ás cidades como cara ao exterior, especialmente aos países europeos.

Entre 1960 e 1973 España viviu a fase do “**desarrollismo**” e un optimismo económico que o réxime aproveitou para celebrar os **25 Anos de Paz** en 1964, a propaganda presentaba a Franco como exemplo de bo político e ao seu réxime como garante dun futuro próspero, ordenado e pacífico. Puxéronse en marcha tres **plans de desenvolvemento económico e social** con marcado carácter industrial. O seu obxectivo era superar as deficiencias estruturais en xeral e favorecer as zonas menos industrializadas a través dos **polos de desenvolvemento** (impulsar a actividade económica en lugares concretos e a súa área de influencia). Os recursos investíronse nas

zonas máis rendibles do País Vasco, Valencia, Madrid e Cataluña, adecuándose con frecuencia aos intereses dos grupos políticos e económicos más influentes. Potencióuse tamén a **producción hidroeléctrica** mediante a construcción de encoros, a inauguración dos mesmos por Franco formaba parte habitual das noticias de prensa e sobre todo do **NODO**, o noticiario cinematográfico de obrigada exhibición nas pantallas españolas.

O crecemento económico non tivo en conta o impacto ambiental nin unha axeitada política urbanística polo que o desenvolvemento do **turismo**, unha das maiores fontes de ingresos de España, que foi conxuntamente coa construcción un dos motores da engalaxe económica, transformou dun xeito notable o litoral mediterráneo. O diñeiro que reportou esta actividade, xunto co que enviaban os **emigrantes** contribuíron a reducir o déficit comercial.

Todo este “desarrollismo” finaliza coa **crise económica do 73**, cando se produce a suba dos prezos do petróleo, que en España se traduce en inflación e conflitividade laboral, deixando un legado de difícil xestión para a etapa política da Transición.

Os últimos anos do franquismo foron moi axitados. A prosperidade económica non xerou unha maior adhesión ao réxime, polo contrario fixo xurdir unha arela xeral de cambio e de maiores liberdades. O franquismo sufriu no seu epílogo **enfrontamentos internos** e divisións entre o sector máis conservador e aqueles que pretendían unha moderada apertura.

Cando en 1968 se abriu a posibilidade de crear asociacións que permitisen certo pluralismo político dentro do propio réxime, os **aperturistas** como **Fraga Iribarne** mostráronse a favor porque consideraban que era necesario adaptarse á realidade social. Mentre os inmobilistas, chamados o **búnker**, pretendían manter intacto o réxime nacido da Guerra Civil. En 1973 un Franco xa moi ancián, vai separar por primeira vez a xefatura do goberno e a do Estado, nomeando a **Carrero Blanco** presidente do goberno. Este almirante, sempre achegado ao ditador, representaba a liña dura do franquismo e a posibilidade do mesmo sen Franco. Poucos meses despois de acceder ao cargo Carrero falece vítima dun atentado de **ETA**. A súa morte acelera a crise do réxime e aumenta as tensións entre as diversas “familias” sobre o futuro do franquismo.

O nomeamento de **Arias Navarro** como novo presidente do goberno suscitou certas expectativas de cambio que os medios de comunicación recolleron como o “**espírito do 12 de febreiro**”. As esperanzas frustráronse axiña co cesamento dalgún ministro aperturista, a dimisión doutros e o aliñamento de Arias cos sectores más conservadores.

Finalmente, o ditador falece en novembro de 1975, deixando a presidencia en mans de Arias Navarro e a xefatura de Estado a **Juan Carlos de Borbón**, quen foi nomeado rei e capitán xeneral dos tres exércitos e iniciou os trámites legais para configurar a España como Estado Social e Democrático de Dereito nun proceso coñecido como **Transición Democrática** (1975-1978). O inmobilismo do goberno de Arias favoreceu a conflitividade social e a confrontación política no interior, ademais tamén xurdiu un problema no exterior, na colonia do Sahara. As riquezas do territorio (especialmente fosfatos) atraen o interese dos veciños Marrocos e Mauritania. Aproveitando a feble posición internacional de España e os seus problemas internos Marrocos invade pacificamente en outubro de 1975 un territorio que considera propio, foi a “**Marcha Verde**”, na que uns 200.000 marroquíes desarmados se adentran no Sahara. Finalmente se acada un acordo polo cal o territorio vai acabar en mas de Marrocos sen ter en conta a opinión dos saharauís.

Arias renuncia en 1976 e vai ser substituído por **Adolfo Suárez**. O novo presidente tratou de atraer á oposición democrática, artellada na **Plataxunta**, neutralizar aos sectores más intrasixentes e gañar á opinión pública. As reformas desde a legalidade franquista

avanzaban entre fortes tensións, diferenzas e accordos. Para conseguir progresos era necesario desmontar a estrutura do réxime franquista e acabar coas súas institucións.

Suárez presenta a **Lei para a Reforma Política** ás Cortes co dobre fin de que, unha vez aprobada, estas quedasen disoltas. Mentre se elaboraba dita lei o goberno mantivo contactos co exército, a Igrexa, a oposición e, especialmente, cos procuradores a Cortes que debían sancionala. Esta lei permitía a **ruptura pactada** do sistema.

A aprobación por parte das Cortes franquistas (coñecidas como as **Cortes haraquiri**) da Lei de Reforma Política, en novembro de 1976, ratificada en referendum o 15 de decembro de 1976, poña as bases para a legalización dos partidos políticos e abría a porta á democracia.

Despois dun violento mes de xaneiro do 77 onde houbo secuestros do **GRAPO** e a **matanza dos avogados laboralistas** a mans da ultradereita, e tras a legalización do PCE na Semana Santa de 1977 contra o parecer da cúpula militar, Adolfo Suárez convocou eleccións a **Cortes Constituíntes** para o 15 de xuño. Estas eleccións serían as primeiras dende a Segunda República. Concorreron a estes comicios numerosas formacións, Os resultados clarificaron o panorama político e a “**sopa de siglas**” (presentáronse moitísimas candidaturas), saíron reforzados os grandes partidos e gañou a moderación e o centro. A vitoria foi para a Unión de Centro Democrático (**UCD**), formación política creada por Adolfo Suárez, que obtivo unha maioría relativa de escanos; o **PSOE** foi a segunda forza más votada; o **PCE** ocupou o terceiro lugar a grande distancia das dúas primeiras forzas, lonxe do seu obxectivo de converterse na forza hexemónica da esquerda; a Alianza Popular de Manuel Fraga (**AP**) foi cuarta e as forzas nacionalistas de Cataluña e País Vasco tamén obtiveron representación. Os partidos políticos extremistas quedaron fóra do hemiciclo. A poboación española votaba moderación e consenso e rexeitaba aquelas formacións que lembraban ao conflito da Guerra Civil.

O primeiro problema que debeu afrontar o goberno da UCD foi a grave crise económica. O encarecemento do petróleo en 1973 provocara unha gran recesión mundial que afectou a España con enorme forza. Para abordar a situación chégase aos Pactos da Moncloa, acordos asinados en outubro de 1977 polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais) no que se comprometían a establecer unha estratexia común para lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para abordar a crise que se viña arrastrando dende 1973. Transmisiuse á sociedade unha imaxe de diálogo por riba das diferenzas políticas.

En agosto do 77 quedou constituída unha comisión redactora do borrador do texto constitucional para sometelo despois a un proceso de emendas e melloras que duraría ata outubro do 78 en que foi aprobada polas Cortes e o **6 de decembro de 1978, aprobada en referendo** pola cidadanía. Inspirada en anteriores constitucións españolas (1876 e 1931) e textos do estranxeiro, progresista e democrática e cunha estrutura

dogmática, no que se refire aos principios, e unha parte orgánica no que se refire á organización do Estado.

A constitución española de 1978 recoñece a **soberanía popular** baixo un réxime de **monarquía parlamentaria** e establece que España é un Estado social e democrático de dereito. O rei reina, pero non goberna. Con todo ten a atribución de ser o xefe das forzas armadas. España defíñese como un Estado unitario, pero descentralizado administrativamente en **autonomías**, recuperando a solución territorial habilitada na Segunda República. De feito, Cataluña, País Vasco e Galicia son tratadas como **nacionalidades históricas** polo que poden chegar aos estatutos de autonomía pola vía rápida do artigo 151 en lugar do 143 que afectará a todas as demais. Cada autonomía terá un parlamento propio, un goberno e un Tribunal Superior de Xustiza.

Esta constitución recolle que España é un **Estado aconfesional**, se ben recoñece que a relixión católica é a maioritaria do pobo español polo que terá unha consideración especial. Recolle os dereitos e deberes da cidadanía e o funcionamento das institucións do Estado. Recolle os dereitos sociais: dereitos de folga, de asociación, de liberdade de prensa, pluralidade política e sindical.

Volve contemplar dúas cámaras nas Cortes. O **Congreso dos Deputados**, 350 deputados elixidos por sufraxio universal directo, en listas pechadas polos partidos, baixo o sistema D'Hont e de representación proporcional, e o **Senado**, elixido por un sistema de listas abertas e representación maioritaria. O Congreso exerce unha función de control sobre o goberno, dá a súa confianza ao mesmo e discute e elabora os proxectos de lei que unha vez aprobados deben pasar pola súa ratificación ou devolución no Senado. Este, a súa vez ten unha atribución de cámara para tratar os asuntos de tipo territorial que nunca foi ben densenvolvida.

O feito de que esta constitución estea redactada de forma intencionadamente **ambigüa** permite e posibilita distintas interpretacións. Para algúns constitúe un inconveniente porque produce inseuridade; para outros é a súa principal virtude xa que permite gobernar a dereita e esquerda sen necesidade de modificala, afastando así a práctica histórica de que cada ideoloxía triunfante tivese que elaborar un novo texto á súa medida. De feito está considerada como **ríxida** porque o procedemento de reforma que establece esixe unha votación favorable dos 3/5 de ambas cámaras e a ratificación popular en referendo.

A **UCD**, logrou gañar dúas convocatorias electorais, a de 1977 e a de 1979, pero en ningunha obtivo a maioría absoluta. Esta formación era un partido moi **heteroxéneo**, resultado da confluencia de individualidades políticas procedentes do antigo franquismo, **democristianos, liberais e incluso da socialdemocracia**. Os primeiros anos da Transición foron moi duros por varios factores: a crise económica do 73, sentida en España dun xeito máis tardío, xerou taxas de inflación altas e un paro crecente que provocou un enorme malestar social con numerosas folgas. A gravidade da situación motivou a sinatura dos **Pactos da Moncloa**, un acordo global entre sindicatos, partido do governo e partidos da oposición para evitar o descarrilamento dos pasos dados de cara a normalización política en España. Por outro lado, estaba a actividade da banda terrorista **ETA** que neses anos comete numerosos atentados (**os anos de chumbo**) sobre membros das forzas armadas. A pesar da recentemente estreada autonomía vasca, as accións terroristas foron a máis creando un profundo malestar entre o exército e os sectores inmobiliarios da sociedade española. Cada funeral polos asasinados era unha ocasión da **ultradereita** de manifestarse en contra do governo. O proceso autonómico era visto neses sectores ultra como unha provocación contra a unidade de España. Isto viña a engadirse á desconfianza que o **exército** tiña sobre Adolfo Suárez dende a legalización do PCE e á aprobación de medidas como a **Lei do divorcio** que enconou os ánimos da xerarquía da **Igrexa católica** e os sectores más conservadores da UCD.

Neste ambiente de construcción dunha democracia, Adolfo Suárez viuse acosado tanto pola esquerda (PSOE) que chega a sometelo a unha **moción de censura** en 1980, e pola dereita (AP), de xeito que a súa supervivencia política estaba moi complicada, máxime se o seu propio partido comeza a darrle as costas de xeito que como formación acabou por implosionar nun ambiente político no que había rumores de **golpe de Estado**.

Esta situación política extrema obrigou a Adolfo Suárez a presentar a súa **dimisión** ante o rei en xaneiro de 1981. O **23 de febreiro**, mentres se estaba producindo a votación no Congreso de Deputados para investir presidente do governo a **Leopoldo Calvo Sotelo**, tamén da UCD, un grupo de gardas civís ao mando do **tenente coronel Tejero** ocupan a cámara á espera que un mando de maior rango pase a encabezar o golpe de Estado. En paralelo, en Valencia, **Miláns del Bosch** saca os tanques ás rúas e impón o toque de queda. Segundo os golpistas o rei está informado de todo, dando a entender a súa complicidá no golpe, pero finalmente fracasa pola **intervención pública do monarca** no que declara a súa adhesión á democracia e condena a acción dos militares golpistas. Esta intervención televisada impediu a incorporación de novas unidades ao golpe e obrigou aos golpistas a entregarse. Ese día confluíron dúas tramas, unha a protagonizada por Tejero, xa condenado anteriormente por outra intentona en decembro do 78 (**Operación Galaxia**),

vencellado a sectores inmobiliistas do búnker franquista, e a outra na que estaba implicado o **xeneral Armada** da que sairía un goberno de concentración nacional. As manifestacións na rúa ao día seguinte respaldando a democracia por parte da sociedade española e a posterior vitoria do PSOE en outubro do 82 afastaron as tentacións golpistas dese sector más conservador do exército.

A presidencia de **Calvo Sotelo** vai durar pouco máis de un ano durante o cal se levaron a cabo accións que terán importantes repercusións no futuro. En canto á actividade lexislativa aprobase a **Lei do divorcio** coa oposición dalgúns sectores da propia UCD, a **Lei do Defensor do Pobo...** A medida más polémica foi a **integración de España na OTAN**. A oposición de esquerda, especialmente o PSOE, vai utilizar este feito como eixe central da súa campaña de acoso ao goberno. Ante as múltiples dificultades Calvo Sotelo convoca eleccións nas que o PSOE obtén a maioría absoluta e a UCD praticamente desaparece.

A vitoria por maioría absoluta do PSOE, en outubro do 82, permitiu aos socialistas volver ao goberno do país, feito que non ocorría dende a Segunda República. Este PSOE estaba liderado por **Felipe González**, quen asumió a Presidencia do Goberno e por **Alfonso Guerra**, ambos sevillanos e que en anos anteriores conseguiran unha renovación da cúpula dirixente do partido e a aceptación da renuncia do marxismo en favor das posturas socialdemócratas, en sintonía con outros partidos socialistas de Europa. Abandonar o marxismo permitiu ao PSOE vencer nas eleccións do 82 aproveitándose da desintegración da UCD e espertando unha vaga de entusiasmo e de cambio político en España.

Unha vez no poder os socialistas tiveron que enfrentarse aos problemas herdados da etapa anterior e poñer en marcha un programa modernizador e reestruturador do país. En economía puxeron en marcha unha **reconversión industrial** que afectou fundamentalmente aos sectores maduros da industria: naval e siderúrxica. Esta medida poña fin aos anos de investimento do Estado na economía, avanzaba na idea dunha flexibilidade laboral e produtiva á par que unha modernización tecnolóxica necesaria para adaptarse ás necesidades do mercado. As rexións más afectadas foron as do norte de España onde houbo unha forte **contestación social**. Outra medida era a **modernización e renovación do exército** para afastar a pantasma do golpismo. O PSOE que no ano no que a UCD meteu a España na estrutura militar da **OTAN** manifestou a súa oposición, agora estaba a favor de manter a España dentro da organización militar. No referendo de 1986 o goberno socialista apoia o si á permanencia.

Outras medidas salientables tomadas nesta etapa son a **reforma educativa e universitaria**, a **aprobación da lei do aborto** e o deseño dunha política exterior cuns piáres básicos: a relación con Europa, extremar unha boa veciñanza con Portugal e Marrocos, fortalecer os lazos con Latinoamérica e manter moi boas relacións con USA así como reclamar a devolución de Xibraltar. A entrada na **CEE** (Comunidade Económica Europea) faise efectiva o 1 de xaneiro de 1986, España comeza a formar parte desta

organización económica o que impulsou o proceso de europeización, a consolidación da democracia, unha oportunidade de modernizar o sistema produtivo español para adaptarse a un entorno de elevada competitividade e a chegada de **axudas europeas para modernizar as infraestruturas viarias**. Nese mesmo ano 1986 entra en vigor o Imposto sobre o Valor Engadido (**IVE**) que equiparaba a tributación española á da **CEE**. Cos socialistas prodúcese unha posta en marcha do **Estado de Benestar** e un impulso do Estado das autonomías co seu proceso de transferencias de competencias do Estado central ás Comunidades Autónomas.

Os socialistas venceron por maioría absoluta as eleccións do ano 82 e 86, e praticamente nas do 89 (175 deputados cando son 176 os que dan esa maioría absoluta) debendo chegar a **acordos cos nacionalistas cataláns e vascos** nas do ano 93. Neste tempo o país camiñou por unha senda de crecemento económico que tivo o seu momento culminante no ano 92 cando se celebrou a **olimpíada de Barcelona** e a **Expo de Sevilla**. España aparecía ante o mundo como un país moderno e cunha democracia consolidada. O triunfo en catro eleccións xerais consecutivas permitíralle ao PSOE e ao seu líder **Felipe González** gobernar 14 anos.

Despois dos fastos do 92 comezou un período de crise económica que unido ao descrédito do PSOE en **casos de corrupción** por financiación ilegal (caso **Filesa**), práctica de terrorismo de Estado contra ETA (**os GAL**), apropiación indebida dos fondos reservados para a loita contra o terrorismo por parte de altos cargos do Ministerio de Interior (**caso Roldán**) levaron á súa derrota electoral no ano 96 a mans do Partido Popular de **José María Aznar**.

BLOQUES 9-12**SÉCULO XX****Contubernio de Munic:**

Reunión en 1962 da oposición interior e no exilio ao franquismo, salvo os comunistas que non foron convidados. A España franquista para consolidar internacionalmente o réxime ía presentar a súa solicitude para entrar na CEE. Os opositores reunidos en Munic e encabezados por Salvador de Madariaga fixeron un chamamento internacional para que as institucións europeas vetasen ese ingreso xa que en España non había democracia.

FET de las JONS:

Agrupación política española formada pola unión, de Falanxe Española (FE) e as Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (JONS). Rexeitan a Constitución republicana, a existencia de partidos, o capitalismo e o marxismo. Propugnaba a instauración dun Estado nacional-sindicalista e unha sólida estrutura militar capaz dunha expansión imperialista. Apoiaron a sublevación militar de 1936. Franco unificaraa coa Comunión Tradicionalista configurando un único partido.

Lei para a reforma política:

Instrumento legal para articular a Transición dende as institucións da ditadura a unhas novas institucións democráticas. Foi elaborada por Torcuato Fernández de Miranda (presidente das últimas Cortes da ditadura) co respaldo da Coroa e de Adolfo Suárez. Votada en Cortes e sometida a referéndum en 1976 serviu para facilitar a transición cara a democracia sen ruptura.

Nacional-catolicismo:

O réxime de Franco foi apoiado por diversos grupos sociais e forzas políticas: carlistas, falanxistas, tradicionalistas, monárquicos, militares, a Igrexa, A defensa da unidade inquebrantable da nación e a negación e persecución dos nacionalismos periféricos foi un dos eixes da súa política; o outro foi a implantación dun Estado confesional católico, como reacción ao laicismo republicano que consagra á Igrexa como un dos piares básicos do réxime.

Sección Feminina:

Rama feminina da FET de las JONS, destinada a integrar ás mulleres, desde a xuventude no ideario do réxime. Impulsou e desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais, sometidas á tutela dos varóns mediante obradoiros e publicacións destinadas ao adoutrinamento feminino. Dirixida por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador de falanxe, funcionou dende 1934 ata 1977 cando foi disolta xa na Transición.

Sindicato vertical:

Sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe, integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo. A súa composición explica o porqué do seu nome, aínda que oficialmente se denominaba Organización Sindical Española. Inspirado nos réximes fascistas europeos, a afiliación era obligatoria e supuxo a desaparición dos sindicatos de clase. Disolveuse na Transición durante o goberno de Suárez.

Plataxunta:

Tamén denominada Coordinación Democrática. Coalición da oposición ó franquismo formada pola Xunta Democrática, impulsada polo PCE, e a Plataforma de Converxencia Democrática, formada polo PSOE e os democristiáns. No seu manifesto fundacional, en marzo de 1976, reclamaba amnistía, liberdade política e o inicio dun período constituinte.

Pactos da Moncloa:

Acordos asinados en outubro de 1977 polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais) no que se comprometían a establecer unha estratexia común para lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflitividade social e a adopción de medidas para abordar a crise que se viña arrastrando dende 1973.

Plan de Estabilización:

Programa de reformas económicas realizado por un equipo de ministros e altos cargos técnicos (tecnócratas, sobre todo do Opus Dei) en 1959 co obxectivo de abandonar o modelo autárquico intervencionista da primeira etapa do franquismo cara un modelo liberalizador que sentara as bases da nova etapa, coñecida como “desarrollismo” económico, que abrise as portas ó investimento estranxeiro.

UCD:

Unión de Centro Democrático, formación política que crea Adolfo Suárez para concorrer ás primeiras eleccións democráticas en España dende a II República en xuño de 1977. Esta formación congrega a diferentes personalidades políticas que impulsaron o reformismo político dende o franquismo. Gañou as eleccións do 77 e 79, pero viuse sometido a un desgaste enorme polas dificultades do tránsito da ditadura á democracia e desapareceu en 1983.